CAPÍTULO CATRO.

calidade de vida e benestar social

CATRO UN.

CATRO DOUS. saúde

CATRO TRES. indicadores de benestar social

CATRO CATRO. medio ambiente e desenvolvemento sostible

CATRO CINCO. cultura

CATRO SEIS.

CATRODOUS. saúde

Con data 24 de abril de 2012, o BOE publicou o Real Decreo-Lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostenibilidade do Sistema Nacional de Saúde, e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

O Real Decreto-Lei 16/2012 supón unha profunda modificación do marco legal sanitario, a través da modificación, entre outras, da Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, da Lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, da Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, ou, entre outras normas, da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Esta profunda modificación estrutural do marco sanitario xustifícase no Real Decreto-Lei 16/2012 pola grave situación de dificultade económica á que, as disparidades interterritoriais e a falla de adecuación á realidade socieconómica, levaron ao Sistema Nacional de Saúde.

Así, entre os obxectivos a acadar coa reforma sanitaria estarían:

- Intento de acadar un uso racional e unha adecuación terapéutica á duración real dos tratamentos.
- Necesidade de regular a condición de asegurado.
- Intento de seguir garantindo aos cidadáns unha asistencia sanitaria pública, gratuíta e universal.
- Necesidade de introducir unha categorización da carteira de servizos do SNS, homoxeneizando os servizos de saúde.
- Austeridade no gastos público, a través, entre outras, de medidas relacionadas coa prestación farmacéutica
- Medidas destinadas a corrixir determinadas situacións estruturais en relación cos recursos humanos.

A continuación expóñense os principais aspectos da reforma.

1.- Modificacións operadas en canto á cohesión e calidade do SNS.

1.1.- Definición e regulación da condición de asegurado: Terá a condición de asegurado aquelas persoas que se atopen en algún dos seguintes supostos:

a) Ser traballador por conta allea ou por conta propia, afiliado á SS e en situación de alta ou asimilada á de alta.
b) Ostentar a condición de pensionista do sistema da SS.
c) Ser perceptor de calquera outra prestación periódica da SS, incluídas a prestación e o subsidio por desemprego.
d) Ter rematada a prestación ou o subsidio por desemprego e figurar inscrito na oficina correspondente como demandante de emprego, non acreditando a condición de asegurado por calquera outro título.

Como situacións especiais prestarase asistencia sanitaria a aqueles estranxeiros non rexistrados nin autorizados como residentes en España, en casos de urxencia por enfermidade grave ou accidente e en casos de asistencia ao embarazo, parto e postparto. Aos estranxeiros menores de 18 años, prestaráselle igual asistencia que a os españois.

1.2.- Regulación detallada da carteira común básica de servizos asistenciais, suplementaria, de servizos accesorios e de servizos complementarios das comunidades autónomas.

1.3.- Creación dun Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios

2.- Creación e regulación dun Fondo de Garantía Asistencial.

O obxecto é garantir a cohesión e equidade no SNS, mediante a cobertura dos desprazamentos entre comunidades autónomas de persoas que gozan da condición de asegurado no SNS. Este fondo estará destinado á compensación entre as comunidades autónomas, polas actuacións que os seus servizos de saúde realicen no marco da aplicación da carteira común básica de servizos asistenciais e da suplementaria, nos seus desprazamentos temporais.

3.- Modificacións operadas en canto ás garantías e ao uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

3.1.- Prescrición de medicamentos e produtos sanitarios. A prescrición para procesos agudos ou crónicos, farase, de forma xeral, por principio activo.

3.2.- Será o Goberno do Estado o que estableza os criterios e procedementos para a fixación de prezos de medicamentos e produtos sanitarios financiables polo SNS.

3.3.- Aporte dos beneficiarios na prestación farmacéutica ambulatoria. O aporte do usuario será proporcional ao nivel de renda, establecéndose uns topes máximos á aportación, existindo, así mesmo, usuarios e beneficiarios exentos de aportación.

As modificacións e recortes de servizos e orzamentos no ámbito sanitario afectan en maior medida á poboación con maiores necesidades asistenciais. Neste senso, a evolución da poboación galega, con tendencia ao estancamento e envellecemento, condiciona, de xeito fundamental, a evolución das necesidades futuras de prestacións sanitarias. No que respecta á estrutura poboacional en Galicia, en primeiro lugar, cómpre salientar que o 22,9% da poboación galega a un de xaneiro de 2012 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 17,4%. Este maior peso relativo, **cadro**

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2011-12

	2011		2012	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.795.422	47.190.493	2.781.498	47.265.321
menor de 16 anos	345.355	7.446.863	347.361	7.494.016
menor de 20 anos	440.015	9.282.082	438.234	9.290.273
entre 16 e 64 anos	1.820.590	31.650.073	1.798.258	31.549.109
65 e máis anos	629.477	8.093.557	635.879	8.222.196
85 e máis anos	93.599	1.097.711	96.686	1.154.085
Índices (1)				
vellez	22,5	17,2	22,9	17,4
envellecemento	143,1	87,2	145,1	88,5
sobreenvellecemento	14,9	13,6	15,2	14,0
dependencia xeral	53,5	49,1	54,7	49,8
dependencia xuvenil	24,2	29,3	24,4	29,4
dependencia senil	34,6	25,6	35,4	26,1
de recambio	54,9	92,0	54,6	91,1

(1) índice de vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;
índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;
índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;
índice de dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos)
índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
índice de recambio: entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos, mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubila

Fonte: *IGE* e *INE*

■ 4.2.1.

4.2.1., implica uns índices de vellez, envellecemento e sobreenvellecemento superiores á media española.

O maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (35,4% fronte ao 26,1% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase cinco puntos por baixo (24,4% en Galicia e 29,4% en España). O envellecemento da poboación galega afecta directamente ao gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

O Plan Estratéxio de Galicia 2010-2014, horizonte 2020, ten por obxectivo global incrementar o benestar e calidade de vida dos cidadáns, tratándose de acadar dito obxectivo pola interrelación e efectos directos de cinco eixes de actuación. O Eixe 1 é acadar cohesión social, benestar e calidade de vida; dentro deste eixe 1, o segundo obxectivo estratéxico é o de *"Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas".* Este obxectivo estratéxico representa o 54,3% do orzamento do Eixe 1 no ano 2012, e o 38,9% do PEG 2020. Este obxectivo estratéxico desenvólvese a través de proxectos encadrados en cinco **programas** de gasto.

411A: Dirección e servizos xerais de sanidade: 55.455.425 euros
412A: Atención especializada: 2.091.682.678 euros
412B: Atención primaria: 1.248.897.248 euros
413A:Protección e promoción da saúde pública: 68.557.843 euros
414A: Formación de graduados e postgraduados: 47.093.774 euros.

No Plan de Prioridades sanitarias 2011-2014 identifícanse os problemas de saúde que se priorizan, incluíndo áreas nas que se precisan melloras organizativas ou de recursos. Este Plan forma un todo coa "Estratexia Sergas 2014", de forma que os

Produción de bens públicos de carácter social 2011-12

	2011	2012	12/11
	(en miles de €)		*(%)*
Total	5.880.806	5.834.448	-0,8
Sanidade	3.367.671	3.354.355	-0,4
Educación	2.222.466	2.210.204	-0,6
Cultura	82.091	80.975	-1,4
Deportes	22.755	21.412	-5,9
Vivenda	72.012	55.906	-22,4
Outros servizos comunitarios e sociais	113.811	111.596	-1,9

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.2.2.

seus principais obxectivos son comúns, sendo os **obxectivos** priorizados os seguintes:

O1.- Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos como os Programas de cribado (cancro de mama, cancro de colon...), os Programas de Vacinación Infantil e de adultos, Modernización de infraestruturas ou garantir a atención urxentes e emerxente na Comunidade Autónoma.

O2.- Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos, e coa redución dos tempos de espera, en concreto trátase de reducir os tempos de espera cirúrxica con prioridade I a 30 días, e a espera cirúrxica en oftalmoloxía, con prioridade III, en 180 días.

O3.- Definir unha política de persoal na liña das necesidades do sistema.

O4.- Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.

O5.- Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas con todos os axentes implicados.

O6.- Xestión rigorosa e eficiente dos recursos.

Os orzamentos da Xunta do ano 2012 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 5.834 millóns de euros, un 0,8% menos que no ano anterior. As partidas máis importantes foron as de sanidade, que tras unha diminución do 0,4% acadou os 3.354 millóns de euros, e a correspondente a educación, con 2.210 millóns de euros, un 0,6% menos que en 2011. Neste senso, compre salientar que as reducións orzamentarias no ano 2012, nas partidas de sanidade e educación, inciden sobre orzamentos xa minorados, de xeito importante, no exercicio precedente (4,3% e 6,6% respectivamente no ano 2011).

No estudo do sistema sanitario galego distinguimos indicadores de saúde, de establecementos sanitarios, de consumo farmacéutico e de gasto sanitario. Con estes indicadores preténdese obter unha visión global, e ao mesmo tempo comparada con outras CCAA, da sanidade en Galicia.

Indicadores de saúde

A esperanza de vida en Galicia nos últimos dez anos incrementouse significativamente, pasando de 78,9 anos en 1998 a 81,9

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2011-12

	2011	2012	12/11
	(en miles de €)		*(%)*
Total	22.560,8	23.446,0	3,9
Programa de laboratorios de Saúde Pública	631,4	238,6	-62,2
Tarxeta sanitaria	254,6	276,9	8,8
Avaliación de tecnoloxías sanitarias	17,0		
Programa de aseguramento da calidade no control da EET	1.731,4	1.000,0	-42,2
Programa de sistemas de información de saúde pública	145,3	200,2	37,8
Programa de coordinación e calidade		130,0	
Programa de prevención drogodependencias	20,0	25,0	25,0
Promoción de estilos de vida saudables	10,0	25,0	150,0
Seguridade alimentaria	153,1	309,0	101,8
Sanidade ambiental	199,9	178,8	-10,5
Coordinación e calidade da saúde pública	171,6		
Actuacións laboratorios saúde pública	162,1	1.846,5	1039,2
Prevención e control de enfermidades transmisibles	450,5	359,7	-20,2
Programa galego de vacinacións	16.221,0	15.874,3	-2,1
Equipamento informático saúde pública	1.405,7	1.588,2	13,0
Programas poboacionais de cribado	950,2	1.393,8	46,7
Plan galego de estatística	37,1		

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.2.3.

anos en 2011 (último dato dispoñible), o que unido ás baixas taxas de natalidade existentes, determina o forte envellecemento da estrutura poboacional galega. No que respecta ás causas máis importantes que provocan as aproximadamente 29 mil defuncións que se produciron no ano 2011, salientan as relacionadas co sistema circulatorio e os tumores, que conxuntamente causan o 60,2% das defuncións. Finalmente, a mortalidade infantil dende o ano 1991 ata a actualidade reduciuse pasando do 8,35 por mil ata o 2,55 por mil no ano 2011, sendo notablemente inferior á media estatal, que no citado ano era do 3,14 por mil, e inferior tamén á media da UE-27 que se sitúa no 3,9 por mil. Cómpre destacar, nembargante, o incremento de tres décimas da mortalidade infantil en Galicia no ano 2011 en relación ao ano anterior.

O programa de protección e promoción da saúde pública, ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación, diminuíndo a incidencia e carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco. O importe presupostado en 2012 para os proxectos de investimento dentro deste programa increméntase nun 3,9%, despois de sufrir reducións de máis do 30% no ano precedente, acadando un crédito total de 23,4 millóns de euros. O 67,7% do total diríxese ao Programa galego de vacinacións (15,9 millóns de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, as actuacións en laboratorios de saúde pública, que cun incremento de máis de 1.600 millóns de euros, acada un montante de 1.846,5, destinado á posta en funcionamento de instalacións sanitarias no concello de Lugo.

Un aspecto importante a destacar é a minoración de investimentos nos ámbitos de "Programas de laboratorios de Saúde Pública", "Programa de aseguramento da calidade no control da EET", "Sanidade ambiental", "Programa galego de vacinacións", e na "Prevención e control de enfermidades transmisibles", así como a desaparición no ano 2012 das actuacións de "Avaliación de tecnoloxías sanitarias", "Coordinación e calidade da saúde pública"

Enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia e España 2010-2011

	Galicia		España	
	2010	2011	2010	2011
	(taxas notificadas / 100.000 habs.)			
Enfermidades de transmisión respiratoria				
Gripe				
Varicela				
Lexionelose				
Toberculose respiratoria				
Enf. meningocócica				
Outras				
Meninxite tuberculosa				
Enfermidades de transmisión alimentos				
Disentería bacilar				
F. tifoidea e paratifoidea				
Enfermidades prevenibles inmunización				
Parotidite				
Tétanos				
Tose ferina				
Hepatite A				
Hepatite B				
Outras hepatites víricas				
Enfermidades transmisión sexual				
Infección gonocócica				
Sífile				
Antropozoonoses				
Brucelose				
Vixiadas pola OMS				
Paludismo				

Fonte: *Instituto de Salud Carlos III*

4.2.4.

Defuncións segundo as principais causas de m

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Enferm. do sangue e mecanismos de inmunidade	Endocrinas, nutricionais e metabólicas	Trastornos mentais e do comportamento	Do sistema nervioso e órganos dos sentidos	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio
									1999
Galicia	29.293	437	7.375	42	715	884	663	11.041	3.932
A Coruña	11.384	180	2.925	16	266	304	230	4.329	1.466
Lugo	5.139	64	1.192	7	115	171	122	1.968	750
Ourense	4.625	56	1.058	7	137	187	103	1.791	628
Pontevedra	8.145	137	2.200	12	197	222	208	2.953	1.088
España	371.102	6.530	94.566	1.124	11.382	11.520	10.303	131.774	45.194
									2011
Galicia	29.879	406	8.314	68	519	1.578	1.394	9.686	3.259
A Coruña	11.708	192	3.217	32	177	559	522	3.923	1.264
Lugo	4.819	50	1.234	11	122	288	228	1.700	477
Ourense	4.636	49	1.205	12	87	272	218	1.526	557
Pontevedra	8.716	115	2.658	13	133	459	426	2.537	961
España	387.911	6.398	109.341	1.528	12.789	15.276	20.254	118.327	42.243

Fonte: *INE*

4.2.5.

e do "Plan galego de estatística", que dispoñían de crédito no programa 413A no ano 2011.

Un dos indicadores máis importantes, no ámbito da saúde, é a taxa de morbilidade, entendida como a frecuencia dunha determinada enfermidade nunha proporción de poboación, no noso caso, para cada 100.000 habitantes.

PTE "enfermidades de declaración obrigatoria".

A principal causa de morte en Galicia no ano 2011 (último dato dispoñible) son as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio, causantes do 32,4% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 27,8% dos decesos. Na última década, sen embargo, as defuncións por afeccións circulatorias reducíronse nun 12,3%, mentres que as mortes causadas por tumores incrementáronse un 12,7% (**cadro 4.2.5.**).

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2011, rexistráronse en Galicia 185 novos casos de SIDA (2.763 casos no conxunto de España), o que supón unha taxa de 67,7/millón de habitantes. A transmisión entre homes que manteñen relacións homosexuais segue a ser a máis frecuente, co 43,8% dos novos diagnósticos no ano 2011, seguida da transmisións heterosexual co 37,8% dos casos.

Segundo datos proporcionados pola Dirección Xeral de Xestión Socio-sanitaria e Saúde Mental, o número de casos que iniciou ou reiniciou un tratamento ambulatorio por problemas de abuso ou dependencia ás distintas drogas nos centros da rede asistencial de Galicia foron, no ano 2011, 6.315, dos que 3.733 casos foron atendidos nas 17 unidades asistenciais de dependencia, conxuntamente con 4 centros de acollida do Proxecto Home. Os 2.582 casos restantes son pacientes atendidos nas 6 unidades de tratamento do alcoholismo existentes en Galicia.

Outro dos aspectos a ter en conta dentro dos indicadores de saúde é a sinistralida-

orte en Galicia e España 1999-2011

Sistema dixestivo	Pel e tecido subcutáneo	Sistema osteomuscular e conxuntivo	Sistema xenitourinario	Embarazo, parto e porperio	Orixinadas no periodo perinatal	Malformacións conxénitas e anomalías cromosómicas	Síntomas, signos anormais clínicos e de laboratorio	Causas externas de mortalidade
1.210	99	187	443	1	19	47	758	1.440
457	37	66	168	1	13	24	295	607
213	14	46	64	-	2	5	168	238
198	19	36	91	-	-	5	125	184
342	29	39	120	-	4	13	170	411
18.972	910	3.208	7.713	15	788	1.142	9.550	16.411
1.437	98	218	812	-	31	46	936	1.077
589	54	90	278	-	13	20	338	440
207	18	41	117	-	2	3	170	151
239	10	41	131	-	3	8	96	182
402	16	46	286	-	13	15	332	304
19.576	1.169	3.387	11.011	14	833	920	10.612	14.233

Admisións a tratamento por drogodependencias no Sergas 2009-11 (1)

	2009	2010	2011
		(casos)	
Total	6.533	6.220	6.315
Unidade asistencial de drogodependencias e centros de acollida do Proxecto Home	4.352	4.248	3.733
Unidades de tratamento de alcoholismo	2.181	1.982	2.582

(1) número de casos que inician ou reinician tratamento ambulatorio por problemas de abuso ou dependencia do alcohol, drogas ilegais, tabaco e outras
Fonte: *Sergas*

4.2.6.

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2011-12 (1)

	2011	2012	12/11
			(%)
Andalucía	253	221	-12,6
Aragón	67	63	-6,0
Asturias	31	32	3,2
Baleares	37	45	21,6
Canarias	33	30	-9,1
Cantabria	18	10	-44,4
Castela-A Mancha	126	120	-4,8
Castela e León	157	128	-18,5
Cataluña	200	196	-2,0
C. Valenciana	134	115	-14,2
Estremadura	62	49	-21,0
Galicia	145	117	-19,3
Madrid	79	62	-21,5
Murcia	56	32	-42,9
Navarra	24	32	33,3
País Vasco	43	46	7,0
A Rioxa	14	6	-57,1
Total	1.479	1.304	-11,8

(1) vítimas mortais ás 24 horas
Fonte: *Dirección General de Tráfico*

4.2.7.

de, dentro da que cómpre diferenciar aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.2.7.** amosa unha nova redución do número de vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 117 persoas falecidas (o 9 % do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas, tras Andalucía, Cataluña, Castela e León e Castela–A Mancha.

En relación aos accidentes laborais, o *cadro 2.3.1. [Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2011-12: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia decreceu novamente no último ano ata situarse nos 23.668 accidentes (un 24 % menos que en 2011).

O 74,3% destes accidentes producíronse conxuntamente nas actividades do sector servizos (10.924 accidentes) e nas ramas industriais (6.674 accidentes); un 15,9% dos sinistros rexistráronse no sector da

construción (3.771), e o 9,7% restante (2.299 accidentes), no sector primario. A meirande parte dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2012, o 97,7%, corresponderon a accidentes leves (23.137 accidentes), mentres que un 2,3% (531 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 2.925 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, converténdose na sexta Comunidade Autónoma co índice máis elevado. No caso dos accidentes mortais, Galicia presenta o segundo índice de incidencia máis elevado de España xunto con Estremadura e por detrás de A Rioxa, con 5,8 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta.

Indicadores de establecementos sanitarios

Entre os indicadores básicos do funcionamento do sistema sanitario, podemos destacar, os datos de establecementos sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos ao número de hospitais e camas, como cualitativos reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera.

A poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde en Galicia ascendeu no ano 2012 a 2.650.841 persoas, o que supón un crecemento do 2,8% nos últimos doce anos, lonxe do crecemento medio estatal, que, entre as mesmas datas, incrementouse en máis dun 18%. Galicia acolle ao 5,85% da poboación total protexida polo sistema, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior poboación protexida, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia.

O Sistema Nacional de Saúde organízase en dous niveis asistenciais: atención primaria e atención especializada. A atención primaria pon a disposición da poboación unha serie de servizos básicos, sendo os dispositivos asistenciais principais os Centros de saúde, mentres que a atención especializada préstase en Centros de especialidade e en Hospitais. Dentro desta organización, a localización dos recursos asistenciais responde, basicamente, a unha planificación sobre demarcacións demográfica e xeograficamente delimitadas, as áreas de saúde, que establece cada Comunidade Autónoma, tendo en conta factores de diversa índole pero, sobre todo, respondendo a un criterio de proximidade dos servizos ao usuario. As áreas de saúde subdivídense, á súa vez, en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria.

O **cadro 4.2.9.** mostra a existencia en Galicia no ano 2012 de 315 zonas básicas de saúde, só superada en número por Cataluña con 362, o que mostra a gran dispersión da poboación galega, onde desenvolven a súa actividade 394 centros de saúde e 80 consultorios locais.

O **cadro 4.2.10.** mostra o número de hospitais distinguindo a súa dependencia funcional. En Galicia no ano 2012 existen 38 hospitais, dos que 14 son públicos incluídos no Sistema Nacional de Saúde, e 24 privados, dos que dous son benéficos. No que respecta ao número de hospitais públicos (SNS), Galicia dispón dun número menor que outras Comunidades con menor poboación protexida.

No que respecta ao número de camas instaladas nos hospitais de Galicia, e outras CCAA, o **cadro 4.2.11.** mostra como en 2012 había un total de 9.945 camas instaladas, o que supón 3,75 camas instaladas por cada 1.000 persoas protexidas polo SNS (3,58 camas por cada 1.000 habitan-

Poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde 2000-2012

	2000	2012
Andalucía	6.862.013	7.998.741
Aragón	1.110.880	1.275.949
Asturias	1.040.341	1.045.032
Baleares	807.868	1.085.830
Canarias	1.629.975	2.031.790
Cantabria	508.477	572.544
Castela-A Mancha	1.642.563	2.034.224
Castela e León	2.307.639	2.396.986
Cataluña	6.079.705	7.401.312
C. Valenciana	3.938.806	4.946.900
Estremadura	999.343	1.043.126
Galicia	2.577.402	2.650.841
Madrid	4.775.061	6.157.367
Murcia	1.067.336	1.401.754
Navarra	527.455	630.779
País Vasco	2.045.579	2.156.053
A Rioxa	250.821	311.067
Ceuta e Melilla	110.233	135.440
Total	38.281.497	45.275.735

ı se inclúe na gráfica os datos das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla (77,90% no ano 2000 e 82,29% no

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.8.

Centros de saúde nas CC.AA. 2012

	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais
Andalucía	216	388	1.115
Aragón	125	121	868
Asturias	84	68	151
Baleares	57	57	103
Canarias	111	109	155
Cantabria	42	42	108
Castela-A Mancha	201	201	1.133
Castela e León	251	247	3.662
Cataluña	362	434	837
C. Valenciana	240	265	595
Estremadura	113	110	412
Galicia	315	394	80
Madrid	310	261	158
Murcia	89	81	186
Navarra	55	57	246
País Vasco	122	137	182
A Rioxa	19	19	174
Ceuta e Melilla	7	7	-
Total	2.719	2.998	10.165


Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.9.

	Seguridad Social	Instituto de Salud Carlos III	Minister Educa
Andalucía	2	-	
Aragón	7	-	
Asturias	6	-	
Baleares	4	-	
Canarias	2	-	
Cantabria	3	-	
Castela-A Mancha	11	-	
Castela e León	4	-	
Cataluña	10	-	
C. Valenciana	17	-	
Estremadura	3	-	
Galicia	4	-	
Madrid	12	-	
Murcia	6	-	
Navarra	-	-	
País Vasco	3	-	
A Rioxa	2	-	
Ceuta e Melilla	2	-	
Total	98	-	

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.10.



Hospitais nas CC.AA. 2012: distribución segundo dependencia patrimonial

rio de ción	Ministerio de Interior	Ministerio de Defensa	Comunidade Autónoma	Deputación ou Cabildos	Municipio	Entidades públicas	MATEP	Privado-benéfico (Cruz Vermella)	Privado-benéfico (Igrexa)	Outro privado benéfico	Privado non benéfico
-	1	1	43	-	-	-	1	2	7	-	49
-	-	1	11	-	-	1	1	-	2	-	6
-	-	-	2	-	-	1	-	1	1	3	6
-	-	-	4	3	-	-	1	1	1	-	8
-	-	-	6	5	1	1	-	-	1	1	20
-	-	-	1	-	-	-	1	-	2	-	1
-	-	-	7	2		-	1	-	-	-	8
-	-	-	2	1	-	8	-	1	7	4	10
-	-	-	26	1	10	18	4	3	17	39	83
-	1	1	13	3	-	-	2	-	1	2	22
-	-	-	3	-	1	4	-	-	1	1	6
-	-	-	3	-	-	7	1	-	-	2	21
-	-	1	21	-	-	-	3	1	11	2	31
-	-	-	4	-	1	-	1	-	-	2	12
-	-	-	4	-	-	-	-	-	3	2	2
-	-	-	15	-	-	-	2	1	4	2	17
-	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	2
-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	2	4	167	15	13	40	18	10	58	60	304

Camas instaladas nos hospitais nas CC.AA. 2012: distribución segundo tamaño do hospital

	Total		ata 99 camas		100-199 camas		200-499 camas		500 ou máis	
	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas
Andalucía	106	22.174	51	2.061	23	3.046	18	4.887	14	12.180
Aragón	29	5.404	12	569	9	1.274	6	1.464	2	2.097
Asturias	20	4.017	8	396	5	654	6	1.790	1	1.177
Baleares	22	3.675	8	423	9	1.361	4	1.069	1	822
Canarias	37	7.694	16	1.032	13	2.092	4	1.054	4	3.516
Cantabria	8	1.999	2	100	3	369	2	679	1	851
Castela-A Mancha	29	5.806	11	568	10	1.394	5	1.765	3	2.079
Castela e León	37	9.669	14	864	9	1.074	8	2.884	6	4.847
Cataluña	211	34.437	94	4.413	68	9.348	38	12.105	11	8.571
C. Valenciana	62	14.026	19	982	16	2.161	20	6.010	7	4.873
Estremadura	19	4.276	7	282	4	435	6	2.000	2	1.559
Galicia	38	9.945	20	1.173	9	1.132	2	635	7	7.005
Madrid	82	22.136	26	1.984	26	3.952	18	5.567	12	10.633
Murcia	26	4.689	9	514	11	1.441	4	1.240	2	1.494
Navarra	11	2.422	4	183	5	835	1	307	1	1.097
País Vasco	44	8.290	19	1.031	15	1.922	7	2.468	3	2.869
A Rioxa	6	960	4	243	1	140	-	-	1	577
Ceuta e Melilla	2	422	-	-	1	170	1	252	-	-
Total	789	162.041	324	16.818	237	32.800	150	46.176	78	66.247

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.11.

tes protexidos de media no conxunto do Estado). Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cun maior número de camas instaladas, superada polas catro Comunidades con maior poboación protexida: Cataluña, Andalucía, Madrid e Valencia.

En relación ás listas de espera, entendemos lista de espera cirúrxica como o número de pacientes pendentes dunha intervención cirúrxica programada na data de corte. Os pacientes pendentes dunha intervención son aqueles aos que se lles prescribira unha intervención urxente ou non, para a que se teña previsto o uso de quirófano, ademais, deberán estar incluídos nun rexistro de pacientes pendentes dunha intervención, sendo a data de entrada en dito rexistro a de prescrición. As datas de corte da lista de espera corresponden a 31 de decembro e 30 de xuño de cada ano. O tempo medio de espera dos pacientes pendentes é o promedio de días de tempo de espera dos pacientes en espera estrutural, calculado como a diferenza en días naturais entre a data de corte e a de entrada.

A lista de espera de consultas está referida aos pacientes en espera dunha primeira consulta en atención especializada, sendo o tempo medio de espera o promedio de días que no momento do estudio levan esperando os pacientes pendentes dunha consulta ou proba.

Segundo os datos publicados polo Sergas e o Ministerio de Sanidade, o ano 2012 presenta un incremento do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica e unha estabilización nos días de demora media. No ano 2012 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 36.089 persoas, sendo a súa demora media de 83,4 días, practicamente igual que á espera media no ano anterior, 83,8 días, aínda que lonxe da espera media do ano 2008, que con 70 días foi a menor da serie analizada. O 27,7% dos pacientes galegos en

Listas de espera en Galicia e no total do SNS 2007-12

listas de espera cirúrxica

		2007	2008	2009	2010	2011	2012
				Galicia			
espera estrutural	*(nº pacientes)*	33.436	32.122	35.318	34.343	35.590	36.089
espera media	*(en días)*	84	70	80	76	84	83
				Total SNS			
espera estrutural	*(nº pacientes)*	364.901	372.572	372.468	392.072	459.885	PENDIENTES
espera media	*(en días)*	70	68	67	65	73	

listas de espera en consultas externas

		2007	2008	2009	2010	2011	2012
				Galicia			
espera media	*(en días)*	71	65	69	66	66	55
				Total SNS			
		53	59	59	53	58	PENDIENTES

Fonte: *Sergas* e *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.12.

Listas de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2012: distribución segundo especialidade

Especialidades	pacientes en espera estrutural	tempo medio de espera (en días)
Traumatoloxía	10.011	96
Oftalmoloxía	7.712	77
Cirurxía xeral ou de dixestivo	6.517	84
Uroloxía	2.447	58
ORL	2.131	66
Xinecoloxía	1.658	65
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.436	79
Cirurxía pediátrica	1.131	97
Cirurxía plástica e reparadora	956	95
Cirurxía maxilofacial	725	164
Neurocirurxía	466	69
Cirurxía cardíaca	409	78
Dermatoloxía	390	33
Cirurxía torácica	100	59
Total	36.089	83

Fonte: *Sergas* e *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.13.

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2011-12

	2011	2012	12/11 (%)
Doantes de órganos	87	100	14,9
Transplantes de órganos	291	294	1,0
renal	146	138	-5,5
hepático	80	91	13,8
cardíaco	18	25	38,9
pulmonar	36	35	-2,8
de páncreas	11	5	-54,5
Transplantes de tecidos	1.303	1.200	-7,9
proxenitores hematopoéticos	172	179	4,1
córneas	125	159	27,2
óseo e osteotendinoso	885	742	-16,2
vascular	19	23	21,1
membrana amniótica	102	97	-4,9

Fonte: *Sergas*

4.2.14.

Doazóns e transplantes nas CC.AA. 2012

	Doantes	Transplantes					
		Corazón	Intestinais	Fígado	Páncreas/Ril	Pulmón	Renal
Andalucía	305	32	-	203	18	24	457
Aragón	34	11	-	31	-	-	68
Asturias	48	16	-	27	-	-	50
Baleares	42	-	-	-	-	-	52
Canarias	56	-	-	29	5	-	91
Cantabria	27	20	-	16	1	34	36
Castela-A Mancha	58	-	-	-	-	-	55
Castela e León	130	5	-	44	6	-	117
Cataluña	228	52	-	180	15	66	559
C. Valenciana	178	26	-	117	6	30	232
Estremadura	31	-	-	25	-	-	34
Galicia	100	25	-	91	5	35	138
Madrid	236	54	8	194	27	49	432
Murcia	54	1	-	48	-	-	76
Navarra	12	5	-	16	-	-	32
País Vasco	89	-	-	63	-	-	117
A Rioxa	13	-	-	-	-	-	5
Ceuta e Melilla	2	-	-	-	-	-	-
Total	1.643	247	8	1.084	83	238	2.551

Fonte: *Organización Nacional de Trasplantes*

4.2.15.

lista de espera cirúrxica son da especialidade de traumatoloxía, e o 21,4% e 18% teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e xeral ou de dixestivo, respectivamente.

O número de transplantes de órganos en Galicia incrementouse un 1% ao longo do ano 2012, acadando os 294 transplantes (3 máis que no ano precedente). Entre estes, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (138) e fígado (91), realizándose 35 de pulmón, 25 de corazón e 5 de páncreas.

O número de transplantes de tecidos diminuíu no último ano, pasando de 1.303 no 2011 a 1.200 no 2012, un 7,9% menos. Ao igual que en anos anteriores, predominan os transplantes de oso, con 742

Hospitais nas CC.AA. 2009: indicadores de persoal

	Médicos			Diplomados en enfermería			Auxiliares de enfermería		
	total	persoal / 1.000 habs.	persoal / 100 camas	total	persoal / 1.000 habs.	persoal / 100 camas	total	persoal / 1.000 habs.	perso ca
Andalucía									
Aragón									
Asturias									
Baleares									
Canarias									
Cantabria									
Castela-A Mancha									
Castela e León									
Cataluña									
C. Valenciana									
Estremadura									
Galicia									
Madrid									
Murcia									
Navarra									
País Vasco									
A Rioxa									
Ceuta e Melilla									
Total									

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.16.

(16,2% menos que en 2011), e os transplantes de proxenitores hematopoéticos, con 179, un 4,1% máis que no ano anterior **(cadro 4.2.14.**).

En canto ás doazóns, no ano 2012 o número de doazóns foi de 100, sendo 87 os doantes no ano anterior.

Comparando por CCAA, Galicia é a sexta Comunidade en número de doantes, tras Andalucía, Madrid, Cataluña, Valencia e Castela e León; a quinta Comunidade en canto a número de transplantes de corazón, fígado e ril; e a terceira en transplantes de pulmón.

PTE táboa 4.2.16

Indicadores de gasto sanitario

A entrada en vigor no ano 2011 do catálogo priorizado de medicamentos, así como as modificacións no ámbito de gasto sanitario impostas polo nomeado Real Decreto-Lei 16/2012, de 20 de abril, trae como consecuencia unha maior austeridade no gasto sanitario.

A factura de receitas prescritas ascendeu ata os 710,4 millóns de euros, o que significa o 7,3% do total estatal, e a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado tras Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid; no mesmo posto que no ano precedente a pesar da redución do 14,3% do gasto farmacéutico, por encima da redución media estatal que foi do 12,3%.

Comparando co total estatal, o gasto medio por receita facturada en Galicia segue sendo o máis elevado do Estado, acadando os 11,67 euros. Por outra parte, o volume de receita, tras un descendo do 8,7% respecto ao ano anterior, superou os 60 millóns o que suporía unha media de 23 receitas por persoa protexida polo Sistema

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2012

	Gasto farmacéutico		Receitas facturadas		Gasto medio por receita facturada	
		12/11		12/11		12/11
	(€)	(%)		(%)	(€)	(%)
Andalucía	1.665.550.276	-8,6	170.161.296	-4,9	9,79	-4,0
Aragón	309.137.475	-11,8	27.896.281	-5,2	11,08	-7,0
Asturias	268.437.256	-15,4	24.051.435	-5,0	11,16	-10,9
Baleares	181.298.093	-11,3	17.292.030	-4,5	10,48	-7,1
Cantabria	127.561.246	-9,8	11.009.627	-5,5	11,59	-4,6
Castela-A Mancha	488.409.219	-9,4	44.285.403	-3,8	11,03	-5,8
Castela e León	561.846.736	-15,4	50.333.121	-6,5	11,16	-9,6
Cataluña	1.443.140.017	-14,2	141.654.632	-8,3	10,19	-6,5
Canarias	421.340.029	-13,6	39.969.922	-4,2	10,54	-9,8
C. Valenciana	1.199.797.444	-14,7	103.776.379	-9,1	11,56	-6,2
Estremadura	290.192.767	-11,9	25.924.655	-4,3	11,19	-8,0
Galicia	710.434.191	-14,3	60.862.124	-8,7	11,67	-6,1
Madrid	1.057.832.013	-10,8	104.755.506	-4,8	10,10	-6,3
Murcia	333.921.229	-13,4	29.641.085	-5,7	11,27	-8,2
Navarra	128.388.099	-13,4	11.697.928	-4,9	10,98	-9,0
País Vasco	490.888.796	-8,1	42.180.035	-3,2	11,64	-5,1
A Rioxa	67.883.703	-14,4	6.064.446	-4,7	11,19	-10,1
Ceuta	13.104.104	-9,0	1.164.177	-5,1	11,26	-4,1
Melilla	10.779.927	-10,9	971.177	-7,5	11,10	-3,7
Total	9.769.942.620	-12,3	913.691.259	-6,1	10,69	-6,6

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.17.

Gastos sanitarios das CC.AA. 2009-2012 (1)

	2009		2010		2011		2012	
	total	orzam. / per cápita	total	orzam. / per cápita	total	orzam. / per cápita	total	orzam. / per cápita
Andalucía	9.826,54	1.249,25	9.827,38	1.238,72	9.379,09	1.174,58	9.420,02	1.177,69
Aragón	1.879,71	1.474,49	1.907,63	1.495,80	1.849,08	1.450,49	1.856,72	1.455,17
Asturias	1.558,99	1.480,35	1.639,96	1.557,40	1.551,69	1.478,54	1.551,69	1.484,82
Baleares	1.257,53	1.184,66	1.176,35	1.097,39	1.176,35	1.089,41	1.222,48	1.125,85
Canarias	2.929,94	1.449,13	2.857,01	1.404,26	2.540,92	1.243,86	2.605,95	1.282,59
Cantabria	793,57	1.396,21	795,93	1.391,71	729,75	1.275,90	753,70	1.316,40
Castela-A Mancha	2.852,56	1.429,97	2.918,50	1.449,56	2.814,10	1.386,81	2.606,71	1.281,43
Castela e León	3.408,75	1.414,90	3.518,64	1.462,32	3.461,61	1.438,65	3.429,87	1.430,91
Cataluña	9.426,20	1.289,46	9.888,28	1.346,11	9.200,86	1.247,75	8.760,89	1.183,69
C. Valenciana	5.659,99	1.150,57	5.720,26	1.158,86	5.515,30	1.116,53	5.492,49	1.110,29
Estremadura	1.717,68	1.655,22	1.664,31	1.595,64	1.572,09	1.503,01	1.765,49	1.692,50
Galicia	3.767,12	1.414,42	3.728,81	1.397,89	3.547,32	1.330,68	3.530,93	1.332,00
Madrid	7.122,47	1.178,75	7.081,23	1.157,36	7.134,38	1.159,78	7.172,50	1.164,86
Murcia	1.853,66	1.348,29	1.984,83	1.427,76	2.023,45	1.447,01	1.796,32	1.281,48
Navarra	906,94	1.468,83	986,76	1.582,36	971,93	1.545,02	914,61	1.449,97
País Vasco	3.546,44	1.662,29	3.630,28	1.696,64	3.506,23	1.632,23	3.489,75	1.618,58
A Rioxa	452,57	1.463,77	411,99	1.329,36	434,33	1.398,50	370,16	1.189,95
Total	58.960,64	1.320,28	59.738,15	1.329,47	57.408,47	1.272,85	56.740,26	1.256,98

(1) orzamentos iniciais de gastos
Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.18.

Nacional de Saúde residente en Galicia, tres máis que a media estatal (20,2).

Ao igual que acontece co gasto farmacéutico, os gastos sanitarios, en base ao orzamento inicial de gasto, reducíronse no ano 2012 en torno ao 0,5% en relación ao ano anterior, pasando a 3.530,9 millóns de euros, o que indica un gasto sanitario de 1.332 euros per cápita.

O volume de poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde en Galicia, así como a estrutura poboacional e xeográfica existente, determinan un gasto sanitario elevado, o quinto máis importante do Estado; este gasto sanitario non se mantén en termos per cápita, xa que Galicia é a sétima comunidade autónoma cun menor gasto sanitario per cápita. ■

CATROTRES. indicadores de benestar social

Os indicadores que se analizan neste capítulo son a pobreza e a cohesión social, as axudas para paliar a dependencia e a discapacidade, o ámbito da familia e a infancia e, para rematar, aspectos sobre a violencia e o maltrato.

Pobreza e cohesión social

A consecuencia máis extrema da crise económica nas condicións de vida das persoas, é, indubidablemente, o aumento da pobreza e da desigualdade social.

A crise económica está a aumentar os niveis de pobreza e a desigualdade social, un problema en si mesmo que se ve agravado nun contexto de restricións orzamentaria que afectan a políticas de prevención da pobreza e da exclusión e, de xeito especial, a políticas cun forte peso na prevención das desigualdades e na distribución da renda, como son as políticas de educación e sanidade.

Neste contexto, a mellora na elaboración dos indicadores de pobreza, é, se cabe, máis necesaria, polo que resulta importante salientar o indicador de medición de pobreza elaborado no marco da Estratexia Europa 2020, pola UE, o denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), que mide o risco de pobreza e exclusión social, non só a partir do limiar de ingresos, senón tamén incorporando a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais nos fogares.

O AROPE inclúe as persoas que se atopan en risco de **pobreza monetaria** –definida como a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza, fixado no 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo das persoas (despois das transferencias sociais e sen imputar vivenda)–, os fogares con **moi baixa intensidade de traballo** –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adul-

Poboación en risco de pobreza ou exclusión social nas CC.AA. 2004-11

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
				(% sobre a poboación total)				
Andalucía	37,1	31,4	34,6	33,8	32,3	33,1	35,9	38,6
Aragón	14,6	20,0	14,3	16,2	16,5	14,4	15,9	19,7
Asturias	18,3	21,9	19,8	20,9	18,4	18,4	16,8	17,4
Baleares	18,1	20,4	15,0	21,5	18,5	23,6	25,8	24,5
Canarias	30,2	32,1	33,2	29,0	29,1	34,8	35,3	38,2
Cantabria	14,2	19,1	17,9	17,5	16,5	17,0	19,6	25,4
Castela-A Mancha	31,4	30,9	31,3	30,0	29,8	30,2	30,9	35,5
Castela e León	28,2	28,3	27,1	25,1	23,6	22,1	24,7	26,6
Cataluña	16,8	16,6	15,5	16,4	15,4	16,6	19,8	23,3
C. Valenciana	24,1	23,0	19,5	19,5	24,2	22,0	26,3	24,1
Estremadura	40,8	37,4	41,4	42,0	40,9	38,6	41,5	35,2
Galicia	27,0	25,5	26,9	24,3	23,9	23,1	22,0	23,7
Madrid	13,7	15,4	15,0	16,7	17,6	17,2	18,1	19,2
Murcia	29,5	28,2	31,0	29,3	27,1	32,5	36,1	30,9
Navarra	14,9	11,5	14,2	10,0	9,4	9,7	9,7	13,1
País Vasco	15,3	14,5	13,5	13,8	12,2	12,7	15,5	16,0
A Rioxa	20,6	21,1	22,6	21,4	21,9	26,5	24,8	29,3
Ceuta	44,0	38,9	39,9	42,8	41,9	37,8	42,1	33,3
Melilla	-	-	27,9	30,5	30,7	40,5	34,3	34,4
Total	24,4	23,4	23,3	23,1	22,9	23,4	25,5	27,0

Fonte: *Eurostat*

4.3.1.

tos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a **privación material severa** –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche–.

De acordo co AROPE, o 24,2% da poboación da UE-25 vivía no ano 2011 (último publicado) en situación de risco de pobreza e exclusión social. En España esta porcentaxe ascende ao 27%, o que en termos absolutos representa 12,4 millóns de persoas.

Galicia tería un 23,7% da súa poboación en dita situación, no ano 2011, fronte ao 23,1% do ano 2009 e ao 22% do ano 2010. Galicia se sitúa como a sétima comunidade autónoma cun AROPE máis baixo (**táboa 4.3.1.**).

O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) segue sendo o principal instrumento de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Ademais, o II Plan Galego de Inclusión Social integra as seguintes medidas específicas como liñas estratéxicas de actuación para abordar a multidimensionalidade dos factores que inciden nas situacións de pobreza e exclusión:

- Plan Especial para a Convivencia e Integración do Pobo Xitano en Galicia.
- Programa de Atención a Persoas Sen Teito e Situacións de Pobreza Cronificada.
- Colaboración activa de máis de 60 entidades e ONG, que realizan, en coordinación coa Rede de equipos e con apoio económico da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, accións favorecedoras para a integración social e laboral das persoas pertencentes a colectivos en exclusión social.
- Módulo de preparación para a liberdade no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña).
- Intervencións con enfoque territorial.
- Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas para a inclusión social.

Ingresos medios mensuais por fogar e por persoa 2008-11

	Ingresos por fogar				Ingresos por persoa			
	2008	2009	2010	2011	2008	2009	2010	2011
				(en euros)				
Total	2.029	2.010	1.977	1.908	761	765	764	745
A Coruña	2.152	2.098	2.108	1.984	802	794	811	772
Lugo	1.969	1.938	1.916	1.892	772	772	774	773
Ourense	1.659	1.729	1.744	1.707	693	732	747	729
Pontevedra	2.052	2.041	1.931	1.899	730	738	711	709

Fonte: *IGE*

4.3.2.

Rendas medias nas CC.AA. 2010 (1)

	Renda media por fogar	Renda media por persoa
	(en €)	
Andalucía	21.732	7.753
Aragón	26.241	10.161
Asturias	27.248	10.865
Baleares	25.395	9.934
Canarias	22.820	8.340
Cantabria	24.849	9.555
Castela-A Mancha	22.200	8.208
Castela e León	23.534	9.563
Cataluña	26.418	10.101
C. Valenciana	23.596	9.052
Estremadura	20.600	7.756
Galicia	24.475	9.182
Madrid	29.746	11.046
Murcia	21.421	7.536
Navarra	31.825	12.248
País Vasco	30.788	12.435
A Rioxa	23.025	9.261
Total	25.094	9.446

(1) datos provisionais
Fonte: *INE*

4.3.3.

Ao feito de que Galicia ten o sétimo índice AROPE máis baixo do total de CCAA, únese que no ano 2011 prodúcese unha drástica redución dos **ingresos medios** mensuais tanto por fogar como por persoa, tal e como amosa o **cadro 4.3.2.** O ingreso medio mensual por fogar acada os 1.908 euros, reducíndose respecto ao 2010 nun 3,5%, mentres que os ingresos medios por persoa se reducen nun 2,5% ata situarse nos 745 euros. No ano 2010 Galicia contaba cunha renda media persoal anual de 9.182 euros, situándose como a sétima más baixa das 17 comunidades autónomas, tras Murcia, Andalucía, Estremadura, Castela–A Mancha, Canarias e Valencia. Neste senso, no ano 2011, un 20,9% dos fogares galegos terían uns ingresos entre 1.000 e 1.500 euros mensuais, e un 24% dos fogares galegos ingresan menos de 1.000 euros (**cadro 4.3.4.**). Asemade, un 42,2% dos fogares galegos obtiveron os seus ingresos principais a través de prestacións.

A redución nos ingresos e nas rendas medias, efecto directo da crise económica, tivo reflexo no incremento da porcentaxe de fogares con dificultade para chegar a fin

Fogares 2011: distribución segundo intervalo de ingresos

	ata 400€	400,01 a 600€	600,01 a 1000€	1000,01 a 1500€	1500,01 a 2000€	2000,01 a 2500€	2500,01 a 3000€	3000 a 4000€	máis de 4000€
					(%)				
Total	2,11	4,36	17,64	20,89	17,50	13,65	8,75	9,02	6,10
A Coruña	2,53	3,96	16,70	19,56	17,09	13,43	9,25	10,20	7,28
Lugo	1,99	3,79	19,06	23,28	16,12	12,90	7,98	8,45	6,42
Ourense	1,59	5,80	22,42	22,35	17,57	13,34	5,83	7,51	3,58
Pontevedra	1,83	4,52	16,39	21,04	18,51	14,32	9,56	8,36	5,48

Fonte: *IGE*

4.3.4.

Fogares con algún grao de dificultade para chegar a fin de mes nas CC.AA. 2008-12 (1)

	2008	2009	2010	2011	2012
			(%)		
Andalucía	69,8	68,7	71,4	67,3	70,4
Aragón	41,1	32,7	38,5	32,1	49,9
Asturias	43,1	47,9	43,4	38,2	45,5
Baleares	53,7	57,9	60,1	55,5	40,9
Canarias	78,3	72,7	72,0	65,8	74,6
Cantabria	61,2	46,4	56,1	49,0	50,1
Castela-A Mancha	65,9	57,8	55,5	41,6	60,7
Castela e León	51,6	52,9	51,2	46,4	45,7
Cataluña	61,4	61,6	58,2	54,0	60,2
C. Valenciana	60,5	60,8	59,6	55,5	63,8
Estremadura	64,4	64,7	66,3	54,4	58,4
Galicia	59,6	60,5	59,4	59,2	60,4
Madrid	56,6	53,0	54,5	58,3	63,0
Murcia	67,3	75,0	76,7	69,4	76,3
Navarra	37,4	37,7	35,8	34,4	38,2
País Vasco	41,7	43,4	39,3	39,2	37,9
A Rioxa	53,6	50,2	46,4	46,3	59,1
Total	59,9	59,0	58,8	55,3	60,3

(1) datos 2012 son provisionais
Fonte: *INE*

4.3.5.

de mes, que, no ano 2012, se sitúa no 60,4%, incrementándose dita porcentaxe en 1,2 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. A media de fogares españois que declararon ter algún tipo de dificultade para chegar a fin de mes incrementouse no ano 2012 en cinco puntos, acadando un 60,3%, o que provoca que Galicia converxa coa media estatal e pase de ser a cuarta comunidade con maior porcentaxe de fogares en dita situación no 2011 a ser a sétima no 2012 (**cadro 4.3.5.**).

Tendo en conta a distribución dos fogares segundo o número de perceptores de ingresos e número de persoas no ano 2012 (**táboa 4.3.6.**), das aproximadamente 1.029.000 vivendas familiares principais, habituais ou permanentes, contabilizadas en Galicia no ano 2012, en 27.500 non había ningún perceptor de ingresos, e en 392.900 vivendas só un membro percibía ingresos. No ano 2012 increméntanse, en relación ao ano anterior, as vivendas sen perceptores de ingresos ou con só un per-

Vivendas familiares 2010-12: distribución segundo número de perceptores de ingresos e número de persoas

	Total			unha persoa			dúas persoas			tres persoas			catro persoas			cinco ou máis persoas		
	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012
	(en miles de vivendas)																	
Perceptores	1.019,8	1.023,4	1.028,7	205,5	203,0	211,1	297,1	313,3	311,4	245,2	240,2	238,1	180,2	179,4	182,9	91,7	87,5	85,2
0	19,0	23,1	27,5	11,6	11,4	14,9	3,4	5,3	6,0	1,9	3,3	3,2	1,4	1,8	2,3	0,7	1,3	1,1
1	376,4	382,7	392,9	194,0	191,5	196,2	100,1	108,3	107,5	43,7	44,9	46,8	32,7	31,5	34,8	6,0	6,5	7,7
2	433,2	438,7	435,3	-	-	-	193,6	199,8	197,9	135,2	133,2	128,1	85,4	87,3	91,0	19,0	18,4	18,3
3	129,9	122,3	118,6	-	-	-	-	-	-	64,4	58,8	60,0	38,8	38,3	35,7	26,7	25,1	22,9
4 e máis	61,2	56,6	54,4	-	-	-	-	-	-	-	-	-	21,8	20,5	19,1	39,3	36,2	35,3

Fonte: *IGE*

4.3.6.

ceptor, fronte ao descenso no número de vivendas con dous ou máis perceptores de ingresos.

Deste xeito, como efecto do incremento do desemprego e, en especial, do desemprego de longa duración, obsérvase no ano 2012 un notable aumento no número de vivendas onde ningún dos seus membros percibía ingresos, incrementándose nun 19%, que se traduce en 4.400 vivendas máis nesta situación que no ano anterior. Un 45,8% deste tipo de vivendas estarían compostas por dous ou máis membros, un 24% por 3 ou máis e un 12,4% por catro ou máis. Asemade, tal como se sinala anteriormente, baixa o número de vivendas con 2 ou máis preceptores de ingresos e crece o número de vivendas onde só un dos seus membros percibe algún tipo de ingreso, pasando das 382.700 vivendas no ano 2011 ás 392.900 do ano 2012, das que o 50% estarían formadas por 2 ou máis membros (22,7% con 3 ou máis).

O correlato do empeoramento nos niveis de ingresos, xunto ao aumento nos prezos dos produtos e servizos básicos, afectados por unha maior imposición indirecta, tradúcese no incremento das situacións de carencia material. Tal como se mostra na **táboa 4.3.7.**, no ano 2011 un 45,4% dos galegos non poden permitirse ir de vacacións ao menos unha semana ao ano, un 28,3% dos galegos non terían capacidade para facer fronte a gastos imprevistos, un 5,2% tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade...) e un 11,5% sufriría o que se denomina carencia material. Neste senso, 504.984 galegos (un 18,62% do total) terían sufrido no ano 2011 situacións de carencia material e 82.595 persoas (un 7,8% do total) presentarían situacións de carestía material severa. A Coruña e Pontevedra son as provincias cunha maior porcentaxe de persoas en situación de carestía severa, un 9,8% e un 6,6%, respectivamente.

A taxa de **risco de pobreza** defínese como a porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda total equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas (tomando como ingreso equivalente de cada persoa o do fogar ao que pertencen). Tal e como amosa a **táboa 4.3.8.**, no ano 2011 en Galicia, a porcentaxe de persoas en risco de pobreza foi do 18,8%, dous puntos porcentuais máis que no ano anterior, fronte ao incremento de 1,1 punto porcentual da taxa de risco de pobreza media para o conxunto do Estado o que explica que Galicia pase de ser a sétima Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe de persoas en risco de

Carencias materiais das persoas nas CC.AA. 2007-11

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano					Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos					Tivo retrasos no pago relacionados coa viver (hipoteca ou aluger, re comunidade...) nos últi		
	2007	2008	2009	2010	2011	2007	2008	2009	2010	2011	2007	2008	2009
										(%)			
Andalucía	52,4	52,0	54,7	56,0	55,4	41,5	37,2	44,6	51,2	48,0	7,4	6,7	8,1
Aragón	22,7	13,9	18,2	22,3	18,9	10,6	10,3	12,6	18,3	20,8	3,7	1,9	2,2
Asturias	34,3	28,4	27,6	28,8	31,6	20,9	18,1	18,6	18,2	16,2	2,5	1,4	3,5
Baleares	25,4	33,0	40,7	41,7	45,3	22,5	29,2	35,1	35,5	35,1	8,4	7,0	15,3
Canarias	48,5	43,0	53,3	50,8	49,4	51,8	49,2	54,7	51,7	58,3	8,0	8,8	16,9
Cantabria	35,6	33,5	40,4	48,0	45,1	14,2	21,8	20,8	38,3	33,0	3,6	2,3	2,2
Castela-A Mancha	35,1	32,7	41,8	43,1	37,1	27,0	19,4	30,6	33,9	27,8	3,8	5,4	8,4
Castela e León	33,6	28,2	30,1	34,5	29,9	21,1	19,9	20,1	27,6	22,0	4,7	3,5	4,9
Cataluña	31,1	27,5	36,7	33,2	29,9	27,9	23,4	34,6	29,4	32,1	5,7	6,7	6,6
C. Valenciana	35,1	36,4	42,8	44,1	40,4	26,3	26,9	34,5	36,9	37,3	5,4	9,8	14,2
Estremadura	44,1	42,8	42,0	44,3	45,2	28,4	28,4	27,9	43,3	44,1	2,9	2,1	1,6
Galicia	42,9	36,9	51,4	47,0	45,4	26,4	22,7	32,1	35,3	28,3	4,3	3,0	5,7
Madrid	24,0	26,4	26,2	32,6	34,6	25,1	28,7	28,9	34,7	35,6	6,1	7,5	8,6
Murcia	47,2	42,0	49,0	57,2	52,7	35,4	33,0	45,2	50,6	43,5	8,5	4,3	14,6
Navarra	17,9	14,6	22,0	20,3	19,9	13,5	13,6	13,5	15,7	15,4	6,8	6,2	6,5
País Vasco	17,7	14,4	20,0	20,4	23,3	18,0	15,2	20,3	17,4	17,7	4,9	3,5	2,8
A Rioxa	23,8	27,1	34,6	32,0	33,3	21,6	18,5	22,8	23,2	25,2	4,9	4,8	6,9
Total	35,9	34,1	39,5	40,8	39,4	29,0	27,3	33,4	36,3	35,4	5,8	6,1	8,3

(1) os sete conceptos proporcionados polo INE son: 1. non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; 2. non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pesca temperatura axeitada; 4. non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos; 5. tivo retrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, recibos de gas automóbil; 7. non pode permitirse dispor dun PC.

Fonte: *INE*

4.3.7.

Taxas de risco da pobreza nas CC.AA. 2005-11

	2005	2010	2011
		(%)	
Andalucía	27,7	30,1	31,7
Aragón	16,2	13,6	16,6
Asturias	15,2	12,3	9,9
Baleares	16,8	20,6	18,5
Canarias	28,5	31,1	33,8
Cantabria	14,9	17,2	20,3
Castela-A Mancha	29,6	27,8	31,7
Castela e León	25,5	21,0	23,5
Cataluña	12,7	15,3	16,6
C. Valenciana	20,0	20,1	19,0
Estremadura	34,6	38,2	31,9
Galicia	19,7	16,8	18,8
Madrid	12,0	13,6	15,9
Murcia	24,7	29,2	26,4
Navarra	9,9	7,3	8,8
País Vasco	9,5	11,6	10,8
A Rioxa	19,6	20,5	24,4
Ceuta e Melilla	33,8	31,0	28,7
Total	19,8	20,7	21,8

(1) o limiar pobreza establécese no 60% da mediana de ingresos equivalentes

Fonte: *INE*

4.3.8.

dos gastos nda principl cibos de gas, mos 12 meses		Carencia en polo menos 3 conceptos dunha lista de 7 (1)				
2010	2011	2007	2008	2009	2010	2011
10,8	10,5	19,9	15,5	15,5	21,1	19,4
4,5	5,1	2,3	2,8	4,4	6,8	6,5
2,4	2,4	5,3	6,3	4,9	5,5	5,3
12,6	15,9	10,7	11,3	19,8	18,3	21,1
9,8	11,9	19,5	18,8	30,1	14,3	15,8
1,6	8,8	4,9	5,4	7,5	9,5	12,3
7,5	6,6	9,3	7,9	13,3	14,7	12,2
6,2	5,2	5,5	6,5	7,7	8,5	5,9
9,2	4,8	9,3	7,3	9,3	11,4	11,7
10,8	6,3	10,3	13,0	14,2	14,6	11,0
6,6	3,7	9,6	9,0	10,5	20,6	11,2
5,5	5,2	11,1	9,3	15,4	15,7	11,5
9,8	5,3	7,7	12,5	12,3	13,3	11,3
16,9	8,2	20,3	14,0	20,5	29,9	14,8
6,6	5,3	5,7	6,7	7,6	6,7	5,8
4,1	4,0	5,4	3,8	4,6	6,4	7,5
9,4	9,1	7,8	9,3	11,7	9,0	13,7
9,0	6,9	11,3	10,8	12,9	14,5	12,6

do polo menos cada dous días; 3. non pode permitirse manter a vivenda coa s, comunidade...) nos últimos 12 meses; 6. non pode permitirse dispor dun

pobreza no ano 2010 a ser a oitava no ano 2011.

O risco de pobreza e exclusión social non é homoxéneo nin demográfica nin xeograficamente. Neste senso, en base aos datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (*Estratexia Europa 2020*) para o ano 2011 (**táboa 4.3.9.**), a taxa de risco de pobreza e exclusión social para Galicia sitúase nun 22%, acadándose na provincia de Pontevedra unha taxa do 24,4%, sendo a provincia de Lugo a que ten unha menor taxa co 18,1% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social, seguida de Ourense e A Coruña, con taxas do 21,1% e do 21,5%, respectivamente. Asemade, dentro da provincia de Pontevedra, obsérvanse tamén claras diferenzas entre a taxa media da zona nororiental (13,5%) e da zona sur (39,6%), así a área de Caldas–O Salnés acada a taxa máis elevada de toda Galicia (29,3%), de xeito que 3 de cada 10 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social.

Se ben as diferenzas nos limiares de risco de pobreza son significativas a nivel territorial, en termos das principais variables demográficas obsérvanse tamén grandes contrastes. Por unha banda, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais. Deste xeito, no ano 2011, tal e como recolle o citado **cadro 4.3.9.**, o valor da taxa é dun 51,5% para a poboación estranxeira fronte ao 21,1% para a española.

Asemade, o risco de pobreza é lixeiramente maior para as mulleres que para os homes, sendo do 22,2 % e do 21,9 % respectivamente. Non obstante, é nas taxas de risco de pobreza por franxa de idades onde se observan os maiores contrastes, atopando como é a poboación galega en idade infantil e xuvenil a máis exposta á pobreza, pauta que se corresponde coa

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2011: indicadores

	(%)
Total	22,05
A Coruña	21,49
Lugo	18,12
Ourense	21,11
Pontevedra	24,43
Nacionalidade	22,05
Española	21,13
Estranxeira	51,53
Fogares con ou sen nenos a cargo	22,05
Fogares con nenos a cargo	23,15
Un adulto con nenos a cargo	48,61
Dous adultos con nenos a cargo	21,97
Dous adultos con un neno a cargo	17,32
Dous adultos con dous o máis nenos a cargo	26,11
Tres ou máis adultos con nenos a cargo	21,55
Fogares sen nenos a cargo	21,1
Un adulto sen nenos a cargo	29,09
Dous adultos sen nenos a cargo	20,87
Tres ou máis adultos sen nenos a cargo	18,19
Fogares segundo tipoloxías	22,05
Unipersoal	29,09
Sen núcleo	28,84
Parella con fillos	20,88
Parella sen fillos	17,73
Monoparental	35,97
Un núcleo e outros	17,71
Varios núcleos	19,83

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; e 3) persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo
Fonte: *IGE*

4.3.9.

observada a nivel español ou europeo. Así, o 24% dos menores de 16 anos estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do 29,8% para as persoas de entre 16 e 24 anos.

A tipoloxía do fogar así como o feito de que existan ou non cargas familiares, determina tamén, en grande media, o risco de pobreza. Neste senso, o 48,6% dos fogares galegos compostos por un adulto con nenos a cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais, co 36%, os que presentan unha maior taxa de pobreza.

O empeoramento das condicións de vida e o aumento dos niveis de pobreza pode levar consigo en moitos casos un empeoramento dos niveis de desigualdade económica dunha sociedade. Un xeito de medir o **grao de desigualdade** na distribución dos ingresos é a través do coeficiente de Gini, que varía entre 0 e 1, onde o valor 0 se corresponde coa perfecta igualdade e o valor 1 coa total desigualdade. Neste senso, o **cadro 4.3.10.** mostra como no ano 2011 o valor do índice sería en Galicia do 0,276, fronte ao valor para España do 0,34, o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria para Galicia en comparación co valor medio estatal.

Outra forma de medir a desigualdade é a través da distribución da renda S80/S20, isto é, o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra

Índice de Gini en Galicia e España 2008-2011

	2008	2009	2010	2011
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280
España	0,312	0,323	0,339	0,340

(1) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ó que pertence

Fonte: *IGE* e *INE*

4.3.10.

incrementos dende o ano 2008, acadando no ano 2011 para Galicia un 4,21, o que indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son 4,21 veces superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre, (5,2 veces de media a nivel estatal).

Finalmente, no que respecta ás **persoas sen fogar**, a *Enquisa de persoas sen fogar* realizada polo INE no ano 2012 ofrece información sobre as condiciones de vida das persoas sen fogar de 18 ou máis anos, que foron usuarias dos centros asistenciais de aloxamento e/ou restauración localizados en concellos de máis de 20.000 habitantes.

Un total de 1.903 persoas sen fogar, o 80% homes, foron usuarias dos centros asistenciais no ano 2012 en Galicia, o 8,3% do total estatal; sendo Galicia a quinta Comunidade Autónoma cun maior número de persoas sen fogar, por detrás de Cataluña (21,3% do total), Madrid (15,4%), Andalucía (13,1%) e Pais Vasco (8,7%). En comparación co ano 2005, en Galicia incrementouse este colectivo nun 24%.

No conxunto do Estado existen 71,3 persoas sen fogar por cada 100.000 habitantes. Por Comunidades Autónomas, as maiores taxas se sitúan no País Vasco (141,3) e Galicia (133).

Co obxecto de garantir os recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, distribúese a **Renda de Integración Social** de Galicia (Risga) que, en canto a prestación económica, ten carácter alimenticio, persoal e non transmisible. Os proxectos de inserción están constituídos por un conxunto coordinado e programado de accións que terán como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación da persoa beneficiaria ao sistema laboral.

O número total de beneficiarios desta renda de integración social de Galicia a 31 de decembro de 2012 situouse nas 6.718 persoas, 1.302 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior. Atendendo as diferenzas na prestación en función das condicións do perceptor, as modalidades de percepción das 6.718 persoas beneficiarias da Risga no ano 2012 son as seguintes: 3.252 persoas perciben o subsidio básico; 2.539 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar; 214 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar e o complemento de inserción; 293 beneficiarios perciben o subsidio básico máis o complemento de inserción; e os 420 beneficiarios restantes non se atopan en ningunha das categorías sinaladas, xa que, segundo a súa situación, ben perci-

ben soamente os complementos familiares ou os de inserción.

Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración superaría as 20.154 persoas.

O informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que o perfil xeral dos perceptores da Risga en 2012 é o dunha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada, con cargas familiares, que vive en zona urbana, nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada, aínda que non en procura do seu primeiro emprego, sendo este perfil igual ao existente en anos anteriores.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (58,6% dos beneficiarios son mulleres) e das persoas beneficiarias con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (34%). En xeral, o nivel de estudios destes preceptores é moi baixo, xa que un 41,9% dos mesmos só teñen os estudios primarios incompletos, un 42,7% estudios primarios e un 2,9% carecen de estudios e practicamente non existen persoas beneficiarias con estudios superiores (2,3%). No relativo á súa problemática básica, o protagonista é o desemprego: un 91,9% das persoas beneficiarias da Risga atópanse en desemprego, acadando un 90,8% as persoas beneficiarias da Risga que traballaron algunha vez.

O **cadro 4.3.11.** reflicte que o importe mensual total pagado no caso da Risga ascendeu a 2.610,2 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiario ascendeu a 388,5 euros (semellante ao importe medio do ano anterior).

O importe total aboado na Comunidade Autónoma, en concepto de Renda de Integración Social de Galicia, ao longo do ano 2012, foi de aproximadamente 27 millóns de euros, un 11,6% máis que no ano anterior (2,8 millóns de euros máis), incremento orzamentario asociado a un incremento de 1.302 no número de beneficiarios.

Das 7.491 solicitudes a resolver no último ano (1.064 pendentes do ano anterior), foron resoltas 5.317 solicitudes (3.173 estimadas e 1.668 denegadas e 476 arquivadas), reducíndose a porcentaxe de resolución de solicitudes ata o 71%, porcentaxe case nove puntos porcentuais inferior á acadada no ano 2011 (**cadro 4.3.12.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, o 47% foron de tipo mixto, é dicir, que conlevan accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 35% inciden en proxectos prelaborais, o que indica que están deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 10% en proxectos sociofamiliares (os que inciden nas problemáticas persoais, familiares e sociais), sendo esta porcentaxe dun 7% no caso dos proxectos laborais (os que fomentan hábitos de traballo e favorecen a inserción laboral).

En canto ás **axudas de emerxencia social** (AES), concedéronse un total de 2.595 AES, o que implicou un gasto mensual, tendo en conta o mes de decembro, de 2,4 millóns de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.013,6 euros, oscilando a mesma entre os 832,7 euros de Pontevedra e os 1.373,8 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 5.090 solicitudes de AES a resolver (793 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 4.106 solicitudes (2.595 estima-

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2012: beneficiarios e pagos (1)

	Beneficiarios		Importes totais das nóminas		Importes medios	
	Risga	AES	Risga	AES	Risga	AES
				(en €)		
Total	6.718	2.595	2.610.180,2	2.455.041,7	388,54	1.013,62
A Coruña	1.638	287	663.133,9	316.489,1	404,84	1.007,81
Lugo	725	413	273.974,1	472.493,2	377,90	1.197,67
Ourense	1.079	496	403.908,7	692.480,0	374,34	1.373,85
Pontevedra	3.276	1.399	1.269.163,5	973.579,4	387,41	832,75

(1) os datos dos importes corresponden ó mes de decembro

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.11.

Solicitudes Risga e Axudas de Emerxencia Social 2011-2012

	2011			2012		
	Total	Risga	AES	Total	Risga	AES
Solicitudes a resolver	9.976	5.375	4.601	12.581	7.491	5.090
presentadas no ano	8.950	4.767	4.183	10.724	6.427	4.297
pendentes do ano anterior	1.026	608	418	1.857	1.064	793
Solicitudes resoltas	8.119	4.311	3.808	9.423	5.317	4.106
estimadas	4.816	2.497	2.319	5.768	3.173	2.595
desestimadas e/ou arquivadas	3.303	1.814	1.489	3.655	2.144	1.511
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	81,4	80,2	82,8	74,9	71,0	80,7

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.12.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2012: distribución provincial das solicitudes presentadas

	Risga		AES		Total	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Total	4.767	6.427	4.183	4.297	8.950	10.724
A Coruña	1.988	2.336	1.138	968	3.126	3.304
Lugo	489	589	566	579	1.055	1.168
Ourense	640	857	651	707	1.291	1.564
Pontevedra	1.650	2.645	1.828	2.043	3.478	4.688

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.13.

das e 1.303 denegadas e 208 arquivadas). A igual do que sucede no caso da Risga, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 2,1 puntos porcentuais, acadando en 2012 o 80,7%.

Das 2.595 axudas concedidas ao longo do ano 2012, o 56,2% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 25,3% a cubrir gastos do uso da vivenda habitual, o 15% das axudas foron destinadas para o equipamento básico da vivenda, e o 3,4% para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (o 59,5% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (31,9% dos perceptores), salientando tamén que un 20,3% dos beneficiarios teñen entre 25 e 34 anos, sendo neste caso superior a porcentaxe de mulleres que de homes, 22% fronte a 17% respectivamente.

No relativo á súa situación laboral, un 69% corresponde a parados que nalgún momento da súa vida traballaron e un 24,7% a inactivos. O 42% dos beneficiarios das axudas ten os estudios primarios incompletos e o 43%, estudios primarios rematados.

Tal e como se recolle no *Informe de Rentas Mínimas de Inserción* do ano 2011 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a contía media da Risga en Galicia no 2011 era de 399,4 euros por persoa e situaríase no 62,3% do Salario Mínimo Profesional e a un 75% do Indicador Público de Rendas Múltiples, o que se distancia das respectivas porcentaxes medias estatais nun 65,9% e un 79,3%. Asemade, Galicia, cunha poboación total no 2011 de 2.795.422 habitantes e con 7.375 titulares de rendas mínimas, tería unha taxa de cobertura de titulares por cada 1.000 habitantes de 2,64, sendo dita taxa a nivel estatal do 4,76.

V

	Solicitudes	
	(número)	*(%)*
Andalucía	407.378	24,9
Aragón	48.065	2,9
Asturias	35.519	2,2
Baleares	24.463	1,5
Canarias	40.183	2,5
Cantabria	24.244	1,5
Castela e León	104.623	6,4
Castela-A Mancha	89.579	5,5
Cataluña	281.176	17,2
C. Valenciana	95.871	5,9
Estremadura	47.482	2,9
Galicia	88.058	5,4
Madrid	173.061	10,6
Murcia	56.161	3,4
Navarra	17.626	1,1
País Vasco	84.902	5,2
A Rioxa	14.426	0,9
Ceuta e Melilla	3.877	0,2
Total	1.636.694	100

Fonte: *IMSERSO*

4.3.14.

Dependencia e discapacidade

A situación de crise económica e a esixencia de cumprimento dos obxectivos de déficit público son as causas que xustifican a aplicación de medidas estruturais correctoras na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Neste senso, o Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, no seu artigo 22, modifica a Lei 39/2006, co obxecto de implantar medidas de racio-

Valoracións e ditames da situación de dependencia nas CC.AA. a 31-12-2012

Ditames		Grado III		Grado II		Grado I		Total beneficiarios con dereito a prestación	
(número)	*(%) / solicitudes*	*(número)*	*(%) / ditames*	*(número)*	*(%) / ditames*	*(número)*	*(%) / ditames*	*(número)*	*(%) / ditames*
369.342	90,7	90.276	24,4	118.987	32,2	38.148	11,4	247.411	67,0
47.115	98,0	12.179	25,8	14.152	30,0	4.133	11,6	30.464	64,7
33.522	94,4	8.152	24,3	8.423	25,1	2.923	10,9	19.498	58,2
23.826	97,4	6.192	26,0	7.666	32,2	2.245	12,0	16.103	67,6
30.542	76,0	12.549	41,1	9.492	31,1	2.618	8,9	24.659	80,7
22.344	92,2	6.152	27,5	7.198	32,2	2.248	10,9	15.598	69,8
98.924	94,6	29.972	30,3	27.017	27,3	7.796	9,7	64.785	65,5
85.614	95,6	21.176	24,7	22.198	25,9	7.741	11,2	51.115	59,7
273.635	97,3	62.033	22,7	85.990	31,4	21.924	11,7	169.947	62,1
95.414	99,5	24.945	26,1	28.754	30,1	10.451	10,9	64.150	67,2
44.972	94,7	12.256	27,3	11.448	25,5	3.231	10,1	26.935	59,9
84.223	95,6	27.718	32,9	27.246	32,3	6.992	10,0	61.956	73,6
165.914	95,9	43.039	25,9	42.950	25,9	14.975	11,2	100.964	60,9
45.659	81,3	14.971	32,8	15.087	33,0	5.035	11,3	35.093	76,9
17.053	96,7	3.173	18,6	4.774	28,0	1.776	11,8	9.723	57,0
79.918	94,1	17.586	22,0	22.256	27,8	7.836	11,4	47.678	59,7
14.423	100,0	3.556	24,7	3.744	26,0	647	7,3	7.947	55,1
3.740	96,5	852	22,8	984	26,3	226	8,7	2.062	55,1
1.536.180	93,9	396.777	25,8	458.366	29,8	140.945	11,1	996.088	64,8

nalización do sistema de dependencia encamiñadas, por unha banda, a establecer unha nova estrutura mantendo os niveis de dependencia existente pero eliminando os graos dentro de cada nivel, así como a regular un contido común mínimo de intensidade e compatibilidade das prestacións para todas as administracións actuantes. Por outra banda, o citado Real Decreto-Lei incorpora distintas medidas que pretender xerar un aforro, tanto no gasto das Comunidades Autónomas a través da redución das contías máximas das prestacións económicas para coidados no entorno familiar, como no gasto da Administración xeral do Estado, pola vía da redución das contías de nivel mínimo, de financiamento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

No que respecta ao tratamento no sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, a Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o suscriptor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

As persoas beneficiarias do sistema de atención á dependencia serán aquelas que se encontren en situación de dependencia, nalgún dos graos establecidos, que residan en territorio español e leven nel cinco

anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude e que residan na Comunidade Autónoma de Galicia na data de presentación da solicitude.

A situación de dependencia clasifícase en tres **graos**:

• Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

• Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

• Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Tal e como se amosa no **cadro 4.3.14.**, a 31 de decembro de 2012 tíñanse presentado en Galicia 88.058 solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia, das que se recoñecen un total de 84.223, o que supón unha resolución do 95,6% das solicitudes presentadas. O total de beneficiarios con dereito a prestación son 61.956 persoas, o que representa que o 73,6% das solicitudes recoñecidas terían finalmente dereito a prestación. En Galicia presentáronse o 5,4% do total de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia de todo o Estado, sendo a sétima comunidade con maior número de solicitudes, por detrás de Andalucía (24,9% do total estatal), Cataluña (17,2%), Madrid (10,6%), Castela e León (6,4%), Valencia (5,8%) e Castela–A Mancha (5,5%).

En Galicia a 31 de decembro de 2012, existían 27.718 beneficiarios de grado III, 27.246 de grado II e 6.992 de grado I. Neste ámbito, destaca o feito de que Galicia sexa a comunidade autónoma, tras Canarias, con maior porcentaxe de beneficiarios de grado III ou de gran dependencia, acadando un 32,9% sobre o total de beneficiarios, así como a segunda, tras Murcia e xunto a Andalucía, Baleares e Cantabria, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grao II ou dependencia grave sobre o total, un 32,3%. O peso dos beneficiarios cunha dependencia moderada representarían un 10% do total, sendo Galicia a terceira comunidade autónoma cunha porcentaxe máis baixa.

En contraste coa pauta rexistrada nos anos anteriores, por primeira vez o número de solicitudes non aumenta, descendendo no ano 2012 de xeito significativo, con 1.567 solicitudes menos, un 1,7% menos. Pola contra, no conxunto do Estado as solicitudes aumentaron no último ano nun 1,5%. Asemade, descende a porcentaxe de beneficiarios con dereito a prestación, pasando do 79,2% rexistrado no ano 2011 ao 73,6% no 2012, a pesar do que Galicia segue como a terceira comunidade con maior porcentaxe de beneficiarios con prestación sobre o total.

As prestacións de atención á dependencia, tal como se regula no artigo 14 da Lei 39/2006, poderán ter a natureza de servizos e de prestacións económicas e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra banda, á atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

No procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións correspondentes, os servizos sociais establecerán un Programa Individual de Atención (PIA) no que se determinarán as modalidades de intervención máis axeitadas ás súas necesidades, tendo en conta que os servizos terán carácter prioritario.

A prioridade no acceso aos servizos virá determinada polo grao de dependencia e, a igual grao, pola capacidade económica do solicitante. Ata que a rede de servizos se implante totalmente, as persoas en situación de dependencia que non podan acceder aos servizos por aplicación do citado réxime de prioridade terán dereito á prestación económica vinculada. Esta prestación económica terá carácter periódico e será recoñecida unicamente cando non sexa posible o acceso a un servizo público ou concertado.

Os servizos e prestacións económicas do catálogo do Sistema de Atención á Dependencia (SAAD) en Galicia son:

• Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal: ten como obxectivo desenvolver e manter as capacidades persoais para as actividades da vida diaria e afrontar situacións de especial risco que podan agravar a situación de dependencia dunha persoa (terapia ocupacional, atención temperá, estimulación cognitiva, mantemento e recuperación da autonomía funcional, habilitación psicosocial para persoas con enfermidade metal ou discapacidade intelectual, apoios persoais, coidados en aloxamentos especiais, transporte adaptado...).
• Servizo de tele asistencia e xeolocalización: facilita a atención persoal inmediata no entorno habitual da persoa usuaria para responder ante situacións de emerxencia, inseguridade, soidade ou illamento.
• Servizo de axuda no fogar: Actuacións levadas a cabo no entorno das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permitan á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar.
• Servizo de atención diúrna: Atención integral nun centro durante o período diúrno ás persoas en situación de dependencia co obxectivo de mellorar ou manter o nivel de autonomía persoal, así como apoiar ás familias ou persoas coidadoras.
• Servizo de atención nocturna: atención integral nun centro en período nocturno para dar resposta ás necesidades das persoas en situación de dependencias, así como apoiar ás familias ou persoas coidadoras.
• Servizo de atención residencial: Atención integral e continuada as 24 horas do día e nun centro residencial, de carácter personalizado, tendo en conta a natureza da situación de dependencia de cada persoa e a intensidade de coidados que precise.
• Libranza vinculada ao servizo: prestación económica destinada a facilitar o pago dun servizo dos anteriormente mencionados, cando non sexa posible prestalo mediante a rede pública da Comunidade Autónoma de Galicia. As contías no ano 2012 para as solicitudes a partir de xullo así como para as que non teñan resolución de grao, oscilan dende os 300 euros para o grao I ata os 715,07 euros para o grao III.
• Libranza de asistencia persoal: Prestación económica destinada a facilitar a contratación, pola persoa en situación de dependencia, dun asistente persoal profesional que lle preste apoio para o acceso á educación, traballo e unha vida máis autónoma. As contías máximas no ano 2012, son iguais que para a libranza vinculada ao servizo.
• Libranza de coidados no entorno familiar: Prestación económica de carácter excepcional destinada ás persoa en situación de dependencia, que son atendidas no seu domicilio por un coidados non profesional do seu entorno. As contías no ano 2012

para as solicitudes a partir de xullo así como para as que non teñan resolución de grao, oscilan dende os 153 euros para o grao I, ata os 387,64 euros para o grao III.

• Formación e asistencia técnica: Dirixidas aos profesionais do ámbito dos servizos sociais e sanitarios implicados no desenvolvemento do sistema da dependencia.

• Apoio ao coidador: mediante accións formativas de carácter non formal e de apoio ás/aos coidadores non profesionais nas habilidades para o seu propio coidado e para a atención das persoas en situación de dependencia.

A 31 de decembro de 2012, tal e como reflicte o **cadro 4.3.15.**, existen en Galicia un total de 39.040 beneficiarios dos Programas Individuais de Atención, o 5,1% dos beneficiarios totais estatais sendo así a sexta comunidade autónoma con maior porcentaxe de beneficiarios sobre o total. En relación ao ano anterior, cómpre subliñar o significativo incremento no número de beneficiarios en Galicia, con 3.841 máis, sendo a segunda comunidade autónoma onde se rexistra un maior incremento, tanto en termos absolutos como relativos. Así, en Galicia increméntase en case un 11% o número de beneficiarios con prestación, fronte ao 1,7% de incremento medio estatal. O aumento no número de beneficiarios dos PIAs é consecuencia do avance na implantación do modelo en Galicia, pasando de ser a quinta á sétima comunidade cunha menor implantación que, medida como a porcentaxe de beneficiarios con prestacións sobre o total da poboación da comunidade autónoma, é só dun 1,4%, situándose dúas décimas por debaixo da media estatal.

Tendo en conta os tipos de prestacións, destaca asemade, que o 32,9% do total de beneficiarios de servizos e prestacións do catálogo dos PIAs en Galicia reciben prestacións económicas para coidados familiares, 11,6 puntos porcentuais menos que o peso que ditas prestacións teñen de media para o conxunto de beneficiarios do Estado. A seguinte prestación en importancia por número de beneficiarios son as de axuda a domicilio, un 20,46% fronte o 13% de media estatal. Por último, un 17,7% dos beneficiarios terían servizos de atención residencial. A rateo entre servizos e prestacións por persoa beneficiaria sitúase en Galicia no 1,1, mentres que a media estatal é de 1,25 servizos e prestacións por persoa beneficiaria.

No que atinxe ao persoal encargado do coidado das persoas dependentes, cómpre destacar o papel dos coidadores non profesionais, que en termos de seguridade social son aqueles que sexan designados como tais no PIA e cumpran as condicións legalmente previstas. Tal como se sinalou

Beneficiarios de Program

	Beneficiarios con prestacións	Total prestacións	Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	%	Teleasiste
Andalucía	190.160	260.953	-	-	66.528
Aragón	21.125	21.137	-	-	-
Asturias	14.771	17.125	6	0,04	759
Baleares	9.399	9.679	2	0,02	-
Canarias	11.851	11.876	43	0,36	-
Cantabria	13.932	15.099	-	-	1.157
Castela e León	62.088	78.081	7.799	9,99	4.169
Castela-A Mancha	38.441	53.492	1.683	3,15	7.122
Cataluña	137.269	173.913	2.653	1,53	14.355
C. Valenciana	42.816	51.250	342	0,67	8.619
Estremadura	19.386	20.749	712	3,43	370
Galicia	39.040	42.935	403	0,94	1.088
Madrid	81.275	100.576	5.271	5,24	14.616
Murcia	26.187	32.576	1.070	3,28	4.783
Navarra	8.637	10.204	49	0,48	908
País Vasco	39.277	46.652	-	-	3.105
A Rioxa	7.391	11.213	627	5,59	1.514
Ceuta e Melilla	1.924	2.393	231	9,65	234
Total	764.969	959.903	20.891	2,18	129.327

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: *IMSERSO*

4.3.15.

mas Individuais de Atención nas CC.AA. 2012 (1): distribución segundo prestación

	Prestacións												
ncia	Axuda a domicilio		Centros de día/noite		Atención residencial		P.E. vinculada servizo		P.E. coidados familiares		P.E. Asist. persoal		Ratio prestacións por persoa beneficiaria
%		%		%		%		%		%		%	
25,49	49.839	19,10	12.664	4,85	20.774	7,96	3.307	1,27	107.826	41,32	15	0,01	1,37
-	-	-	1.044	4,94	3.103	14,68	3.857	18,25	13.133	62,13	-	-	1,00
4,43	2.245	13,11	1.629	9,51	2.991	17,47	1.372	8,01	8.122	47,43	1	0,01	1,16
-	-	-	834	8,62	1.977	20,43	306	3,16	6.560	67,78	-	-	1,03
-	-	-	2.469	20,79	2.662	22,41	221	1,86	6.481	54,57	-	-	1,00
7,66	888	5,88	1.330	8,81	2.880	19,07	-	-	8.844	58,57	-	-	1,08
5,34	9.291	11,90	7.046	9,02	8.709	11,15	15.292	19,58	25.739	32,96	36	0,05	1,26
13,31	6.784	12,68	1.639	3,06	8.745	16,35	2.420	4,52	25.091	46,91	8	0,01	1,39
8,25	16.186	9,31	7.281	4,19	17.321	9,96	13.144	7,56	102.956	59,20	17	0,01	1,27
16,82	-	-	3.352	6,54	11.933	23,28	4.180	8,16	22.821	44,53	3	0,01	1,20
1,78	547	2,64	903	4,35	3.545	17,09	5.817	28,04	8.855	42,68	-	-	1,07
2,53	8.740	20,36	5.138	11,97	7.587	17,67	5.827	13,57	14.112	32,87	40	0,09	1,10
14,53	23.218	23,09	12.283	12,21	19.458	19,35	5.001	4,97	20.704	20,59	25	0,02	1,24
14,68	-	-	2.258	6,93	2.251	6,91	1.139	3,50	21.075	64,69	-	-	1,24
8,90	498	4,88	229	2,24	1.799	17,63	900	8,82	5.820	57,04	1	0,01	1,18
6,66	4.503	9,65	5.042	10,81	8.601	18,44	1.256	2,69	23.011	49,32	1.134	2,43	1,19
13,50	2.116	18,87	783	6,98	1.303	11,62	479	4,27	4.391	39,16	-	-	1,52
9,78	440	18,39	52	2,17	153	6,39	14	0,59	1.269	53,03	-	-	1,24
13,47	125.295	13,05	65.976	6,87	125.792	13,10	64.532	6,72	426.810	44,46	1.280	0,13	1,25

Beneficiarios con prestacións en relación á poboación das CC.AA. 2012 (1)

	Beneficiarios con prestacións (A)		Beneficiarios con dereito a prestacións (B)		Diferencial B-A
	número	% sobre poboación C.A. (2)	número	% sobre poboación C.A. (2)	número
Andalucía	190.160	2,3	247.411	2,9	57.251
Aragón	21.125	1,6	30.464	2,3	9.339
Asturias	14.771	1,4	19.498	1,8	4.727
Baleares	9.399	0,8	16.103	1,4	6.704
Canarias	11.851	0,6	24.659	1,2	12.808
Cantabria	13.932	2,3	15.598	2,6	1.666
Castela e León	62.088	2,4	64.785	2,5	2.697
Castela-A Mancha	38.441	1,8	51.115	2,4	12.674
Cataluña	137.269	1,8	169.947	2,2	32.678
C. Valenciana	42.816	0,8	64.150	1,3	21.334
Estremadura	19.386	1,7	26.935	2,4	7.549
Galicia	39.040	1,4	61.956	2,2	22.916
Madrid	81.275	1,3	100.964	1,6	19.689
Murcia	26.187	1,8	35.093	2,4	8.906
Navarra	8.637	1,3	9.723	1,5	1.086
País Vasco	39.277	1,8	47.678	2,2	8.401
A Rioxa	7.391	2,3	7.947	2,5	556
Ceuta e Melilla	1.924	1,2	2.062	1,3	138
Total	764.969	1,6	996.088	2,1	231.119

(1) datos a 31-12-2012
(2) calculado sobre a poboación de dereito a 1-1-2012
Fonte: *IMSERSO*

4.3.16.

Cuidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2010-12 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
			(en miles de persoas)				*(%)*
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
xaneiro	8.116	2.893	1.053	1.400	2.770	175.239	4,6
febreiro	7.974	2.832	1.046	1.378	2.718	176.453	4,5
marzo	7.830	2.777	1.029	1.341	2.683	177.494	4,4
abril	7.714	2.736	1.018	1.320	2.640	177.823	4,3
maio	7.596	2.696	1.004	1.295	2.601	178.321	4,3
xuño	7.491	2.650	994	1.279	2.568	179.435	4,2
xullo	7.405	2.622	981	1.260	2.542	179.829	4,1
agosto	7.311	2.597	972	1.241	2.501	177.348	4,1
setembro	7.220	2.573	963	1.222	2.462	174.822	4,1
outubro	7.062	2.514	939	1.191	2.418	171.713	4,1
novembro	2.407	775	406	496	730	25.350	9,5
decembro	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7

(1) datos anuais a 31 de decembro; datos mensuais: último día de cada mes
Fonte: *Seguridad Social*

4.3.17.

anteriormente, o cambio nas condicións de afiliación á Seguridade Social dos coidadores non profesionais determina claramente o brusco descenso no número de afiliacións, que pasa de 8.206 a 2.316 a 31 de decembro de 2012. A evolución mensual da afiliación, **cadro 4.3.17.**, determina como no mes de novembro danse de baixa 4.655 coidadores non profesionais, data fixada polo Real Decreto-Lei 20/2012 como límite para a solicitude expresa de mantemento da afiliación, nas novas condicións establecidas. O número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais representa en Galicia o 9,7% do total estatal, fronte ao 4,7% do ano anterior, como consecuencia do descenso en case o 90% das afiliacións no conxunto do Estado.

Por último, en relación a aplicación da Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de Dependencia, cómpre sinalar que tal e como recolle a Avaliación realizada no ano 2012 polo Consello Territorial para a Autonomía e Atención á Dependencia, e, en correspondencia co anteriormente analizado, o número de persoas beneficiarias con dereito a prestación en grao III de gran dependencia, niveis 1 e 2, acada a 1 de xaneiro de 2012 un total de 29.017 persoas, o que significa un 75% máis das previstas no ano 2007. O cal, xunto a débil consolidación do modelo en Galicia, explicaría que no ano 2012, un 37% de persoas con dereito a prestación non dispoñan dela, o que converte a nosa comunidade na terceira con máis porcentaxe de persoas no chamado *"limbo da dependencia"*.

O envellecemento e a dependencia están intimamente relacionados entre si e coa necesidade de prazas residenciais en centros específicos. Os datos facilitados polo Instituto de Maiores e Servicios Sociais (Imserso), a novembro de 2011, Galicia tería en torno a 270 residencias, 217 privadas e 53 públicas, así como 17.892 prazas en residencias de maiores, das que 13.608 son privadas e 4.284 son públicas. Destaca o feito de que a rateo entre o número de prazas (17.892) e o número de persoas maiores de 65 anos (629.444) é do 2,8%, cando a nivel estatal é dun 4,3%. Neste senso, Galicia é, en comparación, unha das comunidades autónomas na que unha menor porcentaxe de persoas

maiores de 65 anos ten a posibilidade de ter praza nunha residencia.

No que respecta ao ámbito das persoas con discapacidade, o Consello do Goberno da Xunta de Galicia aprobou, o 10 de decembro de 2010, o **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013**, modificado, a proposta da comisión de seguimento e avaliación, en outubro de 2011.

O informe de seguimento do Plan de acción integral para as persoas discapacitadas, no ano 2011, presenta as actuacións programadas e efectivamente executadas para esa anualidade; neste senso por áreas de intervención prioritaria do Plan observamos que:

• Na área de Protección de datos, execútanse 12 das 15 medidas programadas para 2011, o que implica unha execución do 80%. Comparativamente con 2010, se ben en termos de porcentaxe de execución o valor diminuíu, o número de actuacións realizadas aumentou, pasando de 7 en 2010 a 12 en 2011.

• Na área de Igualdade de xénero e transversalidade, no exercicio 2011 rexistrouse actividade en 21 das 25 medidas programadas para esta anualidade, o que implica un nivel de execución do 84% na área 2 do plan de acción. En comparación co exercicio anterior, este plan de acción na área de igualdade de xénero e transversalidade cursou con actividade en 21 actuacións en 2011 fronte ás sete executadas en 2010 (dun total de dez previstas).

• Na área de Accesibilidade, do total programado para 2011, 42 medidas en materia de accesibilidade, tiveron actividade 38, o que supón actividade no 90,5% do total programado para dito exercicio na área 3. Comparativamente co exercicio 2010, pásase dun nivel de execución do 66,7% a un 90,5%. En canto ao número de actuacións executadas ou con actividade, en 2010 foi de 18 e en 2011 sobe ata un total de 38.

• Na área de Promoción da autonomía persoal, das 29 medidas previstas quedou unha sen actividade en 2011. Isto implica actividade no 96,6% das actuacións da área 4 de Promoción da autonomía persoal. Deste xeito pásase dun nivel de execución do 90,3%, en 2010, ao 96,6%, no seguinte ano. Por número de actuacións, se en 2010 se rexistrou actividade en 20 actuacións das programadas, en 2011 a actividade afectou a un total de 28 actuacións.

• Na área de Educación, o plan de discapacidade tivo actividade en 25 das 26 medidas programadas; en consecuencia, estaríase a falar na área de Educación dun nivel de execución de arredor do 96% (87% no exercicio 2010). En canto ao número de actuacións e comparando ambas anualidades, fronte ás 20 actuacións con actividade en 2010, en 2011 conseguiuse actividade en 25.

• Na área de Formación e emprego, das 40 actuacións programadas para 2011 quedaron sen actividade 8, o que implica un nivel de execución para esta área dun 80%. En canto ao número de actuacións con actividade cabe destacar que foron 32 en 2011, fronte ás 20 de 2010.

• Na área de Recursos no ámbito dos Servizos Sociais, das 25 actuacións programadas para a anualidade 2011, 22 tiveron actividade en dito exercicio, o que implica un nivel de execución de área do 88%. En perspectiva comparativa, se en 2010 se traballou en 15 actuacións, en 2011 conseguiuse actividade nun total de 22.

• Na área de Saúde e atención sociosanitaria, das 15 actuacións programadas para

Persoas discapacitadas 2012 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación discapacitada	224.127	94.877	21.161	26.426	81.663
Grupos de idade					
Menos de 6 anos	1.011				
De 7 a 15 anos	3.341				
De 16 a 29 anos	8.913				
De 30 a 49 anos	40.505				
De 50 a 64 anos	55.749				
De 65 a 74 anos	44.058				
Máis de 75 anos	70.543				
Non consta	7				
Tipo de discapacidade	284.404	125.443	30.534	21.932	106.495
física	163.071	73.618	15.818	11.912	61.723
sensorial	41.215	17.540	4.984	3.375	15.316
psíquica	80.118	34.285	9.732	6.645	29.456

(1) persoas con discapacidade recoñecida, igual ou superior ó 33%
Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.18.

a anualidade 2011, unha non contou con actividade en dito exercicio, o que supón un 93,3% de execución. A situación en 2010 foi de cinco actuacións con execución de tarefas (das seis programadas), e en 2011 foron 14 as actuacións con actividade rexistrada.

• Na área de Atención temperá, das 12 medidas programadas para 2011, houbo actividade en 8, o que implica un 66,7% do previsto. Comparativamente con 2010, diminuíu o índice de execución de área, aínda que pasou de ter actividade en dúas actuacións en 2010 a oito actuacións con actividade en 2011.

• Na área de Cultura, deporte e tempo de lecer, das 23 actuacións programadas en 2011, houbo actividade en 15 (no 65,2% do total de área). Non obstante, tendo en conta a actuación de nova incorporación de Turgalicia, dita porcentaxe ascende a un 69,6%.

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 cursou no ano 2011 con actividade nun total de 216 actuacións, sendo mulleres o 55,3% dos beneficiarios das actuacións.

No ano 2012 según datos da Consellería de Traballo e Benestar, en Galicia existe un total de 224.127 persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, 1.530 persoas máis que no ano anterior, das que un 51,1% teñen máis de 65 anos. Por tipo de discapacidade, 163.071 persoas teñen unha discapacidade física, 80.118 unha discapacidade psíquica e 41.215 unha discapacidade sensorial (**táboa 4.3.18.**).

En relación á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade , en Galicia no ano 2012 asináronse un total de 640.745 contratos, 5.541 menos que os rexistrados no ano anterior. Do total de contratos asinados, só 384 serían contratos para persoas con discapacidade, e 774 contratos temporais de persoas con discapacidade, o que supón que só 6 e 12 de cada 10.000 contratos iniciais asinados no ano 2012 en Galicia son indefinidos con persoas con discapacidade e temporais con persoas con discapacidade, respectivamente.

Por sectores, un 82,3% dos contratos iniciais indefinidos para discapacitados así como un 81% dos contratos temporais para discapacitados son do sector servizos.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas nas CC.AA. 2012: distribución segundo tipo e sexo

	Total			Contratos persoas con discapacidade			Contratos temporais persoas con discapacidades		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.333.225	1.897.144	1.436.081	694	437	257	2.381	1.486	895
Aragón	369.999	202.809	167.190	199	118	81	417	252	165
Asturias	236.726	112.434	124.292	210	116	94	357	223	134
Baleares	299.292	158.703	140.589	225	132	93	384	218	166
Canarias	503.570	252.220	251.350	247	130	117	587	348	239
Cantabria	145.155	66.150	79.005	102	55	47	149	87	62
Castela-A Mancha	525.484	326.077	199.407	267	165	102	478	320	158
Castela e León	578.533	294.580	283.953	354	198	156	717	435	282
Cataluña	1.962.690	1.007.140	955.550	1.052	606	446	2.877	1.752	1.125
C. Valenciana	1.226.709	698.211	528.498	689	436	253	1.345	795	550
Estremadura	473.260	291.228	182.032	140	89	51	256	166	90
Galicia	640.745	329.834	310.911	384	214	170	774	421	353
A Coruña	271.066	134.292	136.774	166	89	77	289	160	129
Lugo	62.947	32.151	30.796	38	21	17	89	56	33
Ourense	49.395	23.922	25.473	29	13	16	92	49	43
Pontevedra	257.337	139.469	117.868	151	91	60	304	156	148
Madrid	1.525.035	799.614	725.421	1.207	646	561	2.252	1.278	974
Murcia	552.778	365.640	187.138	315	209	106	649	408	241
Navarra	202.542	99.332	103.210	88	49	39	172	122	50
País Vasco	657.403	318.262	339.141	201	113	88	743	502	241
A Rioxa	99.144	57.332	41.812	61	27	34	96	67	29
Ceuta e Melilla	31.660	15.428	16.232	34	13	21	25	17	8
Estranxeiro	9.161	7.581	1.580	-	-	-	-	-	-
Total	13.373.111	7.299.719	6.073.392	6.469	3.753	2.716	14.659	8.897	5.762

Fonte: *Servicio Público de Empleo Estatal*

4.3.19.

Asemade, do total de contratos convertidos a indefinidos no 2012, 145 son con discapacitados.

Familia e infancia

No que respecta ás familias e modelos familiares, no ano 2011, tal e como reflicte o **cadro 4.3.20.,** un 32,5% dos fogares galegos estaban constituídos por parellas con fillos, seguidos de parellas sen fillos, co 23%, e dos fogares unipersoais, co 21,7%.

Dende o ano 2008, obsérvase unha redución do peso dos fogares constituídos por parellas con fillos (35,2% do total no ano 2008, fronte ao 32,5% no ano 2011), así como un incremento do peso porcentual das parellas sen fillos, 21,4% do total no ano 2008 e o 23% no ano 2011.

Por outra banda, en relación ao ano 2010, observamos cambios en relación á composición dos fogares unipersoais. Neste senso, descende en 3,6 puntos porcentuais a porcentaxe de fogares unipersoais compostos por mulleres, sendo esta a tipoloxía de fogar elixida polo 30% do total de mulleres galegas, fronte a só o 15,5% dos homes. Asemade, a porcentaxe de mulleres e homes en fogares compostos por parellas con fillos é, respectivamente, do 40% e do 23%.

No ano 2011 tíñanse expedidos en Galicia un total de 6.519 títulos de **familia numerosa**, dos que 627 son de categoría especial, isto é, familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro fillos ou fillas cando ao menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén poderán incluírse

Tipoloxía de fogares 2008-11: distribución segundo o sexo da persoa principal

	total	home	muller
		(%)	
Unipersoal			
2008	19,64	12,12	32,67
2009	19,81	12,81	30,20
2010	21,53	13,99	33,40
2011	21,72	15,52	29,82
Sen núcleo			
2008	2,56	1,81	3,86
2009	2,13	1,42	3,19
2010	2,22	1,89	2,74
2011	2,22	1,72	2,86
Parella con fillos			
2008	35,21	43,56	20,73
2009	34,22	42,96	21,24
2010	33,02	40,80	20,80
2011	32,49	39,77	22,98
Parella sen fillos			
2008	21,42	24,98	15,26
2009	22,79	25,74	18,41
2010	22,56	27,14	15,36
2011	23,01	26,92	17,89
Monoparental			
2008	8,64	5,10	14,79
2009	9,40	5,49	15,20
2010	9,61	5,14	16,65
2011	9,74	6,06	14,55
Un núcleo e outros			
2008	8,49	8,57	8,37
2009	7,82	8,03	7,51
2010	7,25	7,40	7,00
2011	7,35	6,87	7,98
Varios núcleos			
2008	4,04	3,87	4,33
2009	3,84	3,57	4,26
2010	3,81	3,65	4,05
2011	3,48	3,15	3,91

Fonte: *IGE*

4.3.20.

Títulos de familia numerosa 2011 (1)

	Títulos expedidos			Títulos en vigor		
	Total	categoría xeral	categoría especial	Total	categoría xeral	categoría especial
Total	6.519	5.892	627	19.293	17.993	1.300
A Coruña	2.786	2.502	284	7.965	7.423	542
Lugo	567	525	42	1.795	1.697	98
Ourense	517	469	48	1.762	1.599	163
Pontevedra	2.649	2.396	253	7.771	7.274	497

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.21.

Adopcións nacionais 2002-2012

	2002				2012			
	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos
Total	220	95	77	92	158	56	52	49
A Coruña	75	35	31	25	52	12	17	10
Lugo	34	13	7	8	10	2	11	2
Ourense	26	17	8	9	23	11	10	12
Pontevedra	85	30	31	50	73	31	14	25

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.22.

Solicitudes de adopción internacionais 2001-12

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2001	210	104	28	13	65
2002	302	146	27	19	110
2003	397	176	48	17	156
2004	683	304	80	64	235
2005	658	282	60	55	261
2006	618	274	62	56	226
2007	509	208	64	47	190
2008	344	133	47	35	129
2009	361	183	40	23	115
2010	364	164	42	28	130
2011	302	160	32	24	86
2012	199	104	20	13	62

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

■ 4.3.23.

nesta categorías as familias con catro fillos ou fillas con ingresos inferiores ao 75% do IPREM vixente. A 31 de decembro do 2011, existían en Galicia 19.293 títulos de familia numerosa en vigor.

No que respecta ás solicitudes de **adopción**, na última década existe un descenso no número de solicitudes de adopcións nacionais en Galicia, que pasan de 220 no ano 2002 a 158 no 2012. Dita situación é consecuencia fundamentalmente da redución nun 35% no número de solicitudes no ano 2012 respecto ao 2011, 243 solicitudes menos. No caso das adopcións internacionais, que viñan mostrando ata o ano 2011 un incremento en relación ao inicio da década, no ano 2012 descenden de xeito significativo, nun 34%, acadando tan só 199 solicitudes, o número máis baixo de toda a década, por debaixo das 210 do ano 2001, e lixeiramente superior ás 154 solicitudes do ano 2000.

- **Prestacións e axudas públicas no ámbito da familia e a infancia.**

– Prestacións por risco durante o embarazo: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. Tal como mostra o **cadro 4.3.24.**, no ano 2012 prodúcese novamente un incremento dos procesos en vigor tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (744 en 2011 e 861 en 2012), como no caso das traballadoras por conta propia (40 en 2011 e 46 en 2012), aínda que se reduce tanto para as traballadoras por conta propia como por conta allea a duración media dos procesos finalizados.

No que respecta á comparativa con outras CCAA, Galicia é a sétima comunidade en canto a procesos en vigor no ano 2012 para traballadoras por conta allea (sétima tamén en canto á duración media dos mesmos), así mesmo está no sétimo lugar, xunto a Cataluña, en canto a procesos en vigor para traballadoras por conta propia, (trixésima en canto á duración media destes procesos).

– Prestacións por risco durante a lactancia

Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2011-12

	2011		2012	
	Galicia	España	Galicia	España
Prestacións por risco durante o embarazo				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	199,8	4.607,3	226,5	4.872,8
Procesos en vigor ó final do período	744,0	16.458,0	861,0	16.430,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	106,4	106,2	100,9	101,1
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	10,6	245,3	14,1	276,2
Procesos en vigor ó final do período	40,0	728,0	46,0	780,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	79,4	83,5	74,8	79,6
Prestacións por risco durante a lactancia natural				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	5,8	87,3	3,8	70,8
Procesos en vigor ó final do período	41,0	470,0	38,0	405,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	143,2	118,4	139,1	121,4
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	0,5	4,6	0,6	4,9
Procesos en vigor ó final do período	2,0	25,0	5,0	22,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	59,3	99,7	160,3	111,4

Fonte: *Seguridad Social*

4.3.24.

Prestacións de maternidade nas CC.AA. 2011-12

	2011			2012		
	percibidas pola nai	percibidas polo pai		percibidas pola nai	percibidas polo pai	
			(% / total)			*(% / total)*
Andalucía	57.007	652	1,1	52.080	623	1,2
Aragón	8.927	194	2,1	8.183	137	1,6
Asturias	5.497	141	2,5	5.187	128	2,4
Baleares	7.593	122	1,6	6.729	93	1,4
Canarias	10.468	170	1,6	9.862	130	1,3
Cantabria	3.842	103	2,6	3.566	97	2,6
Castela-A Mancha	12.273	163	1,3	11.192	153	1,3
Castela e León	13.935	350	2,5	13.046	277	2,1
Cataluña	56.340	1.004	1,8	51.837	831	1,6
C. Valenciana	32.113	419	1,3	29.302	347	1,2
Estremadura	6.434	61	0,9	5.877	49	0,8
Galicia	16.130	334	2,0	14.859	334	2,2
Madrid	52.832	956	1,8	48.885	773	1,6
Murcia	10.264	69	0,7	9.539	64	0,7
Navarra	5.112	199	3,7	4.859	169	3,4
País Vasco	16.930	798	4,5	15.954	759	4,5
A Rioxa	2.134	45	2,1	2.054	49	2,3
Ceuta e Melilla	776	18	2,3	693	15	2,1
Total	318.607	5.798	1,8	293.704	5.028	1,7

Fonte: *Seguridad Social*

4.3.25.

Prestacións de paternidade nas CC.AA. 2011-12

	2011	2012
Andalucía	42.051	37.973
Aragón	8.405	7.681
Asturias	4.675	4.303
Baleares	5.747	4.906
Canarias	8.696	7.990
Cantabria	3.418	3.192
Castela-A Mancha	11.697	10.542
Castela e León	12.514	11.859
Cataluña	51.174	46.496
C. Valenciana	26.889	23.888
Estremadura	5.313	4.722
Galicia	12.661	11.656
Madrid	44.702	40.744
Murcia	8.566	7.761
Navarra	4.785	4.665
País Vasco	15.741	14.951
A Rioxa	2.075	1.973
Ceuta e Melilla	606	565
Total	269.715	245.867

Fonte: *Seguridad Social*

4.3.26.

natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. Tal como se mostra no **cadro 4.3.24.**, no ano 2012 con 38 procesos en vigor para traballadoras por conta allea, Galicia é a terceira comunidade autónoma, xunto con Valencia, por numero de procesos, tras Madrid (108) e Cataluña (49).

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos

No ano 2012, concedéronse 15.193 prestacións de maternidade, 1.271 menos que no ano anterior. Do total, 14.859 serían percibidas pola nai e só 334, un 2,2% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,7%), pero inferior ás porcentaxes alcanzadas no País Vasco (4,5%) ou Navarra (3,4%), que, igual que en anos anteriores, son as máis elevadas do Estado.

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento.

No ano 2012, tal e como amosa o **cadro 4.3.26.**, en consonancia co acontecido no resto de CCAA, descende o número de prestacións de paternidade, concedéndose

Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2010-11: prestacións periódicas

	2010		2011	
	beneficiarios (media anual)	importe (en miles de euros / ano)	beneficiarios (media anual)	importe (en miles de euros / ano)
Andalucía	219.694	251.842	233.656	246.648
Aragón	15.807	30.001	17.453	30.366
Asturias	15.608	33.133	16.282	33.734
Baleares	11.807	19.196	13.227	19.536
Canarias	52.545	67.466	54.844	66.808
Cantabria	7.660	16.104	8.149	16.474
Castela-A Mancha	33.188	52.379	35.969	52.765
Castela e León	35.768	76.860	36.934	77.908
Cataluña	91.465	150.646	100.087	153.527
C. Valenciana	90.045	128.642	98.154	128.867
Estremadura	26.717	37.830	26.969	37.063
Galicia	41.502	83.141	42.128	84.028
Madrid	70.747	126.353	76.512	128.272
Murcia	36.131	52.220	39.038	51.532
Navarra	6.785	14.048	7.389	14.229
País Vasco	23.781	51.768	23.916	52.671
A Rioxa	4.223	7.337	4.711	7.431
Ceuta e Melilla	8.507	9.023	8.535	8.143
Total	791.980	1.207.988	843.951	1.210.001

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

4.3.27.

Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2010-11: prestacións de pago único

	2010					2011				
	beneficiarios por parto ou adopción multiple	beneficiarios por nacemento ou adopción de fillo en determinados supostos				beneficiarios por parto ou adopción multiple	beneficiarios por nacemento ou adopción de fillo en determinados supostos			
		Total	familias numerosas	familias monoparentais	familias con nais discapacitadas		Total	familias numerosas	familias monoparentais	familias con nais discapacitadas
Andalucía	1.560	4.849	3.620	1.184	45	1.610	4.776	3.596	1.143	37
Aragón	248	585	459	126	-	271	632	493	135	4
Asturias	119	238	135	102	1	144	238	148	83	7
Baleares	181	593	448	144	1	190	500	388	109	3
Canarias	284	1.016	591	406	19	305	925	568	346	11
Cantabria	94	175	109	61	5	117	180	109	67	4
Castela-A Mancha	357	1.151	914	230	7	317	1.064	871	185	8
Castela e León	368	824	601	214	9	371	767	566	191	10
Cataluña	1.574	4.066	3.231	815	20	1.569	3.614	2.973	626	15
C. Valenciana	990	2.599	1.942	629	28	978	2.642	1.985	631	26
Estremadura	135	566	432	127	7	158	572	427	125	20
Galicia	363	662	408	236	18	347	562	343	206	13
Madrid	1.198	2.341	1.485	838	18	1.329	2.306	1.506	790	10
Murcia	308	1.287	1.047	230	10	275	1.255	1.032	212	11
Navarra	130	306	229	75	2	141	281	210	70	1
País Vasco	469	554	311	242	1	515	529	340	185	4
A Rioxa	58	209	190	18	1	61	271	234	37	-
Ceuta e Melilla	32	418	363	49	6	26	367	331	28	8
Total	8.468	22.439	16.515	5.726	198	8.724	21.481	16.120	5.169	192

(1) único cobro de 2500 € , como prestación non contributiva ou deducción no IRPF

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.28.

Excedencias por coidados familiares nas CC.AA. 2010-2011

	2010				2011			
	coidados de fillos		coidados de familiares		coidados de fillos		coidados de familiares	
	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres
Andalucía	161	3.466	110	512	155	3.324	118	523
Aragón	49	1.178	37	168	34	1.105	34	198
Asturias	15	313	6	42	22	304	7	44
Baleares	39	867	19	98	42	792	24	98
Canarias	50	478	21	58	48	456	19	50
Cantabria	14	294	9	47	16	287	17	55
Castela-A Mancha	66	1.518	43	196	55	1.476	46	217
Castela e León	87	2.927	43	250	77	2.377	43	243
Cataluña	218	4.529	130	693	215	4.559	118	657
C. Valenciana	119	3.641	98	457	114	3.445	101	423
Estremadura	23	361	15	51	33	356	13	39
Galicia	29	482	26	96	35	520	23	117
Madrid	418	6.983	237	1.761	378	7.117	243	1.795
Murcia	57	1.605	50	395	50	1.437	38	402
Navarra	81	1.457	20	138	75	1.544	30	130
País Vasco	137	2.799	53	189	173	3.180	43	228
A Rioxa	9	320	10	58	6	298	9	53
Ceuta e Melilla	1	21	-	-	1	22	-	4
Total	1.573	33.239	927	5.209	1.529	32.599	926	5.276

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.29.

un total de 11.656 prestacións, 1.005 menos que no ano anterior. O 4,7% do total estatal de prestacións de paternidade no 2012 foron concedidas en Galicia, sendo a sétima comunidade autónoma en número de prestacións.

Prestacións familiares por fillo a cargo: PTE

Excedencias por coidados familiares nas CCAA: PTE

Violencia e maltrato

A violencia é o uso intencional da forza física ou poder contra un/unha mesmo/a, cara outra persoa, grupo ou comunidade que ten como consecuencia probables lesións físicas, danos psicolóxicos, alteracións do desenvolvemento, abandono e incluso morte. Debemos distinguir distintos tipos de violencia, en concreto a violencia de xénero e a violencia familiar.

A **violencia de xénero** está dirixida ás mulleres polo mesmo feito de selo, é dicir, por considerar que o sexo feminino é inferior e debe continuar nunha posición de subordinación con respecto ao masculino.

A **violencia familiar** é infrinxida por persoas do medio familiar e dirixida, xeralmente, ás persoas máis vulnerables do mesmo: nenos, nenas, persoas anciáns, persoas discapacitadas. A violencia doméstica está dirixida á persoa ou persoas que convivan xuntas. Non é preciso que existan lazos familiares.

No que respecta á violencia de xénero, o número de denuncias ata o mes de setembro do ano 2012 foi de 3.667, o 3,8% do total estatal.

Dende a súa posta en marcha no ano 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuíto e universal. A cifra total de chamadas referentes a violencia de xénero atendidas

Denuncias por violencia de xénero en Galicia e España 2007-12 (1)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	5.181	5.959	6.068	5.270	5.153	3.667
A Coruña	1.983	2.402	2.401	1.997	1.875	1.215
Lugo	433	538	581	502	559	387
Ourense	564	660	619	685	540	343
Pontevedra	2.201	2.359	2.467	2.086	2.179	1.722
España	126.293	142.215	135.540	134.105	134.002	97.413

(1) os datos de 2012 son ata o mes de setembro

Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género* e *CGPJ*

■ 4.3.30.

Vítimas mortais por violencia de xénero nas CC.AA. 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Andalucía	8	9	14	17	16	8
Aragón	2	1	-	2	2	-
Asturias	2	1	-	5	2	1
Baleares	1	1	1	2	1	2
Canarias	6	5	5	7	3	2
Cantabria	2	-	-	-	-	-
Castela-A Mancha	5	3	1	3	1	3
Castela e León	3	6	1	4	2	2
Cataluña	12	10	10	12	9	12
C. Valenciana	10	10	9	8	8	6
Estremadura	-	-	1	1	-	1
Galicia	5	7	3	2	3	4
Madrid	9	11	5	7	9	6
Murcia	2	4	2	1	2	-
Navarra	1	3	-	-	1	-
País Vasco	2	3	2	2	2	2
A Rioxa	-	2	1	-	-	-
Ceuta e Melilla	1	-	1	-	-	-
Total	71	76	56	73	61	49

Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*

■ 4.3.31.

polo 016 dende o 3 de setembro de 2007 ata o 31 de decembro de 2012, no conxunto de España, foi de 353.392, das que 16.045 foron efectuadas desde Galicia (4,5%)

Segundo o número de chamadas, Galicia é a sétima comunidade autónoma: 82.617 foron realizadas desde Madrid (23,4% do total), 59.710 dende Andalucía (16,9%), 45.709 dende Cataluña (12,9%), 36.683 dende Valencia (10,4%), 21.798 dende Canarias (6,2%), 16.496 dende Castela e León (4,7%), 16.045 dende Galicia (4,5%), 12.923 dende Castela–A Mancha (3,7%) e 10.351 dende Murcia (2,9%). O menor número de chamadas procedían de Ceuta, Melilla e A Rioxa, con 545, 775 e 1.794, respectivamente, e cun peso sobre o total, entre as tres, do 0,9%.

Tal e como amosa o **cadro 4.3.31.**, Galicia rexistrou ao longo do ano 2012 catro mortes por violencia de xénero, unha máis que no ano anterior, cifra que representa o 8,2% do total de casos rexistrados en toda

Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia 2003-12

		Galicia	España	% Galicia / España
Contratos bonificados	**2003-2012**	168	3.687	4,6
Contratos de sustitución	**2005-2012**	24	1.015	2,4
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción	**2006**	511	10.924	4,7
	2007	569	13.291	4,3
	2008	641	16.883	3,8
	2009	794	22.010	3,6
	2010	921	25.512	3,6
	2011	1.016	29.065	3,5
	2012	1.084	30.716	3,5
Axudas para cambio de residencia	**2005-2012**	743	12.628	5,9

Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*

4.3.32.

España no mesmo ano. Respecto ao 2011, dita porcentaxe crece en Galicia en case catro puntos porcentuais como consecuencia da redución de doce vítimas mortais no ano 2012 en toda España.

No que respecta aos dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia ata 2012, o **cadro 4.3.32.** mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero desde o ano 2003 ata 2012 ascenderon a 168 o 4,6% do total estatal; o número de mulleres vítimas de violencia perceptoras da Renda Activa de Inserción é crecente dende o ano 2006, ata acadar 1.084 mulleres en 2012.

Finalmente, no que atinxe á violencia infantil, e segundo a estatística de medidas de protección da infancia publicada polo Observatorio da Infancia no ano 2011, que reflicte datos que son considerados pola propia estatística como orientativos, Galicia é a terceira comunidade autónoma onde se rexistrou no ano 2010, último dispoñible, un maior número de expedientes abertos de violencia infantil, en concreto 4.537, o que arroxa unha taxa de 1.179,2 expedientes por cada 100.000 nenos. Ao marxe de que en torno ao 50% dos expedientes abertos en Galicia se correspondan con medidas diferentes ás de garda e tutela, no 2010 rexístranse 1.432 tutelas e 19 gardas. En termos de acollemento residencial, rexistráronse 451 altas, existindo en total no citado ano 707 medidas de acollemento residencial, arroxando unha taxa de 183,7 medidas por cada 100.000 menores.

Así mesmo, no que atinxe ao acollemento administrativo, Galicia cunha taxa de 411,2 acollementos deste tipo por cada 100.000 nenos, é a comunidade autónoma cun maior número de acollementos administrativos rexistrados no ano 2010. ■

CATROCATRO. medio ambiente e desenvolvemento sostible

A ameaza do cambio climático esixe dunha acción conxunta a nivel internacional. Baixo o abeiro do Protocolo de Kioto, aprobado o 11 de decembro de 1997, que se constitúe como o principal instrumento de loita internacional contra o cambio climático e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, as Partes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático reuníronse na súa 17ª ***Conferencia*** celebrada en ***Durban*** entre o 28 de novembro e o 9 de decembro de 2011. O principal obxectivo era reforzar o marco multilateral de loita contra o cambio climático e entre as decisións acordadas e os compromisos finais resultantes destacan os seguintes:

- O compromiso de avanzar cara a un marco legal universal de redución de emisións.
- A fixación dun segundo período de compromiso do Protocolo de Kyoto.
- Reforzar os mecanismos de cuantificación dos obxectivos de redución das emisións dos países desenvolvidos así como os instrumentos de supervisión, información e seguemento multilateral do proceso de redución de emisións
- Aprobación de mecanismos para apoiar aos países menos desenvolvidos a elaborar e financiar medidas ou políticas de mitigación axeitadas.
- Creación do Comité Tecnolóxico Executivo e dun Centro Rede de Tecnoloxía do Clima co propósito de axudar á conxugar o desenvolvemento tecnolóxico e o crecemento económico sostible a través da transferencia tecnolóxica.
- Dotar de maior solidez e coordinación aos mecanismos de financiamento.
- Créase o Fondo Verde para o Clima coa misión de facilitar e apoiar proxectos, políticas, programas e outras medidas levadas a cabo polos países en desenvolvemento co obxecto de reducir as emisións de gases efecto

invernadoiro e adaptarse aos impactos do cambio climático.

Do 26 de novembro ao 7 de decembro de 2012 celebrouse en ***Doha*** (Qatar) a 18ª sesión da Conferencia das Partes, que tiña como principal expectativa avanzar dende os compromisos negociados nos últimos anos cara á implementación dos mesmos por parte das partes implicadas. Así mesmo, os obxectivos fundamentais eran a ampliación, cara a xaneiro de 2013 do segundo período do compromiso do Protocolo de Kyoto así como todos os acordos de apoio financeiro aos países en desenvolvemento e a concienciación dos gobernos rexionais, sociedade civil e sector privado nas accións de loita contra o cambio climático.

A Conferencia de Nacións Unidas sobre Cambio Climático concluíu coa aprobación da prórroga ata 2020 do período de compromiso do Protocolo de Kyoto, o tratado que busca controlar as emisións de gases que provocan o quecemento global, coa obxección dalgúns países como Xapón, Rusia, Canadá e Nova Zelanda.

O acordo acadado en Doha, ademais de prorrogar Kyoto oito anos, apraza ata 2013 as negociacións sobre a demanda dos países en vías de desenvolvemento do financiamento necesario para axudar a frear as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).

A nivel comunitario, no que respecta ás políticas medioambientais, salienta como prioridade fundamental da ***Estratexia Europa 2020***, aprobada o 3 de Marzo de 2010 no seo da Comisión Europea, acadar un crecemento europeo sostible, no que a economía faga un uso máis eficaz dos recursos, sendo máis verde e competitiva, apoiando un cambio cara a unha economía con baixas emisión de carbono, cun incremento das fontes de enerxía renovables, cunha modernización do sector do transporte e maior eficacia enerxética. En concreto sinálanse como principais obxectivos de sostenibilidade a acadar no ano 2020, os de redución de emisións de gases efecto invernadoiro nun 20% en comparación cos niveis de 1990, o incremento da porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e o aumento nun 20% na eficiencia enerxética.

En virtude desta Estratexia Europa 2020, e dos seus obxectivos e prioridades, os Estados membros elaboran e implementan, tanto a nivel nacional como rexional, unha serie de políticas e actuacións co obxecto de lograr o seu cumprimento. A nivel español, destaca o ***Plan Nacional de Reformas*** de 2011, que recolle os obxectivos nacionais a medio prazo en materia de política económica e que adica un apartado a enerxía e o clima onde se sinalan os principais ámbitos de actuacións, destacando as reducións de emisións, as enerxías renovables, a eficiencia enerxética ou a I+D en tecnoloxías limpas.

Tal como se recolle na **táboa 4.4.1.**, no que respecta ao cumprimento por parte do

Es

Cambio climático e enerxía	
Cambio en emisións de GEI fora do RCCDE (1)	
obxectivo nacional EU 2020	
obxectivo proposto (negativo = reducción mínima, po máximo)	
Enerxías renovables no consumo final bruto de enerxía	
obxectivo nacional EU 2020	
incremento necesario para acadar o obxectivo propo	
cambio na taxa	
Potencial de enerxía eólica	
Recursos de enerxía solar	
Medio ambiente	
Poboación conectada a plantas de tratamento de augas	
Concentración de partículas finas (PM10) a nivel superfic	
Exceso de concentracións de ozono	
Cumprimento da directiva UE sobre habitats	

(1) Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión
Fonte: *Comisión Europea*

4.4.1.

stratexia 2020: indicadores de crecemento sostible de España

	unidades	período	España	Unión Europea		
				media	dato mínimo	dato máximo
	(% cambio)	2005-2009	-0,2	-2,6	-14,1	24,4
	(%)	2020	-10,0	-10,0	-20,0	20,0
ositivo = incremento	*(puntos %)*	2009-2020	-9,8	-7,4	-17,6	24,1
		2010	13,8	12,4	0,4	47,9
	(% / enerxía consumida)	2020	20,0	20,0	10,0	49,0
sto		2010-2020	6,2	7,6	0,6	11,8
	(variación de puntos %)	2006-2010	4,8	3,4	0,2	8,2
	(horas totais de carga / ano)	2000-2005	652,8	1.261,0	457,1	3.186,7
	(media de recursos de enerxía solar en KWh/ano)	-	1.819,9	1.358,3	1.053,0	2.001,0
residuais	*(% / poboación total)*	2008	92,0	-	29,0	99,0
cial	*(concentración media anual (µg/m3)*	2009	13,5	16,0	5,5	22,7
	(número de días con exceso)	2008	6,9	11,8	1,8	46,2
	(% cumprimento das propostas)	2010	99,0	89,0	40,0	100,0

Estado español dos indicadores de crecemento sostible, mostran como no período 2009-2020 España deberá reducir as emisións de GEI nun 9,8%, así como incrementar en máis dun 6% o seu consumo de enerxías renovables.

En Galicia, e seguindo os principios orientadores da política económica recollidos na Estratexia Europa 2020, elabórase o ***Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020***, que se configura como o principal instrumento orientador da política económica do goberno autonómico. O eixe 4 do citado Plan, de sostibilidade ambiental e equilibrio territorial, ten como obxectivo fundamental o de acadar en Galicia un equilibrio entre solidariedade e cohesión territorial cun desenvolvemento sustentable, coa valorización do contorno e o respecto ao medio ambiente. Para a consecución do obxectivo final se definen tres obxectivos estratéxicos, aos que se asocian, tal como se mostra na **táboa 4.4.2.**, unha serie de programas e plans de actuación. Os obxectivos estratéxicos son:

1.- OE 4.1. Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida.
2.- OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.
3.- OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

Nembargante, o **ámbito local** de goberno revélase, tal e como se salienta dende numerosos foros internacionais, como o ámbito central e prioritario onde ten que implementarse toda política e acción pública dirixida á protección do medio ambiente. Entre as iniciativas de carácter público e institucional ideadas para a implementación conxunta de actuacións encamiñadas ao crecemento e desenvolvemento sostibles destacan a Axenda Local 21 e a Rede Española de Cidades polo Clima.

Pola relevancia que adquire a xestión pública ao nivel máis próximo ao cidadá, o compromiso de desenvolvemento sostible adquírese a nivel das comunidades locais

cando en 1994, no seo da Conferencia europea de cidades e pobos sostibles, aprobase a Carta de Aalborg, que constitúe o documento fundacional da ***Axenda Local 21***. Neste documento desenvólvense unha serie de principios de xestión pública da sostibilidade a nivel local, baseados no firme compromiso de fomentar modelos de desenvolvemento sostible a nivel local.

Ao abeiro do espírito da Axenda Local 21 desenvólvense os denominados *núcleos de sostibilidade*, cuxo obxectivo é o de posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de ser promovidas polas administracións municipal e autonómica que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sostible, coordinándoas nun *"plan integrado de sostibilidade local"*. Na actualidade en Galicia existen sete núcleos de sostenibilidade: Abegondo, Muros, Guitiriz, O Barco de Valdeorras, Covelo, Reserva da Biosfera Área de Allariz e Comarca de Pontevedra.

Finalmente, cabe sinalar, no marco dos compromisos e iniciativas de carácter institucional, a ***Rede Española de Cidades polo Clima***: esta Rede, creada en 2004 como froito do acordo marco asinado entre a FEMP e o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, ten por principais obxectivos a promoción de políticas locais de desenvolvemento sostible e de loita contra o cambio climático e a coordinación e difusión das mesmas entre as distintas administracións. Na actualidade, en Galicia pertencen á Rede española de cidades polo clima os seguintes gobernos locais:

– Na provincia da Coruña: A Coruña, Cabana de Bergantiños, Barro, Camariñas, Fene, Paderne, Santiago de Compostela e Vedra.
– Na provincia de Pontevedra: Cambados, Covelo, Marín, Moraña, O Grove, Poio, Vigo e Vilaboa.
– Na provincia de Lugo: Burela e Lugo.

Plan Estratéxico de Ga

OE 4.1. Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida

Plan HURBE 2010-2013
Directrices de ordenación do territorio
Plan de ordenación do litoral
Plan galego de cartografía e información xeográfica
Plan de sustentabilidade de Galicia
Plan hidrolóxico de Galicia-Costa
Plan de infraestruturas hidraúlicas e traballos medioambientais 2009–2013
Plan de abastecemento de Galicia
Plan de saneamento de Galicia
Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas
Plan de control de vertidos en Galicia-Costa
Plan de lodos de depuradoras de augas residuais
Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020
Plan de residuos industriais de Galicia
Plan director dos recursos naturais Rede Natura 2000
Plan de concentración parcelaria
Plan de mellora de accesos ás explotacións

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.4.2.

– Na provincia de Ourense: Carballeda de Avia, Lobios, O Carballiño, Ourense, a Deputación de Ourense e a Mancomunidade Terra de Celanova.


No que respecta aos datos existentes sobre o **cambio climático** en Galicia, como paso previo á aprobación do Programa marco, actualmente en proceso de revisión, vense de presentar o pasado 15 de novembro de 2012 o *Primeiro Informe sobre cambio climático en Galicia*, cuxos obxectivos son recoller e difundir datos actualizados en diferentes ámbitos relativos ao cambio climático, e facer públicos os avances en materia de loita fronte a este fenómeno.

Segundo consta no dito informe, as principais evidencias que existen sobre o fenómeno do cambio climático en Galicia refírense a incrementos de temperatura de 0,18º C por década no período de 1961 a 2006, cambios na distribución da chuvia ao longo do ano, variacións en hábitos migratorios das aves, cambios fenolóxicos na flora, incrementos da temperatura superficial do mar de 0,2ºC/década, cambios no fitoplacto e incremento de especies de

licia 2010-2014: obxectivos estratéxicos do Eixe 4 Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial

OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático
Plan Impulsa Lugo e Plan Impulsa Ourense	Plan enerxético estratéxico de Galicia 2010–2015
Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal	Plan de mellora da subministración eléctrica 2010–2013
Plans territoriais (Plan de reequilibrio territorial e Plan Costa da Morte)	Plan sectorial eólico de Galicia
Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007–2013	Plan re-Xurde eólico 2010
Plans estratéxicos de infraestruturas no medio rural	Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010-2020
Plan territorial de continxencias	Plan MOBEGA (mobilidade eléctrica en Galicia) 2010–2015
	Programa de desenvolvemento de infraestruturas de transporte de electricidade
	Programa de desenvolvemento de infraestruturas de gas
	Programa de axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética
	Programa de axudas a proxectos de enerxías renovables

Emisións á atmósfera 2010: distribución segundo sector



(1) o sector difuso é o non regulado pola Directiva 2003/87/CE pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*


4.4.3.


augas cálidas, así como ascensos no nivel do mar de entre 2 e 2,5 cm por década.


No que respecta ás **emisións de gases de efecto invernadoiro** (GEI), a Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador fixou como obxectivo para todos os estados membros situar en 2012 as emisións de gases efecto invernadoiro nun 92% respecto ás de 1990 e reducir as emisións entre 1990 y 2020 nun 20% .

O informe sobre cambio climático en Galicia evidencia que, se ben as emisións á atmosfera amosan un descenso nos últimos anos, esta diminución céntrase sobre todo nas reguladas pola directiva de comercio de emisións. Non se aprecia descenso nos chamados sectores difusos, que se corresponden especialmente co transporte, o residencial ou a agricultura.

No período de 2005 a 2010 produciuse un importante descenso das emisións do sector da directiva (un 48% menos) mentres que as emisións difusas manteñen os seus valores ano tras ano. O maior peso porcentual do sector difuso corresponde ao transporte, cun 43% das emisións, seguido dos








Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

4.4.4.

usos residenciais (27%) e a agricultura (23%).

En canto ao sector regulado, está protagonizado pola produción da enerxía eléctrica, cun 67% do total de emisións sometidas á directiva, xunto coas coxeneracións e instalacións de combustión ou as refinerías. O sector de procesamento de enerxía é responsable en Galicia no ano 2010 dun 77,7% do total das emisións, sendo dito porcentaxe dun 75,9% para toda España,



(1) 1990 = 100
Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

4.4.5.

seguido moi de lonxe do sector da agricultura, responsable dun 13%, e do sector dos procesos industriais, cun 7,1%. Non obstante, comparando a porcentaxe no 2010 coa do ano 1990, o sector do procesamento da enerxía reduciu a súa representación no total de emisións de GEI nun 4,46% mentres que nos sectores restantes aumentouse o volume de emisións en relación ao total (**gráfico 4.4.4.**).

A través do índice de evolución anual das emisións de CO_2 equivalente que toma como ano base 1990, pódese valorar o grado de cumprimento en Galicia dos obxectivos de diminución das emisións de gases efecto invernadoiro fixados a nivel comunitario. Tal e como se mostra no **gráfico 4.4.5.**, observamos unha tendencia crecente de emisións con respecto ás do ano base. En España, as emisións totais no ano 2007 superan nun 50,58% ás emisións de 1990. No caso de Galicia, estas supoñen un 25,28% máis, se ben no ano 2008 comeza unha tendencia decrecente pasando a ser esa diferenza, no ano 2010, dun 22,82% no caso español e dun 6,74% menor que o ano base para o caso galego. O descenso de emisións dende o ano 2008, tanto para Galicia como para España, pode estar explicado en boa medida polo freo da actividade económica froito da situación de recesión e crise.

Como elemento básico a cumplir dentro dos protocolos medioambientais está a redución das emisións de CO2. Neste senso, o cadro 4.4.6, mostra datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005. No ano 2012, o volume total de asignacións que cobren ás xx instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de xx millóns de toneladas de CO2. As emisións declaradas ascenderon a xx millóns de toneladas, sendo o balance correspondente a este ano 2012 lixeiramente negativo en xx toneladas de CO2, a causa das maiores emisións declaradas das que tiñan asignadas as instalacións de xeración de enerxía eléctrica. Comparado co total estatal, Galicia acolle o xx% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignación e emisións declaradas foi do xx% en ámbolos dous casos.

A taxa de cobertura da asignación, defini-

Emisión de CO_2 en Galicia e España 2012

	Galicia			España		
	Instalacións	Emisións asignadas (en millóns de dereitos)	Emisións declaradas (en millóns tm.) 11/10	Instalacións	Emisións asignadas (en millóns de dereitos)	Emisións declaradas (en millóns tm.) 11/10
Xeración enerxía						
Combustión						
Industria						
Refino de petróleo						
Producción de cal e cemento						
Producción cerámica						
Producción pasta e papel						
Producción aceiro						
Fabricación vidrio						
Total						

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*

4.4.6.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2011: actividades e complexos contaminantes (1)

	actividades industriais	complexos industriais
Andalucía	32	323
Aragón	25	178
Asturias	17	37
Baleares	6	13
Canarias	8	18
Cantabria	20	25
Castela e León	28	376
Castela-A Mancha	22	232
Cataluña	37	537
C. Valenciana	-	-
Estremadura	8	27
Galicia	27	125
Madrid	14	50
Murcia	21	102
Navarra	17	112
País Vasco	34	94
A Rioxa	8	15
Ceuta e Melilla	2	2
Total	326	2.266

(1) complexos que teñen datos de información pública
Fonte: *Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, PRTR-*

4.4.7.

da como a relación entre asignacións e emisións verificadas, se sitúa en Galicia no ano 2012 no xx%, por debaixo da media española que foi do xx%. A cobertura de asignación do sector eléctrico galego foi do xx% (xx% a nivel estatal), fronte ao xx% do sector industrial (a media estatal foi do xx%) e o xx% das instalacións de actividades de "combustión" (xx% de media estatal).

Segundo os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes, no ano 2011 son 27 as actividades industriais con-

taminantes, sendo 125 os complexos industriais clasificados tamén coma contaminantes. Galicia é a quinta Comunidade das que presentan datos, todas menos C. Valenciana, por número de actividades industriais contaminantes e a sexta en canto a número de complexos industriais así clasificados (**táboa 4.4.7.**).

• Gasto e investimento das empresas en protección medio ambiental.

No ano 2010, último dato dispoñible, a inversión total en protección medioambiental correspondente ao conxunto das industrias extractivas, manufactureiras, e de fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, radicadas en Galicia foi de 8,1 millóns de euros, un 8% menor ao investimento realizado no exercicio anterior. De xeito contrario, o gasto corrente total acadou a cifra de 9,3 millóns de euros, un 4,3% máis que no ano 2009. Así, o gasto total en protección medio ambiental nestes sectores industriais acadou os 17,4 millóns de euros, o que representa un 7,3% do gasto medioambiental en ditos sectores a nivel estatal. Pese á redución no ano 2010 do total de gasto empresarial en protección medio ambiental nun 1,8% respecto do ano anterior o peso porcentual no total estatal rexistrou unha medra de cinco décimas porcentuais (**táboa 4.4.8.**).

Do conxunto de industrias analizadas (CNAE B, C, e D), son as industrias manufactureiras as que realizan un maior gasto en protección ambiental, co 79% do total realizado en Galicia no ano 2010.

Os datos do gasto en protección medio ambiental das industrias nos anos 2008, 2009 e 2010, mostran como os efectos da crise económica sobre a produción industrial, con reducións entre 2008 e 2012, en torno ao 16% tanto en Galicia como no conxunto do Estado, tradúcense directamente en reducións porcentualmente superiores do gasto das empresas en protección ambiental, reducións que acadan valores superiores ao 45% no caso de Galicia no ano 2009 en relación ao ano anterior.

Atendendo ao tipo de investimentos aos que se destinou no 2010 o gasto en protección medio ambiental do conxunto das industrias do CNAE B, C e D en Galicia, un 26,1% corresponderían a tecnoloxías de redución de emisións ao aire, e un 6,8% a coidado da paisaxe e natureza. Para o caso das industrias manufactureiras, o destino dos investimentos foi tamén os equipos para a redución de emisións ao aire, representando un 25,5% do total, seguido das instalacións para tratamento de augas residuais cun 4,4% do total de gasto en protección medioambiental.

Natureza e biodiversidade

A Lei 9/2001, de conservación da natureza, regula o réxime xurídico dos espazos naturais protexidos (ENP), que son aqueles espazos ou ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego que dispoñen dun réxime especial de protección.

Dita norma contempla nove categorías de protección, das que sete pertencen á Rede Galega de Espazos Naturais. Ditas categorías son as seguintes: parques naturais, parques nacionais, monumentos naturais, paisaxes protexidas, humidais protexidos, zoas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), espazos privados de interese natural (EPIN) e espazos naturais de interese local (ENIL).

Coa aprobación do decreto autonómico 72/2004, do 2 de abril de 2004, procédese á declaración definitiva como ENP, mediante a categoría de ZEPVN, de 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) e 14 zoas

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-10

	España			Galicia		
	2008	2009	2010	2008	2009	2010
			(miles de euros)			
Total CNAE B, C e D	3.129.379,3	2.586.644,4	2.384.740,8	339.158,9	177.151,5	173.971,9
Investimento total	1.533.797,4	1.065.942,9	764.945,0	245.619,3	87.625,3	80.612,5
Equipos e instalacións independentes	686.683,0	459.568,7	314.106,5	75.857,1	45.102,4	31.346,9
Emisións ao aire	344.682,6	206.167,6	90.165,5	6.918,0	15.414,5	5.924,7
Augas residuais	156.256,5	133.544,9	118.228,2	23.458,2	8.421,8	7.501,5
Residuos	66.114,1	53.695,0	41.354,5	5.078,1	709,7	4.678,1
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	22.297,0	13.113,0	14.341,4	1.918,4	262,9	667,5
Ruídos e vibracións	15.270,0	3.941,0	3.617,1	251,6	159,0	256,4
Natureza e paisaxe	75.395,1	39.937,4	43.281,3	36.878,7	19.468,7	11.885,6
Outros equipos e instalacións	6.667,8	9.169,9	3.118,5	1.354,2	665,8	433,1
Equipos e instalacións integrados	847.114,4	606.374,1	450.838,4	169.762,2	42.522,9	49.265,6
Emisións ao aire	479.291,0	336.811,0	249.710,0	127.304,8	34.260,1	45.353,2
Augas residuais	80.275,9	61.196,7	54.920,4	4.804,3	2.326,7	1.017,6
Residuos	77.750,4	60.978,8	49.850,9	3.807,4	2.113,2	538,5
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	18.900,3	14.668,7	19.130,4	2.705,3	368,4	797,8
Ruídos e vibracións	19.287,5	9.131,0	9.552,2	3.611,4	678,8	161,1
Outros equipos e instalacións	171.609,4	123.588,0	67.674,5	27.528,9	2.775,7	1.397,4
Gastos correntes	1.595.581,9	1.520.701,5	1.619.795,8	93.539,6	89.526,2	93.359,3
B. Industrias extractivas	73.733,9	53.453,9	50.232,9	26.020,4	17.922,5	
Investimento total	48.622,1	30.618,6	26.613,1	22.654,4	14.564,5	
Equipos e instalacións independentes	42.781,2	24.953,7	22.135,3	22.597,7	14.515,4	
Emisións ao aire	3.332,2	494,6	1.424,8	-	403,0	
Augas residuais	2.529,8	1.016,4	3.957,9	-	18,1	
Residuos	655,6	2.428,0	79,6	59,9	-	
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	1,5	246,0	154,3	-	-	
Ruídos e vibracións	90,2	4,0	8,7	-	-	
Natureza e paisaxe	34.998,2	20.539,8	16.510,0	22.003,5	14.094,3	(dato non disp.)
Outros equipos e instalacións	1.173,7	224,9	-	534,2	-	
Equipos e instalacións integrados	5.840,9	5.664,9	4.477,8	56,8	49,1	
Emisións ao aire	1.410,0	3.495,9	2.781,5	-	9,2	
Augas residuais	1.159,7	330,0	324,6	56,8	31,3	
Residuos	151,2	237,4	9,7	-	-	
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	2.266,4	710,6	650,9	-	-	
Ruídos e vibracións	463,7	170,3	164,2	-	2,6	
Outros equipos e instalacións	389,8	720,7	546,8	-	6,0	
Gastos correntes	25.111,8	22.835,3	23.619,8	3.366,0	3.358,0	
C. Industria manufactureira	2.421.019,1	2.191.529,8	2.132.578,2	132.579,0	125.042,5	137.490,5
Investimento total	917.940,8	763.220,4	607.391,3	47.961,5	44.617,2	52.214,6
Equipos e instalacións independentes	406.815,0	289.027,9	222.354,9	14.421,0	11.061,4	13.244,3
Emisións ao aire	179.306,3	107.955,0	77.432,1	4.289,1	4.751,5	4.681,0
Augas residuais	125.288,1	111.980,9	87.542,3	6.974,0	4.592,6	6.178,5
Residuos	60.047,2	46.097,8	36.742,0	1.894,1	584,2	1.506,1
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	16.706,6	10.043,1	12.071,4	496,8	247,1	649,3
Ruídos e vibracións	13.583,9	3.705,1	3.159,6	247,1	159,0	180,9
Natureza e paisaxe	7.381,0	5.153,7	4.345,9	61,0	61,2	48,5
Outros equipos e instalacións	4.501,8	4.092,3	1.061,5	459,0	665,8	-
Equipos e instalacións integrados	511.125,8	474.192,5	385.036,5	33.540,5	33.555,8	38.970,3
Emisións ao aire	249.223,0	267.888,9	215.298,7	20.648,1	26.004,2	35.176,5
Augas residuais	72.135,4	54.249,3	44.885,6	4.662,4	2.103,7	1.012,9
Residuos	75.493,5	54.185,6	49.107,3	3.486,0	1.814,0	538,5
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	10.565,3	12.594,3	16.519,3	523,7	291,4	683,8
Ruídos e vibracións	14.215,1	8.829,9	8.026,4	83,6	676,2	161,1
Outros equipos e instalacións	89.493,4	76.444,5	51.199,2	4.136,7	2.666,2	1.397,4
Gastos correntes	1.503.078,3	1.428.309,4	1.525.186,9	84.617,5	80.425,3	85.275,8
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	634.626,4	341.660,6	201.929,6	180.559,4	34.186,5	
Investimento total	567.234,6	272.103,9	130.940,5	175.003,3	28.443,6	
Equipos e instalacións independentes	237.086,8	145.587,1	69.616,3	38.838,4	19.525,6	
Emisións ao aire	162.044,2	97.718,0	11.308,7	2.628,9	10.260,0	
Augas residuais	28.438,5	20.547,6	26.727,9	16.484,2	3.811,1	
Residuos	5.411,3	5.169,1	4.532,8	3.124,0	125,5	
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	5.588,9	2.823,9	2.115,7	1.421,6	15,8	
Ruídos e vibracións	1.595,9	231,9	448,9	4,5	-	
Natureza e paisaxe	33.015,8	14.243,9	22.425,4	14.814,2	5.313,2	(dato non disp.)
Outros equipos e instalacións	992,2	4.852,7	2.057,0	361,0	-	
Equipos e instalacións integrados	330.147,7	126.516,7	61.324,2	136.164,9	8.917,9	
Emisións ao aire	228.658,0	65.426,3	31.629,8	106.656,7	8.246,6	
Augas residuais	6.980,7	6.617,3	9.710,2	85,2	191,6	
Residuos	2.105,6	6.555,8	733,9	321,4	299,2	
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	6.068,6	1.363,7	1.960,3	2.181,6	77,0	
Ruídos e vibracións	4.608,6	130,8	1.361,6	3.527,8	-	
Outros equipos e instalacións	81.726,2	46.422,8	15.928,4	23.392,2	103,4	
Gastos correntes	67.391,8	69.556,8	70.989,1	5.556,1	5.743,0	

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: *IGE*

■ 4.4.8.

Principais indicadores ambientais de Galicia e España

		Galicia	España
Agricultura			
Consumo de fertilizantes	*(en miles tm)*		
Consumo produtos fitosanitarios	*(en Kg/ha.)*		
Superficie agricultura ecológica	*(% sobre SAU)*		
Superficie regadío	*(% sobre SAU)*		
Fogares			
Turismos	*(turismos/fogar)*		
Produción residuos urbanos	*(en tm/fogar)*		
Vidro reciclado	*(en kg/hab.)*		
Renta dispoñible bruta	*(en €/fogar)* *(en €/hab.)*		
Medio urbano			
Presión urbana no territorio	*(hab./km2)*		
Natureza e biodiversidade			
Superficie perteneciente á Red Natura 2000	*(% superficie total)*		
Superficie terreo forestal	*(% superficie total)*		
Superficie terreo forestal protexido	*(% superf. forestal)*		
Incendios forestais	*(en ha.)*		
Incendios forestais	*(en ha./sinistro)*		
Pesca			
Capacidade da flota (arqueo)	*(en tm. Brutas)*		
Potencia da flota	*(en cv.)*		
Desastres naturais e tecnolóxicos			
Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (estradas)			
Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (ferrocarril)			
Accidentes industriais nos que interven substancias químicas perigosas			
Accidentes buques petroleiros cuxo verquido de hidrocarburos supere as 7 toneladas			
Turismo			
Visitantes parques nacionais	*(persoas)*		
Superficie parques nacionais	*(en ha.)*		
Turismo rural	*(nº turistas)* *(pernoctacións)*		
Turismo estranxeiro en CC.AA. con costa	*(por km de costa)* *(taxa crecemento)*		

Fonte: Elaboración propia a partir de *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* e *INE*

4.4.9.

de especial protección das aves (ZEPA), e como consecuencia os espazos que pertencen á Rede Natura 2000 van quedar integrados na Rede Galega. Tras sucesivas ampliacións, Galicia conta en 2012, como espazos protexidos da Rede Natura 2000, con 59 LICs e 16 ZEPAs.

Finalmente, en xuño de 2012, e seguindo as directrices contidas na Directiva 92/43 CEE de Conservación dos Hábitats Naturais e das Especies, apróbase o Plan Director Rede Natura 2000, co fin de elaborar obxectivos concretos para a conservación dos LICs e das ZEPAs. Ademais dos espazos protexidos pola lexislación comunitaria, nacional e autonómica, Galicia conta no seu territorio con espazos naturais protexidos ao abeiro de acordos e convenios internacionais.

Tendo en conta que a maior parte dos espazos naturais atópanse protexidos por máis dunha figura xurídica de protección, o

Figuras legais aplicadas ás áreas protexidas

Espacios Nautrais Protexidos	Rede Natura 2000	Áreas protexidas por instrumentos internacionais
Parques nacionais	Lugares de importancia Comunitaria	Humedais Ramsar
Parques	Zonas de Especial Protección para as Aves	Reservas da Biosfera
Reservas naturais	Zonas Especiais de Conservación	Zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM)
Monumentos naturais		Convención Oslo/París (OSPAR)
Paisaxes protexidas		Reservas Bioxenéticas
Áreas mariñas protexidas		Xeoparques
Outras figuras de protección (1)		

(1) figuras desenvolvidas polas CC.AA.
Fonte: *Europarc-España*

4.4.10.

conxunto total das Áreas Protexidas en Galicia pódense clasificar tal como se mostra na **táboa 4.4.10.**

O total dos espazos, tanto terrestres como mariños, protexidos pola **Rede Galega de Espazos Protexidos** suporían 398.634 ha, sendo as figuras existentes na actualidade as seguintes:

Formando parte da Rede Galega:
Parque natural.- En Galicia hai 6 parques naturais declarados: Baixa Limia-Serra do Xurés; Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; Fragas do Eume; Monte Aloia; O Invernadoiro e a Serra da Enciña da Lastra.

Parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Monumento natural.- En Galicia existen 7 zonas declaradas como monumento natural por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular: A praia das Catedrais; A Carballa da Rocha; Costa de Dexo; Fraga de Catasós; Serra de Pena Corneira; Souto da Retorta e Souto de Rozabales.


Humedal protexido.- En Galicia están declarados como humedais protexidos os seguintes: Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; Lagoa e areal de Valdoviño; Ría de Ortigueira e Ladrido e a Ría de Ribadeo.

Paisaxe protexida.- Son espazos que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, son merecedores dunha protección especial, distinguíndose en Galicia os seguintes: Penedos de Pasarela e Traba e o Val do río Navea.

Reserva natural.- Espazos cuxa finalidade é a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fraxilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial.

Zona de especial protección dos valores naturais.- Espazos que, carecendo de protección específica, teñen uns valores ou un interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, polo que merece asegurar a súa conservación.

Entre os nove tipos de espazos naturais protexidos que establece a lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, existen dous tipos que non forman parte da Rede Galega de Espazos Protexidos: os espazos naturais de interese local (ENIL) Puzo de Lago Voutureira - San Cibrao das Viñas, e os espazos privados de interese natural (EPIN), Sobreiras do Faro - Oia



Fonte: *Europarc-España*

4.4.11.

O total dos espazos protexidos pola **Rede Natura 2000** sumarían 389.566 ha, contando Galicia en 2012 con 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) e 16 zonas especiais de protección para as aves (ZEPAs).

En canto ás áreas protexidas en virtude dos diversos **acordos** e **convenios internacionais**, son aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. En Galicia, con 6.259.735 ha, o maior número de hectáreas protexidas encóntranse nesta categoría de protección. Dentro desta terceira categoría na comunidade galega existirían as seguintes figuras:

Humidais Ramsar:

– Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira.
– Rías de Ortigueira e Ladrido.
– Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo.
– Lagoa e areal de Valdoviño.
– Ría do Eo.

As reservas da biosfera constitúen lugares excepcionais para a investigación, formación e sensibilización do público. En Galicia están declaradas como reservas da biosfera as seguintes áreas:

– Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá.
– Río Eo, Oscos e Terras de Burón.
– Terras do Miño.
– Área de Allariz.
– Baixa Limia- Serra do Xurés

Finalmente a Rede OSPAR está formada por áreas que derivan do convenio OSPAR (1992) para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. Os

Estados membros teñen a obriga de propoñer zonas de interese dentro das súas respectivas augas xurisdicionais, incluíndo a Zona Económica Exclusiva ou aquelas zonas mariñas onde o Estado exerza a súa soberanía.

A Rede conta con 81 zonas repartidas en 6 Estados. España aporta 2 zonas: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia e a área mariña protexida de El Cachuco (Asturias).

Tendo en conta o solapamento existente entre as categorías de protección, así como as diferenzas entre os datos ofrecidos por distintas fontes por mor da metodoloxía cartográfica empregada, e, por ende, as dificultades que isto implica na posibilidade de comparar entre as diferentes CCAA (**táboa 4.4.11.**), pódese comprobar como Galicia, cun 11,8% de superficie de espazos naturais protexidos sobre o total da superficie territorial galega, é a 8ª Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe da súa superficie protexida. Por outra banda, a superficie de Rede Natura 2000 representaría un 11,9% da superficie total da comunidade, polo que Galicia é a segunda comunidade con menor superficie de Rede Natura sobre a superficie territorial total. Cabe, non obstante, destacar a proposta de ampliación da Rede Natura formulada en decembro do 2011, pola cal espérase declarar novos espazos de ampliación dos LIC existentes.

Finalmente, a superficie total que abarcan as áreas protexidas de ámbito internacional supón un 18,6% da superficie total galega, o que sitúa a Galicia como a 4ª comunidade con maior superficie englobada nesta categoría. Comparando coas superficies existentes noutras CCAA, destacan as denominadas reservas da biosfera, das que 4 están localizadas en Galicia, o que supón o 10% das existentes en España. Entre todas elas suman unhas 610.000 ha, o que representa un 20% do total do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.


Especies ameazadas

O *Catálogo galego de especies ameazadas* ten por principal obxectivo o de evitar a perda da diversidade biolóxica en todas as súas formas mediante a declaración dos taxóns ameazados que requiren de medidas específicas y excepcionais de protección e conservación. Na actualidade existen en Galicia dúas categorías de protección, por unha banda, estarías os taxóns que se atopan en perigo de extinción, isto é, cuxa supervivencia é pouco probable, de seguir actuando os factores causantes da súa actual situación, e taxóns en situación de vulnerabilidade, aqueles que se atopan próximos a pertencer a categoría en perigo de extinción nun futuro próximo, de non atenuarse os factores adversos que sobre os mesmos actúan.

Un taxón é un grupo de individuos emparentados que son agrupados nunha clasificación dada, e neste caso, atopamos especies, subespecies e poboacións.

Tal e como podemos observar na **figura 4.4.12.**, no conxunto do Estado español, un 35% dos taxóns catalogados como ameazados corresponderían á flora e o 65% restante, á fauna. Este reparto é máis equilibrado no caso galego, cun 56% de flora ameazada e un 44% de fauna ameazada. A igual que no caso español e dentro da fauna, a clase onde se atoparían máis taxóns ameazados sería a das aves, seguida dos invertebrados e dos mamíferos, cun 16%, un 9% e un 7%, respectivamente. Ademais, un 6% das especies ameazadas serían réptiles, un 3,5% anfibios e un 2,5% peixes.

Cada Comunidade Autónoma española debe desenvolver unha serie de plans de



Fonte: Elaboración propia *CES Galicia* a partir de datos do *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* e do publicado no *Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (*modificado polo *Decreto 167/2011, do 4 de agosto)*

4.4.12.

xestión das especies catalogadas como ameazadas, que para o caso das especies en perigo de extinción denominaranse "plans de recuperación" e para as catalogadas como vulnerables, "plans de conservación". Ditos instrumentos de planificación teñen como obxecto preservar, manter e restablecer as especies de flora e fauna ameazada. Na actualidade Galicia conta con 26 plans en fase de elaboración e téñense programados para a súa elaboración 7 máis.

Bosques e incendios forestais

Galicia ten unha extensión total de 2.957.447,47 ha., da que o 68,6% corresponde a uso forestal, o que supón case o 7% da superficie forestal nacional. Un 68,3% da superficie forestal galega é arborada.

Lugo é a provincia con maior superficie forestal, con máis de 650.000 ha, aínda que en termos relativos, a provincia máis forestal é Ourense, con case un 80% da súa superficie dedicada a este uso.

No ano 2012 deuse a coñecer o cuarto *Inventario Forestal Nacional* (IFN4), que, con periodicidade ao menos decenal, proporciona información sobre os bosques e a súa evolución. Este IFN4 describe os indicadores de especial relevancia para estimar a biodiversidade forestal, entre os que destacan as árbores *añosas*, as especies

invasoras, a riqueza arbórea e arbustiva e a madeira morta.

Un dos indicadores relevantes sinalados é a densidade e a caracterización diamétrica das árbores *añosas*, entendendo por *añosas* as que teñen un diámetro normal maior co diámetro crítico establecido para a especie. Estas árbores en Galicia atópase, principalmente, nas provincias de Lugo e Ourense, polas serras nororientais da comunidade autónoma, como a Serra dos Ancares. A maioría das árbores *añosas* son especies frondosas coma o castaño, o piñeiro marítimo e o carballo (*Quercus pirenaica*).

Outro indicador é a invasión das especies foráneas, as que constitúen unha das principais ameazas á biodiversidade dos sistemas forestais. En Galicia destacan como taxóns de carácter invasor máis frecuentes os pertencentes ao xénero *Acacia*. A presenza desta flora invasora na comunidade galega non se incrementou de xeito significativo entre as dúas décadas cubertas polo terceiro e o cuarto IFN. A análise provincial reflicte, en cambio, que na Coruña a súa presenza vai en notable aumento e en Pontevedra estas especies representan case o 10% da superficie forestal.

Os bosques de ribeira son os que presentan en Galicia maior riqueza arbórea e arbustiva. Finalmente, o derradeiro indicador utilizado para medir a biodiversidade dos montes é a densidade de madeira morta presente, salientando que o piñeiro marítimo seguido do eucalipto son as especies máis importantes ao ter en conta este factor.


No que atinxe ao estado fitosanitario do monte arborado, cómpre sinalar que o 68% das árbores galegas atópanse en bo estado de saúde, sen danos fitosanitarios aparentes. Nembargante, en comparación cos datos obtidos no IFN3, obsérvase que a porcentaxe de pes con danos en Galicia aumentou neste período do 17% ao 32% (**figura 4.4.13.**). Os principais axentes causantes dos danos son as actuacións humanas, o gando e a fauna.


Para estimar a saúde dos bosques así como o seu papel central na mitigación e adaptación ao cambio climático, cómpre avaliar a fixación de carbono. Tal e como recolle o IFN4, a formación arborada que máis contribúe á fixación do carbono en Galicia son os eucaliptais, e atendendo á fixación por hectárea a formación máis importante son as carballeiras de *Quercus robur* en mezcla coas frondosas autóctonas. A nivel provincial, a maior fixación do carbono por formación arborada aparece nos eucaliptais de A Coruña e Lugo. En Pontevedra o carbono total fixado é inferior ao resto das provincias, non só pola súa menor superficie arborada, seno tamén porque as masas dominantes son as coníferas puras, con menor absorción por hectárea que as frondosas (**figura 4.4.14.**).

Ademais dos factores analizados, a superficie forestal é fundamental para evitar a erosión do solo. Neste senso, o *Inventario nacional de erosión de solos* sinala que do 97% do superficie galega clasificada como solo erosionable, o 12,6% está sometida a procesos erosivos altos, un 13,1%, a procesos erosivos medios e o 74,3% restante, a procesos erosivos moderados.

Comparado cos datos vixentes no momento de elaboración da presente memoria, referidos a 12 Comunidades Autónomas, Galicia é a quinta comunidade con menor porcentaxe de superficie sometida a procesos erosivos altos e a cuarta con maior porcentaxe de superficie con risco erosivo moderado. Atendendo á superficie por nivel de erosión, en torno ao 26% da superficie erosionable das provincias de Lugo e A Coruña está sometida a riscos altos ou moi

Estado fitosanitario do monte arbolado: pés con danos segundo o axente do dano






Fonte: *Ministerio de medio Ambiente y Medio Rural y Marino*

4.4.13.

Fixación de carbono segundo formación arbolada: distribución provincial



Fonte: *Ministerio de medio Ambiente y Medio Rural y Marino*

4.4.14.

Incendios forestais en Galicia e España 2011-12 (1): sinistros e superficie afectada

2011

	sinistros		superficie afectada		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
				(en has.)	
Galicia	4.364	1.995	9.077,45	27.533,17	36.610,62
A Coruña	894	282	1.340,61	1.022,78	2.363,39
Lugo	708	334	1.134,66	2.209,82	3.344,48
Ourense	1.576	1.042	4.987,77	22.590,00	27.577,77
Pontevedra	1.186	337	1.614,41	1.710,57	3.324,98
España	10.655	5.373	18.363,13	61.646,44	80.009,56
Galicia / España	41,0	37,1	49,43	44,66	45,76

2012

	sinistros		superficie afectada		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
				(en has.)	
Galicia	2.713	1.085	4.966,67	10.397,99	15.364,66
A Coruña	534	207	1.269,78	1.051,97	2.321,75
Lugo	471	198	798,58	1.785,08	2.583,66
Ourense	1.006	519	2.149,77	6.837,78	8.987,55
Pontevedra	702	161	748,54	723,16	1.471,70
España	10.520	5.382	82.201,40	116.735,23	198.936,63
Galicia / España	25,8	20,2	6,04	8,91	7,72

(1) datos 2011 son provisionais
Fonte: *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*

4.4.15.

altos de erosión, porcentaxes que acadan o 14% e 11% nas provincias de Ourense e Pontevedra, respectivamente.

A maior ameaza que sofre o bosque en Galicia son os **incendios forestais**. Os datos para o ano 2012 resaltan especialmente pola notable diminución de máis do 45% no número de incendios (>1ha.) e do 58% da superficie total queimada en relación aos datos do 2011 (**táboa 4.4.15.**).

En Galicia ao longo do ano 2012, declaráronse 3.798 sinistros, 2.713 conatos (<1ha.) e 1.085 incendios (>1ha.), que corresponde ao 23,9% dos sinistros rexistrados no conxunto de España, sendo a superficie total queimada en Galicia o 7,7% da superficie total afectada polo lume a nivel estatal., fronte ao 45,7% que representou no ano 2011.

Ourense volve a ser a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, cun total de 1.525 lumes, é dicir, o 40,1% dos incendios en Galicia tiveron lugar nesta provincia, representando a superficie queimada o 58,5% da superficie arrasada total. Á provincia de Ourense, séguelle en importancia a de Pontevedra, con 863 lumes, o que representa o 22,7% dos sinistros declarados en Galicia.

Agricultura ecolóxica

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción que trata de acadar alimentos de máxima calidade respectando o medio ambiente e conservando a fertilidade do solo, mediante a utilización óptima dos recursos, sen utilizar produtos químicos de síntese.

A superficie inscrita en Galicia para a súa utilización na agricultura ecolóxica no ano 2012 foi de 15.243 hectáreas, un 0,4%

Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA. 2009-10: distribución segundo tipo de perigosidade

	2009		2010		10/09	
	non perigosos	perigosos	non perigosos	perigosos	non perigosos	perigosos
	(en miles de tm.)				(%)	
Andalucía	1.850,3	92,9	2.693,5	91,9	45,6	-1,1
Aragón	2.031,3	30,0	1.960,3	26,2	-3,5	-12,6
Asturias	2.064,5	102,2	2.334,1	82,9	13,1	-18,9
Baleares	62,4	3,0	230,0	3,2	268,8	7,0
Canarias	109,7	8,5	89,3	6,3	-18,6	-25,8
Cantabria	361,2	36,0	445,3	50,1	23,3	39,4
Castela e León	21.990,1	55,2	29.350,9	81,8	33,5	48,1
Castela - A Mancha	717,3	76,2	891,9	72,5	24,3	-4,9
Cataluña	2.242,1	393,1	2.492,1	333,0	11,2	-15,3
C. Valenciana	2.415,6	183,8	2.212,9	212,7	-8,4	15,7
Estremadura	296,9	23,7	280,4	25,8	-5,6	9,3
Galicia	1.358,8	52,3	2.710,3	52,6	99,5	0,7
Madrid	768,6	89,5	779,7	70,7	1,4	-21,0
Murcia	461,7	38,4	320,8	51,4	-30,5	33,6
Navarra	469,5	24,1	588,2	23,2	25,3	-3,7
País Vasco	1.483,0	168,4	1.639,5	201,7	10,6	19,7
A Rioxa	90,8	5,8	138,2	7,9	52,2	36,6
Total	38.773,9	1.383,1	49.157,4	1.393,9	26,8	0,8

Fonte: *INE*

4.4.16.

menos que no ano anterior. Os resultados provinciais son dispares, crecendo a superficie utilizada nas provincias de A Coruña e Pontevedra e descendendo en Ourense e Lugo.

O 84% da superficie inscrita para agricultura ecolóxica dedícase a pastos, praderías e forraxes, mentres que un 11,4% son cultivos permanentes, utilizándose só o 1,3% da superficie total para cultivos de terras arables.

O número de operadores de agricultura ecolóxica en Galicia no ano 2012 foi de 607, 21 máis que no ano precedente, dos que 491 son produtores e 116, elaboradores.

No que respecta ao volume de vendas certificadas en ecolóxico, estas creceron un 3,8% en relación ao ano 2011. Os produtos cun maior volume de negocio son o leite e derivados, con 9,4 millóns de euros, as carnes e derivados, con 3 millóns de euros, e as conservas de pescado, con 2,4 millóns de euros. Cómpre destacar a irrupción no campo da agricultura ecolóxica, por primeira vez no ano 2012, da agricultura e recolleita de algas.

Residuos sólidos

No ano 2010 o volume total de residuos xerados na industria galega (**táboas 4.4.16.** e **4.4.17.**), foi de 2.762 miles de toneladas, o que supón un incremento do 95,8% con respecto ao ano 2009. O total dos residuos industriais galegos supón no ano 2010 un 5,5% do total dos xerados en todo o territorio español, dous puntos porcentuais máis que no ano 2009. O 100% destes residuos foron xerados na industria extractiva e manufactureira. Das 2.762 miles de toneladas de residuos xerados pola industria galega, 2.710 miles de toneladas son "non perigosos", o 5,5% do total estatal, e as 53 miles de toneladas restantes considéranse "perigosos" (o 3,8% dos residuos perigosos estatais).

Máis do 80% dos residuos non perigosos

Residuos industriais xerados en Galicia e España 2010 (1): distribución segundo tipo de residuo

	Galicia		España	
	non perigosos	perigosos	non perigosos	perigosos
	(en tm.)			
Total	2.710.322	52.638	49.157.415	1.393.878
Disolventes usados		932	-	110.947
Residuos ácidos, alcalinos ou salinos	133	2.674	108.788	325.745
Aceites usados		3.686	-	80.916
Residuos químicos	8.639	10.986	119.661	386.937
Lodos de efluentes industriais (secos)	4.244	1.652	494.307	32.378
Lodos e residuos líquidos procedentes do tratam. de residuos (secos)	2.048	157	35.359	8.233
Residuos sanitarios e biolóxicos	12	22	1.480	1.381
Residuos metálicos, férreos	59.174		1.513.658	
Residuos metálicos, non férreos	9.414		98.169	
Residuos metálicos, férreos e non férreos mezclados	24.662		399.312	
Residuos de vidrio	6.330	6	163.074	394
Residuos de papel e cartón	59.317		886.133	
Residuos de caucho	1.159		32.343	
Residuos plásticos	10.059		216.632	
Residuos de madeira	55.843		537.876	1.499
Residuos textis	3.723		68.602	
Residuos que conteñen PCB		109	-	6.336
Equipos desbotados	78	160	2.607	6.133
Vehículos desbotados	57	6	1.500	712
Pilas e acumuladores	22	155	428	8.932
Residuos animais e de productos alimenticios misturados	59.796		1.379.320	
Residuos vexetais	6.000		508.670	
Feces animais, ouriña e esterco	1.293		59.701	
Residuos domésticos e similares	20.076		366.941	
Materiais misturados e indiferenciados	9.668	39	689.175	9.173
Residuos de separación	1.242	101	115.816	3.453
Lodos comúns (secos)	9.120		311.531	
Residuos mineris de construción e demolición	8.114	20	250.676	2.216
Outros residuos minerais	2.213.854	10.982	36.463.960	35.716
Residuos de combustión	133.400	20.589	4.128.890	358.003
Suelos	597	296	151.472	13.172
Lodos de dragado	226	2	1.586	503
Residuos minerais de tratamento de residuos e residuos estabilizados	2.022	64	49.748	1.099

(1) excluídos os establecementos industriais de menos de 10 asalariados
Fonte: *INE*

4.4.17.

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2009-10: distribución segundo tipo

	2009		2010		10/09	
	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente
	(en tm.)				(%)	
Andalucía	3.880.481	584.689	4.369.010	605.938	12,6	3,6
Aragón	601.689	127.698	493.445	108.794	-18,0	-14,8
Asturias	470.250	91.832	450.798	166.909	-4,1	81,8
Baleares	524.450	89.377	696.932	109.409	32,9	22,4
Canarias	994.498	156.851	1.250.983	188.999	25,8	20,5
Cantabria	304.558	41.395	268.118	88.166	-12,0	113,0
Castela e León	1.142.960	437.778	921.961	260.253	-19,3	-40,6
Castela - A Mancha	979.769	170.904	1.000.201	130.662	2,1	-23,5
Cataluña	2.892.476	933.323	2.519.338	1.479.495	-12,9	58,5
Comunidade Valenciana	1.901.334	440.476	1.928.610	376.205	1,4	-14,6
Estremadura	439.201	45.999	508.235	57.601	15,7	25,2
Galicia	1.106.393	179.212	1.025.479	192.354	-7,3	7,3
Madrid	2.889.577	690.874	2.175.552	529.659	-24,7	-23,3
Murcia	679.969	69.315	727.464	180.039	7,0	159,7
Navarra	321.514	96.504	196.344	120.800	-38,9	25,2
País Vasco	1.006.190	232.576	718.303	357.750	-28,6	53,8
A Rioxa	134.555	24.943	112.685	21.838	-16,3	-12,4
Total	20.341.700	4.416.413	19.395.265	4.984.758	-4,7	12,9

Fonte: *INE*

4.4.18.

Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2009-10: distribución segundo tipo de residuo producido

	2009				2010			
	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos
				(en tm)				
Andalucía	3.726.448	119.564	77.000	102.410	4.213.174	136.017	82.031	133.157
Aragón	579.974	26.991	22.795	16.166	479.442	31.964	23.203	12.360
Asturias	461.249	32.655	14.069	12.630	444.310	93.158	31.626	10.284
Baleares	520.800	35.536	23.175	21.317	686.634	24.606	21.097	14.427
Canarias	968.176	77.579	26.005	29.450	1.220.612	69.027	27.221	19.801
Cantabria	297.147	13.847	10.021	6.602	259.965	13.826	10.547	5.046
Castela e León	1.120.370	55.602	37.565	42.064	887.984	56.725	42.714	19.894
Castela - A Mancha	940.788	49.466	23.272	21.584	968.613	36.202	20.887	17.258
Cataluña	2.809.616	209.388	148.568	134.221	2.441.711	453.952	186.378	124.162
C. Valenciana	1.862.736	98.722	78.434	59.971	1.869.060	75.158	77.146	41.120
Estremadura	435.069	13.719	13.108	12.168	491.529	32.753	8.570	10.320
Galicia	1.084.189	45.732	35.883	62.085	1.002.349	46.567	39.096	22.144
Madrid	2.871.439	160.472	82.875	259.318	2.108.673	160.181	82.497	141.179
Murcia	675.707	17.774	18.017	16.799	711.540	22.561	74.000	13.236
Navarra	310.747	32.435	14.074	19.620	185.635	30.090	16.168	20.135
País Vasco	991.421	74.757	54.824	53.055	694.220	169.542	54.075	31.046
A Rioxa	132.908	9.872	5.738	7.540	111.409	9.187	6.496	4.717
Total	19.860.620	1.076.204	685.677	877.000	18.808.667	1.467.365	804.000	640.286

Fonte: *INE*

4.4.19.

xerados en Galicia no ano 2010 correspóndense con residuos minerais. Séguenlle os residuos de combustión (o 4,9% do total) e os procedentes de residuos animais, metálicos e de papel e cartón, en torno ao 2% do total de residuos non perigosos xerados en ambos casos.

En canto aos residuos perigosos, salientan os residuos de combustión, con 20,6 miles de toneladas, o 39% dos residuos perigosos xerados en Galicia, e os residuos minerais e químicos, con aproximadamente o 21% do total en ámbolos dous casos.

No que atinxe aos residuos urbanos, no ano 2010 xeráronse un total de 1,2 miles de toneladas, o que supón o 5% do volume total de residuos urbanos xerados no conxunto do Estado. En comparación co ano 2009, descendeu un 5,3% o volume de residuos recollidos, sendo sen embargo destacable o incremento do 7,3% do volume de residuos recollidos selectivamente, que acadaron as 192 mil toneladas (**táboa 4.4.18.**)

Con respecto ao volume de residuos mesturados, descenderon en Galicia ata as 1.025 mil toneladas, un 7,3% menos que as recollidas no ano 2009. O informe de xestión para o ano 2011 da Sociedade Galega do Medioambiente S.A. (Sogama), que realiza a recollida selectiva de residuos en 270 concellos, o que supón unha poboación de dereito de 2.245.612 habitantes, sinala que en todo o ano 2012 xestionáronse máis de 800 miles de toneladas de residuos urbanos, procesáronse un total de 20.700 toneladas de bolsa amarela, sendo recicladas 10.815 toneladas. Así mesmo, recuperáronse do lixo en masa 8.500 toneladas de férridos e 310 de aluminio.

Augas

O 14 de xaneiro de 2010 aprobouse, cun horizonte temporal de 25 anos, o Plan Auga, co fin de ordenar o abastecemento na nosa Comunidade.

Aínda que a adecuada xestión e distribución dos recursos hídricos no territorio

Indicadores do Programa de Seguimento Ambiental do Plan de Abastecemento 2010-11

Área	Subárea	Indicador	Valor Referencia	Valor 2011	Valor 2010	Variación (1) (%)	Tendencia desexada
Atmósfera		Emisión de CO_2 á atmósfera	15,18kt/ano	80,8gCO_2/m3	75,8gCO_2/m3	7	Diminuir
Consumo Enerxía		Número de pregos que inclúan uso de enerxías renovables como parámetro de valoración	100%	100%	48%	7	Manterse
		Porcentaxe de proxectos que incorporarán enerxías renovables respecto ao actual	100%	7%	22%	0	Aumentar
Conservación de ecosistemas e biodiversidade	Seguimento da documentación ambiental das actuacións	Porcentaxe de pregos que inclúan variable ambiental como parámetro de valoración	100%	100%	100%	0	Manterse
		Porcentaxe de proxectos que conteñen Anexo Ambiental formando parte da memoria	100%	95%	53%	0	Aumentar
		Porcentaxe de informes ambientais de execución das obras elaborados por especialistas específicos en materia ambiental	0	0	0	0	Aumentar
	Seguimento da afección a espazos protexidos	Porcentaxe de informes sobre afeccións á Rede Natura 2000 para obter informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza	100%	100%	-	-	Manterse
		Número de infraestructuras incluídas en zonas de reserva ou de uso restrinxido	0	0	0	0	Manterse
		Número de informes ambientais de execución das obras realizadas en espazos protexidos por parte de especialistas específicos en materia ambiental	0	0	0	0	Aumentar
Paisaxe		Porcentaxe de proxectos en zonas de elevada naturalidade paisaxística	0%	4%	0%	0	Diminuir
Recursos hídricos	Seguimento de caudais ambientais	realizados en bae ás previsións dos Plans Hidrolóxicos de cunca	100%	100%	0%	1	Aumentar
	Seguimento de augas subterráneas	Número de masas de auga que presentan signos de descenso nos niveis piezométricos	-	-	-	-	Por establecer
	Seguimento da calidade da auga para consumo humano	Número de infraestruturas que non cumpren o RD 140/2003	0%	57,90%	51,40%	0	Diminuir
	Seguimento da perda de auga nas redes de distribución	Número de accións emprendidas no ámbito da Directiva Marco de Auga para a concienciación dos responsables da xestión sobre a minimización das perdas na rede	0	6	6	0	Aumentar/Manterse
		Comprobación da elaboración dun prego para o control da calidade da rede	Elaboración do prego	Sí	Sí	-	-
		Número de incidencias na rede de distribución e causa probable das mesmas	0	99 incidencias/ concello	97 incidencias/ concello	2,7	Diminuir
		Porcentaxe de auga perdida na rede de distribución e causa probable da mesma	24,40%	26,70%	27,90%	-1,3	Diminuir
Equilibrio Territorial	Seguimento de núcleos de poboación abastecidos	Porcentaxe de núcleos de máis de 50 habitantes afectados polo Plan de Abastecemento con respecto ao total	100%	63%	61%	2	Aumentar
	Seguimento da utilización das infraestructuras	Porcentaxe de vivendas abastecidas en núcleos de máis de 50 habitantes	100%	97%	68%	29	Aumentar
Demanda de auga	Seguimento das campañas de concienciación	Número de campañas no ano	0	4	2	100	Aumentar
	Seguimento da recuperación dos custes de abastecemento	Prezo de auga abastecida que pagan os usuarios domésticos	0,9€/m3	0,62€/m3	0,41€/m3	51	Aumentar
	Seguimento do sistema de mínimos tarifarios	Porcentaxe de abonados que non chegan ao mínimo	0%	66%	69%	-3	Diminuir
Producción de residuos		Proxectos de ETAP que recollen a minimización de producción de fangos	100%	67%	100%	-33	Aumentar

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.4.20.

galego planificouse dende o punto de vista da sostibilidade e da garantía de abastecemento, a execución das actividades contidas no Plan Auga pode chegar a supoñer unha serie de implicacións ambientais negativas. Por este motivo, previo á aprobación do nomeado Plan publícase, en marzo de 2009 o Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), no que se establecen unha serie de medidas preventivas co fin de anticiparse a estes posibles impactos. O devandito informe intégrase dentro do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica promovido pola Directiva 2001/42/CEE, de 27 de xuño.

A través do ISA establécese un Programa de Vixilancia e Seguimento onde se inclúe unha metodoloxía para valorar os efectos ocasionados polas actuacións do Plan e para comprobar se as medidas preventivas e correctoras propostas para a redución de impactos son eficaces. A devandita metodoloxía baséase no cálculo de indicadores de proxecto e de sostibilidade.

Os indicadores, que se inclúen na **táboa 4.4.20.**, pretenden dar conta do grao de consecución do Plan Auga en termos de desenvolvemento sostible, é dicir asegurando a sostibilidade da implantación e funcionamento do sistema de abastecemento en consonancia cos intereses e principios ambientais, sociais e económicos de Galicia.

Unha das directrices, dende o punto de vista lexislativo, seguidas para o desenvolvemento do Plan de Abastecemento é o cumprimento dos obxectivos propostos polas diferentes normativas e plans en vigor en materia de auga. Dentro destes destacan a Directiva Marco de Auga (DMA), a Lei de Augas e os plans hidroló-xicos de cunca.

No tocante á dispoñibilidade de recursos, no marco do Plan de Abastecemento de Galicia desenvolveuse un estudo hidrolóxico, cunha serie de indicadores entre os que destaca:

– Seguemento de caudais ambientais: este indicador ten por obxecto valorar se na redacción e deseño dos proxectos de captación se relaciona o caudal a extraer ou demandado coa capacidade de abastecemento do sistema fluvial, tanto en situacións normais como en caso de seca, e co caudal ambiental establecido para dito recurso. Destaca que o 100% dos proxectos de captación está realizado en base ás previsións dos plan hidrolóxicos de cunca.

– Seguemento de augas subterráneas: este indicador trata de avaliar en continuo a evolución dos recursos e valorar se están producindo descensos nos niveis piezométricos. Ainda está por establecer.

– Seguemento da calidade da auga para consumo humano: este indicador deberá cuantificar aquelas instalacións que non cumpren os valores paramétricos indicados (RD 140/2003). Os datos mostran que o 57,9% do total de infraestruturas non cumpren co sinalado no Real Decreto.

– Seguemento da perda de auga nas redes de distribución: este indicador mide o número de actuacións no marco da actuación *"Directiva Marco de Auga. Demarcación Hidrográfica Galicia Costa"*, para concienciar sobre a importancia da minimización de perdas, a comprobación da elaboración dun prego de control, o número de incidencia e a porcentaxe de auga perdida na rede. Neste senso, cómpre salientar que o 26,7% do volume total de auga demandada se corresponde con perdas, das que o 23% son reais e o 3,7%, aparentes. En todo caso, cómpre indicar que algúns concellos de Galicia presentan perdas de auga alarmantes, superando valores do 60 e do 80%, o que é inacepta-

Calidade das augas de baño nas CC.AA. 2012

	augas marítimas					augas continentais				
	excelente	boa	suficiente	insuficiente	sc	excelente	boa	suficiente	insuficiente	sc
					(puntos de mostreo)					
Andalucía	325	10	4	2	1	10	7	6	3	1
Aragón						4	2		1	6
Asturias	67	3	3	4						
Baleares	176	10	2	3	3					
Canarias	194	5	1		5					
Cantabria	23	8	3	1						
Castela e León						17	6	1	7	1
Castela - A Mancha						26	4	1	1	4
Cataluña	243	4	1			11				
Comunidade Valenciana	205	11	7	3		1	2			
Estremadura						3	1	1	5	3
Galicia	338	44	34	30	1	29	26	7	9	1
Madrid						3	3			
Murcia	77	3					1			
Navarra						5	2	1	1	1
País Vasco	39	10	1	4		5				
A Rioxa						1				
Ceuta e Melilla	16	2								
Total	1.703	110	56	47	10	115	54	17	27	17

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*

4.4.21.

ble dende o punto de vista da sostibilidade na xestión da demanda.

No que respecta á calidade das augas de baño, os criterios son os marcados pola Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño.

O censo oficial na tempada 2012 en España consta de 2.156 puntos de mostreo, repartidos en 230 puntos en augas continentais e 1.926 en augas marítimas, sendo a Comunidade de Galicia a que conta cun maior número de puntos de mostreo, con 519, seguida de Andalucía, con 369, e Cataluña, con 259. Por tipos de augas de baño, son Galicia (72) e Castela-A Mancha (36) as que teñen censados máis puntos de mostreo para augas continentais; para augas marítimas é tamén Galicia, con 447, a que conta cun maior número.

Deses 447 puntos de mostreo en augas marítimas galegas, 338 correspóndense con augas de calidade excelente, o 19,8% das existentes con esa cualificación a nivel estatal. No que respecta ás augas continentais, dos 72 puntos de mostreo, 29 tiñan unha calidade excelente e 26, boa (**táboa 4.4.21.**).

Mobilidade sostible

O *Plan director de mobilidade alternativa* do 2012 trata de definir un modelo de mobilidade sostible conxugando desenvolvemento económico e a demanda de mobilidade, co respecto ao medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Os principais obxectivos do sinalado plan son o fomento, tanto no ámbito urbano como rural, do uso de medios de transporte non motorizados, así como o estímulo da súa combinación co transporte público. En concreto, o plan director ten como principal liña de actuación dotar a Galicia dunha rede básica de vías ciclistas na que se poida circular a pé ou en bicicleta de xeito cómodo e seguro.

Oferta e demanda de mobilidade ciclista

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Oferta					
Loxitude de vías ciclistas (km)	64,0	6,8	11,2	36,3	118,4
Nº de aparcabicis	46	22	23	54	145
Aparcabicis por 1.000 hab.	0,11	0,15	0,50	0,24	0,17
Bases de préstamo público de bicicletas ***(capitais de provincia)***	10	5	10	5	73
Nº de bicicletas de préstamo público ***(capitais de provincia)***	200	75	214	100	1.113
Bicicletas de préstamo público por cada 1.000 hab.***(capitais de provincia)***	0,81	0,78	1,99	1,23	0,40
Demanda *					
Viaxes en bicicleta sobre total mobilidade provincial (%) (2009)	0,12	0,13	0,19	0,19	0,15

*Estimación
Fonte: *Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia*

4.4.22.

O proceso da elaboración do plan encóntrase na súa etapa primeira de análise e diagnose da situación actual. No diagnóstico da situación de partida analízanse *os condicionantes da mobilidade alternativa* tanto de tipo espacial (barreiras naturais e artificiais), de tipo ambiental (condicións climáticas, a calidade do aire, a paisaxe), de tipo urbanístico (relacionadas cos asentamentos e a ordenación territorial) e de tipo social (o nivel de motorización, a preocupación polo medio ambiente, a iniciativa cívica e o sedentarismo).

Entre as principais fortalezas detectadas na análise dos condicionantes da mobilidade alternativa en Galicia, atópanse as oportunidades que ofrecen as vías férreas convencionais, as condicións favorables das estradas galegas e a proximidade entre os núcleos de poboación. Entre os principais obstáculos atoparíanse a gran importancia das pendentes no territorio galego, a relevancia climática da chuvia e o vento e a baixa mobilidade social e iniciativa cívica e institucional en relación ao uso da bicicleta.

Nesta primeira etapa de elaboración do plan de mobilidade analízase a situación da demanda e da oferta das variables relacionadas co uso da bicicleta.

No que se refire á situación da oferta (**táboa 4.4.22.**), cabe subliñar que en Galicia a infraestrutura ciclista é, en termos xerais, limitada. Existen 118,4 Km de vías ciclistas inventariadas en todo o territorio, cun reparto desigual por provincias: destaca claramente A Coruña, con 64 km, o 54,1% do total galego, seguida da provincia de Pontevedra, con 36 km de vías ciclistas. A dotación de aparcabicis é baixa, con 0,17 aparcabicis por cada 1.000 galegos. No que respecta ao préstamo público de bicicletas, das catro capitais de provincia galegas, destacan por número de bicicletas de préstamo público por cada 1.000 habitantes Ourense e Pontevedra, con 1,99 e 1,23 bicicletas, respectivamente, mentres que A Coruña contaría só con 0,81 e Lugo, con 0,78 bicicletas por cada 1.000 habitantes. En todo caso, moi por debaixo dos datos acadados en cidades europeas como París (9,4 Bcl/1.000 hab), ou españolas como Sevilla ou Barcelona, con 4,1 e 3,7 bicicletas de préstamo público por cada 1.000 habitantes, respectivamente.

No que atinxe á demanda, o grado de utilización da bicicleta en Galicia é reducido, representando, segundo a *Enquisa domiciliaria de mobilidade,* un 0,15% da mobilidade global galega. A análise da diagnose da situación actual pretende ser o instrumento para pechar a fenda entre as carencias detectadas e os obxectivos propostos

Indicadores de sustentabilidade da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 20

	Período	Unidade	Eurorrexión
Producción e consumo sustentables			
Metabolismo urbano			
Producción de residuos urbanos per cápita	2009	*kg/hab.ano*	446
Porcentaxe de residuos recollidos selectivamente	2008	*%*	12
Consumo de auga per cápita (1)	2007	*m^3/hab.ano*	55
Intensidade enerxética na economía	2009	*tep/millóns*	145
Consumo de electricidade producida a partir de enerxías renovables	2009	*%*	72
Consumo enerxético en mobilidade	2009	*tep/1.000 habs.*	619
Cambio climático e enerxía limpa			
Emisións atmosféricas			
Emisións de GEI	2009		111,4
Emisións GEI provenientes de sectores difusos	2008	*$tmCO^2$ eq/hab.*	4,42
Adición de biocombustibles ao consumo de combustibles	2009	*%*	3,28
Emisións GEI difusas/PIB	2008	*$tmCO^2$-eq/€*	0,27
Transportes			
Mobilidade			
Densidade de autoestradas	2009	*kg/100.000 habs.*	35
Densidade de vías férreas	2009	*kg/100.000 habs.*	27
Taxa de motorización	2009	*vehículos/1.000 habs.*	451
Conservacion e xestión dos recursos naturais e ordenación do territorio			
Uso do solo e ordenamento do territorio			
Uso do solo	1990-2006	*% territorio artificializado*	↑ 43
		% área agrícola e agroflorestal	↓ 1
Superficie artificializada na franxa costeira	1990-2006	*%*	17
Densidade da poboación urbana	2010	*hab./km^2*	108
Área afectada por incendios forestais	2001-2008	*ha.queimadas (media anual)*	82.351
Uso do solo e ordenamento do territorio			
Porcentaxe da superficie ocupada por espazos naturais protexidos abranguidos por plans de xestión	2009	*%*	43

(1) datos do ano 2008

(2) UE-15

Fonte: *Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico*

4.4.23.

polo plan, a través do deseño, a eses efectos, dunha serie de actuacións e programas. Ditas actuacións, entre outras, abranguerán a creación de infraestruturas relacionadas coa rede básica de vías ciclistas e a elaboración de programas relacionados coa xestión e seguimento do plan, ou o deseño de campañas de comunicación, educación e formación destinadas á recuperación social e cultural da bicicleta.

Indicadores de sostibilidade na eurorrexión

Localizada no noroeste peninsular, a eurorrexión abrangue Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e a rexión Norte de Portugal (Minho-Lima, Cávado, Alto-Trás-os-Montes, Grande Porto, Ave, Tâmega, Douro e Entre Douro e Vouga). Ocupando unha superficie total de 51 mil km^2, configurase como un espazo de interrelación económica, social e cultural, e de identidade compartida, no que as complementariedades entre ambos dous territorios permiten facer del unha área fortemente competitiva no presente contexto de globalización e internacionalización da economía.

A axencia de ecoloxía urbana do Eixo Atlántico publicou no ano 2011 un *Informe da sustentabilidade da Euro Rexión Galicia-Norte de Portugal* cuxo obxecto é o de ofrecer unha análise da evolución temporal e da situación actual da eurorrexión con respecto á unha serie de indicadores

011

Avaliación	Portugal	España	UE
- ↑	517	547	512
- ↓	12	20	-
- ↑	62	80	-
- ↑	136	120	112
+ ↑	35	28	17 (1)
= ↔	632	788	733
+ ↑	124	129,8	83
- ↔	3,93	4,38	4,75
= ↑	3,32	2,84	3,29
- ↑	0,25	0,19	0,19
= ↑	25	30	15
- ↓	26	27	81
- ↓	435	480	473
	↑ 46	↑ 46	↑ 21
- ↓			(2)
	↓ 10	↓ 1,3	↓ 5
			(2)
- ↓	65	37	-
= ↓	108	73	-
- ↑	156.749	115.614	49.538
			(2)
- ↑	98	42	-

de sostenibilidade. O informe distribúese en diversos apartados dedicados á análise de distintos indicadores referidos a cinco eixos temáticos: envolvente social, produción e consumo sustentables, cambio climático e enerxía limpa, transportes, conservación e xestión dos recursos naturais, e ordenación do territorio.

No que atinxe ao medio ambiente destacan polo seu interese os catro últimos. Co obxecto de facer unha avaliación global o informe recolle unha análise comparativa de tipo temporal, recollendo datos de períodos que abranguen en xeral uns dez anos, e de tipo espacial, amosando valores dos indicadores para Portugal, España e a UE.

Tal e como podemos observar nos datos que amosa a **táboa 4.4.23.**, teríamos indicadores que polos seus valores, tanto nunha perspectiva diacrónica como sincrónica, reflicten unha tendencia negativa ou positiva, e unha situación favorable ou desfavorable respecto aos obxectivos normativos. Destaca na eurorrexión, polos seus valores notable e positivamente distanciados dos outros ámbitos territoriais analizados, por unha banda a menor produción de residuos urbanos per cápita, o menor consumo de auga per cápita, o menor volume de emisión de GEI, o menor consumo enerxético en mobilidade, a menor porcentaxe de superficie artificializada, e por outra, o maior consumo de electricidade a partir de fontes renovables, a maior adición de biocombustibles ao consumo de combustibles, todo o que reflicte un balance en termos relativos bastante positivo da sostibilidade na eurorrexión.

O lado negativo en termos comparativos cos outros ámbitos territoriais o ofrecerían os menores valores da produción de residuos recollidos selectivamente, a menor porcentaxe de superficie natural protexida, e os maiores valores da intensidade enerxética, das emisións dos denominados sectores difusos, así como dunhas maiores porcentaxes de vías férreas e de autoestradas. En calquera caso, unha análise temporal dos diversos indicadores para a eurorrexión comparándos cuns estándares desexables daría conta de moitas dimensións da sostibilidade que serían susceptibles de mellora. ■

CATROCINCO. ocio e cultura

Tal e como afirma a Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural da UNESCO do ano 2002, a cultura debe ser considerada como "o conxunto dos rasgos distintivos espirituais e materiais, intelectuais e afectivos, que caracterizan unha sociedade ou un grupo social e que abarca, ademais das artes e as letras, os modos de vida, a maneira de vivir xuntos, os sistemas de valores, as tradicións e as crenzas".

Para o estudio da situación e evolución da cultura en Galicia distinguiremos entre magnitudes transversais e dominios culturais, entendendo por magnitudes transversais as operacións estatísticas que afecten a diferentes sectores culturais, e por dominios culturais (magnitudes sectoriais), aqueles que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, concretamente analizaremos dentro dos dominios culturais os bens culturais, libros e publicacións periódicas, artes musicais e escénicas e os medios audiovisuais e interactivos.

En Galicia, dentro do ***"Plan estratéxico 2010-2014 horizonte 2020"*** a cultura cobra unha especial importancia, tal e como o indica a proposta dunha serie de obxectivos de natureza cultural englobados en dous eixes da estratexia.

Dentro do primeiro eixe dedicado á "cohesión social, benestar e calidade de vida", o obxectivo estratéxico 1.3 propón "garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe". Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico. A medida nº 11 ligada a dito obxectivo céntrase na "conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cul-

Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014: obxectivos estratéxicos dos Eixes 1 e 2 (1)

OE 1.3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	OE 2.3 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial	OE 2.4. Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego
Plan de financiamento universitario	Plan Integral Re-móvete Automoción	Plan autonómico de emprego 2010-2013
Plan de infraestruturas educativas científicas	Plan Ágora Agora Re-comercia 2010-2013	Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014
Plan para normalizar o uso e o aproveitamento das TIC na comunidade educativa	Plan de ordenación dos cultivos na zona marítima	II Plan galego de FP
Proxecto ABALAR	Plan galego de acuicultura	Plan socio-laboral
Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras	Plan de labores de actividades mineiras	Plan estratéxico de RSE 2010-2013
Plan de mellora na formación do profesorado	Plan estratéxico do sector lácteo	Plan estratéxico de desenvolvemento de cooperativismo
Plan de actuación para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida	Plan de excelencia sanitaria das producións agrarias	
Plan de dinamización social da lingua galega	Plan director da produción agraria sustentable	
Plan para a mellora do éxito escolar	Plan de implantación e desenvolvemento da Oficina Agraria Virtual	
Plan para promover a avaliación e a excelencia no sistema educativo de Galicia	Plan director de telecomunicacións	
Plan de formación e cualificación profesional		
Programas de innovación educativa e cooperación con outras administracións		
Plan para facilitar a participación da sociedade no sistema educativo		
Plan Galicia saudable		
Plans da Consellería de Cultura (nove)		

(1) Eixe 1: Cohesión social, benestar e calidade de vida; Eixe 2: Dinamización económica, crecemento e emprego
Fonte: *Xunta de Galicia*

4.5.1.

tural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade".

No segundo eixe de "dinamización económica, crecemento e emprego", o obxectivo estratéxico 2.2 propón "internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas", contemplándose unha serie de medidas relacionadas coa proxección da Cidade da Cultura co obxecto de difundir a denominada Marca Galicia así como coa internacionalización da cultura galega.

Pola súa banda, o obxectivo estratéxico 2.3 é o de "potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clúster e o fomento da innovación e cooperación empresarial". Dada a importancia cada vez maior da cultura no conxunto da economía, a medida 11 conságrase á "consolidación dun sector galego do audiovisual" e a medida 19 á "promoción de Galicia como destino de turismo cultural".

Asociados aos sinalados obxectivos estratéxicos, tal como se mostra no **cadro 4.5.1.**, desenvólvense unha serie de programas e plans de actuación no ámbito cultural.

Indicadores da situación da cultura e ocio en Galicia

- **Indicadores transversais**

– Emprego cultural.

No ano 2011, último dato dispoñible, había en Galicia 24.200 persoas ocupadas que desenvolven a súa actividade laboral no ámbito da cultura (**cadro 4.5.2.**). En termos absolutos, Galicia sería a sexta comunidade con maior número de persoas

Emprego cultural nas CC.AA. 2007-11 (1)

	2007	2008	2009	2010	2011
			(en miles)		
Andalucía	55,3	65,4	68,4	52,8	49,4
Aragón	14,4	13,1	14,2	13,5	13,6
Asturias	6,9	9,2	9,7	8,5	7,2
Baleares	14,4	13,9	13,2	12,3	9,8
Canarias	18,2	21,2	16,6	16,9	15,6
Castela - A Mancha	13,0	13,8	15,3	14,9	13,1
Castela e León	18,8	21,0	22,2	24,9	19,6
Cataluña	117,7	126,1	117,7	126,1	126,1
Comunidade Valenciana	60,4	55,6	48,8	46,7	42,0
Galicia	23,6	26,6	33,2	30,6	24,2
Madrid	140,6	137,9	119,1	97,3	116,7
Murcia	9,2	11,2	10,4	10,5	6,7
Navarra	7,9	9,2	7,3	8,1	9,9
País Vasco	24,7	25,2	25,9	25,5	29,1
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	13,7	14,1	15,0	14,7	15,8
Total	553,7	562,0	537,0	503,7	481,7

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de video, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: *Observatorio da Cultura Galega*

4.5.2.

empregadas en actividades culturais, tras Madrid (116.700), Cataluña (109.000), Andalucía (49.400), Comunidade Valenciana (42.000) e País Vasco (29.100). En comparación co ano anterior, en Galicia hai un 20,9% menos de ocupados no sector cultural, unha contracción moito maior que a experimentada a nivel nacional, que supuxo un descenso dun 4,4%.

Despois de acadarse no período 2007-2009 un incremento do 40,7%, pasando de 23.600 a 33.200 ocupados en actividades culturais, a partir do ano 2009 comézase a rexistrar un descenso acadándose así no ano 2011 o valor máis baixo do período.

– Empresas culturais.

Enténdese por empresas culturais aquelas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, sendo aquelas actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos entre outras. No ano 2011, tal e como mostra o **cadro 4.5.3.**, Galicia contaba cun total de 5.545 empresas culturais, o que supón un incremento dun 2% respecto ás existentes no ano 2010, sendo as actividades máis puxantes as da categoría bibliotecas, arquivos, museos e outros, e as de cinematografía, vídeo, radio tv e outros. En termos absolutos, Galicia é a sexta comunidade con maior número de empresas culturais, por detrás de Madrid (23.017), Cataluña (20.132), Andalucía (13.519), Valencia (9.802) e País Vasco (5864). Das 5.545 empresas culturais existentes en Galicia, 3.364 son actividades do ámbito da industria e dos servizos, das cales unhas 1.411 son actividades de deseño, creación artística e de espectáculos. As 1.881 restantes atópanse vinculadas a actividades de comercio e aluguer.

- Financiamento e gasto público en cultura.

Entendemos por gasto público en cultura o

Empresas culturais nas CC.AA. 2011: distribución segundo actividade e

	Total empresas	En determinadas actividades da industria e dos servizo					
		Total	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	Axencias de novas	Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos
Andalucía	13.519	8.486	312	868	1.055	2	2.874
Aragón	2.654	1.757	88	161	138	2	755
Asturias	2.259	1.432	60	156	107	-	596
Baleares	2.481	1.906	115	218	198	2	781
Canarias	3.697	2.683	107	235	448	3	997
Cantabria	1.045	671	26	80	59	-	226
Castela - A Mancha	2.947	1.908	79	158	185	-	675
Castela e León	4.743	3.012	367	267	196	3	1.096
Cataluña	20.132	16.204	1.034	1.959	1.881	7	5.869
Comunidade Valenciana	9.802	6.750	268	558	727	2	2.406
Estremadura	1.458	939	47	70	116	-	328
Galicia	5.545	3.664	158	359	401	1	1.411
Madrid	23.017	19.238	890	2.901	3.176	28	6.783
Murcia	2.120	1.336	60	98	156	-	385
Navarra	1.234	907	50	97	86	-	352
País Vasco	5.864	4.343	108	356	698	104	1.553
A Rioxa	622	430	28	42	30	-	174
Ceuta e Melilla	181	100	9	15	18	-	20
Total	103.320	75.766	3.806	8.598	9.675	154	27.281

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.3.

Gasto público das CC.AA. en cultura 2010

	Total	% /gasto liquidado total	% PIB	valor medio / hab.
	(en miles de euros)			*(en euros)*
Andalucía	252.890	0,81	0,18	30,80
Aragón	39.318	0,71	0,12	29,90
Asturias	62.381	1,45	0,27	59,00
Baleares	14.461	0,39	0,06	13,40
Canarias	42.149	0,55	0,10	20,20
Cantabria	27.866	1,19	0,22	48,20
Castela - A Mancha	76.890	0,86	0,21	37,80
Castela e León	108.683	1,03	0,19	43,50
Cataluña	393.078	1,21	0,20	53,80
Comunidade Valenciana	173.468	1,13	0,17	34,70
Estremadura	64.118	1,27	0,37	59,20
Galicia	111.093	1,00	0,20	40,60
Madrid	111.707	0,62	0,06	17,60
Murcia	48.744	1,00	0,17	33,40
Navarra	71.193	1,66	0,39	115,00
País Vasco	138.827	1,34	0,22	64,90
A Rioxa	14.126	1,11	0,18	45,00
Ceuta	7.384	2,84	0,49	99,20
Melilla	10.683	4,29	0,78	147,30
Total	1.769.059	0,99	0,17	38,50

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.4.

económica

Fotografía	Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	En determinadas actividades do comercio e aluguer
1.581	1.758	36	5.033
267	331	15	897
240	269	4	827
268	321	3	575
365	527	1	1.014
150	129	1	374
347	451	13	1.039
491	586	6	1.731
1.848	3.539	67	3.928
1.175	1.551	63	3.052
172	206	-	519
559	752	23	1.881
1.459	3.948	53	3.779
290	345	2	784
128	189	5	327
568	942	14	1.521
79	77	-	192
22	16	-	81
10.009	15.937	306	27.554

gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas, polo que a natureza do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto.

O gasto público en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2010, último dispoñible (**cadro 4.5.4.**), a 111 millóns de euros, o que indica un descenso do 26,9% en relación ao ano anterior (41 millóns de euros menos), acadando o 0,2% do PIB e o 1% do gasto orzamentario liquidado total.

Galicia, con 40,6 euros, é a novena Comunidade Autónoma con menor gasto cultural por habitante, cando no ano anterior era a quinta Comunidade con maior gasto cultural por habitante.

– Gasto e consumo cultural nos fogares.

Tal e como amosa o **cadro 4.5.5.**, o gasto cultural nos fogares galegos acadou no ano 2011 un total de 722 millóns de euros, o que supón un descenso do 7,8% en relación o ano anterior. O principal destino deste gasto é a compra de equipos e accesorios audiovisuais de tratamento de información e internet, seguido do consumo de servizos culturais, co 48,2% e o 23,6% do gasto total, respectivamente. Galicia é en termos absolutos a sexta comunidade autónoma con maior gasto cultural, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco.

Dende o comezo da crise económica no ano 2008 ata o ano 2011 (último dispoñible), en Galicia o gasto en consumo cultural reduciuse nun 11,5%, o gasto medio por fogar en cultura nun 14% e o gasto medio por persoa en cultura nun 11,3%, sendo a quinta comunidade autónoma con menor gasto en cultura por fogar e por persoa, por debaixo, en ámbolos dous casos, da media estatal. A entrada en vigor en setembro de 2012 do novos tipos

Consumo cultural nos fogares nas CC.AA. 2011

	Total	Libros e pub.periódicas	Servizos culturais	Equipos e acc.audiovisuais de tratamento da información e Internet	Outros bens e servizos	Gasto medio / persona	Gasto medio / fogar
		(en millóns de €)				*(en euros)*	
Andalucía	2.146,40	315,70	622,50	1.042,20	166,00	260,5	727,1
Aragón	394,50	77,60	115,00	184,50	17,50	302,8	777,2
Asturias	350,90	74,70	119,60	145,60	11,00	335,0	824,3
Baleares	336,70	48,20	105,10	169,00	14,40	309,5	791,1
Canarias	618,40	78,40	208,50	286,40	45,20	294,5	808,7
Cantabria	182,50	42,30	42,40	87,70	10,20	317,7	819,3
Castela - A Mancha	502,80	83,60	133,70	257,90	27,60	247,1	673,0
Castela e León	704,80	143,50	180,50	340,30	40,50	286,9	704,7
Cataluña	2.607,30	392,10	781,90	1.237,80	195,60	358,4	936,0
Comunidade Valenciana	1.449,80	226,00	431,90	694,60	97,30	290,7	752,6
Estremadura	238,40	39,70	63,70	119,30	15,60	221,6	586,1
Galicia	722,00	153,50	170,60	347,80	50,10	265,6	705,4
Madrid	2.694,10	512,20	901,20	1.081,90	198,70	424,4	1.139,6
Murcia	308,70	52,30	105,30	129,70	21,40	210,4	591,1
Navarra	206,10	49,20	56,20	89,10	11,50	334,8	859,2
País Vasco	764,80	205,20	203,40	318,20	37,90	361,4	889,1
A Rioxa	100,70	24,90	26,10	44,60	5,10	325,1	825,2
Ceuta e Melilla	34,70	5,80	13,00	13,90	-	231,1	754,6
Total	14.363,60	2.524,90	4.280,60	6.590,50	965,60	312,9	828,3

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.5.

de IVE, e o seu efecto sobre os produtos e servizos culturais, fai presaxiar unha contracción maior no consumo cultural no vindeiro ano.

– Propiedade intelectual.

Defínese como propiedade intelectual o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. En virtude do RD 281/2003 créase o Rexistro Xeral da Propiedade que engloba o Rexistro Central e os Rexistros Territoriais. O Rexistro Territorial en Galicia rexistrou no ano 2011 un total de 1.783 inscricións. O 73,6% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas (**cadro 4.5.6.**).

– Turismo cultural.

O efecto económico positivo do turismo cultural na nosa comunidade é moi significativo,. Deste xeito pódese apreciar no **cadro 4.5.7.** que no ano 2011 o 7,9% dos viaxes realizados por residentes españois e o 62,3% dos viaxes realizados por turistas internacionais, con destino a Galicia, tiveron por motivo principal a cultura.

Respecto o ano 2010, o número de turistas residentes en España que visitaron Galicia por motivos culturais incrementouse un 20,8%, sendo este incremento do 5,5% no caso dos turistas internacionais.

Galicia acolleu, no ano 2011, a case un millón de turistas culturais no seu territorio, o que reflicte, sen dúbida, o potencial da nosa comunidade como destino turístico cultural de referencia. Por outra banda, o gasto medio realizado en 2011 por estes turistas culturais sería de 448 euros no caso dos residentes españois, e de 1.224 euros no caso dos turistas internacionais. Fronte ao descenso do gasto medio dos turistas culturais residentes en España, os

Dereitos de propiedade intelectual 2008-11: primeiras inscricións

	2008	2009	2010	2011
Obras literarias e científicas				
España	23.328	24.186	20.230	24.540
Galicia	1.298	1.283	1.254	1.313
Obras musicais, cinematograficas e audiovisuais				
España	6.412	6.307	6.266	6.335
Galicia	313	300	284	300
Obras artísticas etécnicas				
España	2.711	2.965	2.296	2.915
Galicia	132	117	114	113
Outras				
España	743	854	838	1.141
Galicia	49	56	106	57
Total (1)				
España	33.194	34.312	29.630	34.931
Galicia	1.792	1.756	1.758	1.783

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.6.

Turismo cultural nas CC.AA. 2011

	Residentes en España que viaxan por motivos culturais			Turistas internacionais que realizan actividades culturais		
	total	% / total viaxes	gasto medio / viaxe	total	% / total entradas turistas internacionais	gasto medio / turista
	(en miles)		*(en €)*	*(en miles)*		*(en €)*
Andalucía	1.755,7	7,0	413	4.457,5	56,6	1.136
Aragón	418,1	6,4	460	178,3	57,2	1.368
Asturias	396,2	7,7	493	140,3	70,6	1.558
Baleares	272,4	12,1	600	4.575,3	45,3	1.008
Canarias	338,6	8,2	589	3.139,4	30,8	1.093
Cantabria	177,2	9,9	350	201,9	66,2	1.074
Castela - A Mancha	501,8	7,6	375	79,9	52,4	1.419
Castela e León	834,8	8,6	417	505,4	46,9	929
Cataluña	2.363,6	8,7	539	8.867,8	64,8	893
Comunidade Valenciana	1.179,0	8,4	435	2.774,0	51,6	930
Estremadura	273,2	7,3	345	88,0	48,9	1.124
Galicia	556,6	7,9	448	426,6	62,3	1.224
Madrid	2.402,8	7,7	513	3.107,7	68,0	1.356
Murcia	279,1	7,5	487	297,6	46,2	1.070
Navarra	243,9	9,9	463	112,4	60,1	714
País Vasco	1.071,1	13,0	496	533,8	55,2	723
A Rioxa	103,0	7,3	434	-	-	515
Ceuta e Melilla	29,2	7,7	459	-	-	-
Total	13.196,3	8,2	475	29.502,9	52,2	1.034

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.7.

Bens de interés cultural nas CC.AA. 2011

	bens mobles	bens inmobles
Andalucía	5.357	2.997
Aragón	8	786
Asturias	7	355
Baleares	65	3.043
Canarias	848	629
Cantabria	6	282
Castela - A Mancha	16	787
Castela e León	118	1.366
Cataluña	468	2.263
Comunidade Valenciana	434	1.182
Estremadura	54	265
Galicia	13	717
Madrid	539	480
Murcia	1.779	514
Navarra	2.324	191
País Vasco	98	287
A Rioxa	-	159
Ceuta e Melilla	-	106
Total	12.134	16.409

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

■ 4.5.8.

turistas internacionais incrementaron o seu gasto nun 35,2%; sendo Galicia no ano 2011 a quinta comunidade cun maior gasto por turista cultural internacional.

• Dominios culturais

- Bens culturais: patrimonio, museos e arquivos, bibliotecas.

Forman parte do patrimonio cultural de Galicia tódolos bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles.

Os bens mobles poderán selo de forma individual ou ben como colección. A declaración dos bens inmobles atenderán as seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

Tal como se observa no **cadro 4.5.8.**, Galicia conta no ano 2011 con 13 bens mobles e 717 bens inmobles declarados como de interese cultural. O 86% dos bens inmobles de interese cultural galegos intégranse na categoría de *Monumentos*, entendidos como aqueles inmobles que constitúen realizacións arquitectónicas ou de enxeñería, ou obras de escultura colosal sempre que teñan un interese histórico, artístico, científico ou social.

Finalmente salientar que Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma por número de bens declarados como *Sitios históricos*, con 31, entendidos como lugares ou paisaxes naturais vinculados a acontecementos ou recordos do pasado, a tradicións populares, creacións culturais ou da natureza e a obras do home que posúan valor histórico, etnográfico, paleontolóxico ou antropolóxico.

– Museos.

Galicia é a sétima comunidade autónoma

Museos e coleccións museográficas nas CC.AA. 2010: visitantes

	museos e coleccións museográficas	visitantes		
		totais	por museo	estranxeiros/total (%)
Andalucía	178	7.534.709	42.330	18,9
Aragón	63	1.263.790	20.060	5,0
Asturias	51	888.084	17.413	2,3
Baleares	62	2.652.860	42.788	3,2
Canarias	57	2.732.778	47.943	27,9
Cantabria	11	451.673	41.061	6,0
Castela - A Mancha	192	4.101.176	21.360	4,2
Castela e León	155	2.580.502	16.648	7,7
Cataluña	108	11.125.770	103.016	-
Comunidade Valenciana	198	5.560.497	28.083	20,5
Estremadura	52	1.000.318	19.237	2,2
Galicia	73	1.762.580	24.145	7,8
Madrid	117	10.988.746	93.921	12,5
Murcia	70	1.129.647	16.138	10,9
Navarra	8	210.243	26.280	7,1
País Vasco	62	2.468.982	39.822	30,3
A Rioxa	13	262.862	20.220	6,7
Ceuta e Melilla	9	80.262	22.033	0,2
Total	1.479	56.795.479	38.401	13,9

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.9.

con máis museos, un total de 73 dos 1479 existentes en todo o territorio nacional. (cadro 4.5.9)

A enquisa de hábitos culturais 2010-2011 (**cadro 4.5.10.**) recolle que os galegos de media puntúan o seu grao de interese polos museos en 4,4 puntos dunha escala do 0 ao 10, sendo 10 o máximo interese por actividades culturais de tipo museístico, sendo a puntuación media a nivel nacional dun 4,8. No que respecta á asistencia a museos, o 42,5% dos enquisados en Galicia nunca ou case nunca visitan un museo fronte ao 33,6% de media no conxunto do Estado.

- Bibliotecas.

Galicia no ano 2010 conta con 522 bibliotecas (675 puntos de servizo), o que indica a existencia de 19,1 bibliotecas por cada 100.000 habitantes, por detrás de Andalucía, Cataluña, Castela–A Mancha, Valencia e Madrid, situándose así en case cinco puntos por riba da media a nivel nacional.

En relación ao tamaño de fondos (**cadro 4.5.11.**), obsérvase que das 522 bibliotecas existentes en Galicia, 129 disporían de entre 5.000 e 10.000 volumes e 113 teñen unha colección entre os 2.000 e 5.000 volumes. En comparación coa media estatal, destaca que Galicia ten un 39% de bibliotecas cunha pequena colección de menos de 5000 volumes, seis puntos porcentuais máis ca media do conxunto de bibliotecas con ese volume de fondos no conxunto do Estado. Así mesmo, as bibliotecas con máis de 100.000 volumes representan o 2,7% do total de bibliotecas de Galicia, sendo a media estatal dun 3,6%.

De entre as bibliotecas de más de 100.000 volumes destacan as Bibliotecas Públicas

Hábitos culturais en Galicia e España 2010-11

	Grado de interés						Frecuencia					
	10-9	8-7	6-5	4-3	2-0	Media	Total visitados no último ano	Nos últimos 3 meses	Entre 3 meses e 1 ano	Hai máis de 1 ano	Nunca ou case nunca	No último mes
	(en %)						(en %)					
Museos												
Galicia	9,5	19,3	27,0	11,4	32,8	4,4	25,2	12,2	13,0	32,3	42,5	
España	11,0	25,7	23,4	11,6	28,4	4,8	30,6	15,1	15,5	35,9	33,6	
Lectura												
Galicia	18,7	27,0	30,7	11,0	12,7	6,0	53,3	45,8	7,5	18,8	27,9	39,0
España	22,5	29,7	23,8	8,6	15,4	6,1	58,7	51,1	7,6	16,4	24,9	43,2
Artes escénicas												
Galicia	14,7	23,8	24,3	11,1	26,2		14,6	6,9	7,7	24,1	61,3	
España	18,4	28,7	20,9	10,0	22,1		22,5	11,0	11,4	28,6	48,9	
Teatro												
Galicia	10,6	22,2	25,1	12,3	29,7	4,7	12,4	5,6	6,8	23,1	64,6	
España	14,2	26,8	22,5	11,4	25,1	5,1	19,0	8,6	10,4	28,8	52,2	
Cine												
Galicia	20,1	31,0	27,0	7,8	14,0	6,1	49,1	34,5	14,6	27,2	23,8	
España	23,4	35,1	20,4	7,8	13,3	6,4	36,5	24,9	11,6	31,1	32,4	

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.10.

Bibliotecas segundo volume de fondos 2010

	Total bibliotecas	Bibliotecas segundo volumes						
		ata 2.000	de 2.001 a 5.000	de 5001 a 10.000	de 10.001 a 20.000	de 20.001 a 50.000	de 50.001 a 100.000	máis de 100.000
Galicia	522	90	113	129	107	54	15	14
España	6.608	751	1.398	1.680	1.443	852	243	241

Fonte: *Observatorio da Cultura Galega*

4.5.11.

Nodais, inscritas na Rede de Bibliotecas de Galicia e sitas en A Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo e Santiago de Compostela. Entre todas elas suman un volume de 1.042.211 fondos, o que supón un 20,3% do total dos fondos dos 319 puntos de servizo que conforman a Rede de Bibliotecas de Galicia.

- Cidade da Cultura.

No ano 2012 apróbase o Plan Estratéxico 2012-2018 da Cidade da Cultura de Galicia. Dito Plan incorpora, por unha banda, un Plan Director, e por outra, catro Plans de Acción Estratéxicos, tres Plans de Soporte e un Plan de Sustentabilidade económico- financeira.

Os catro obxectivos estratéxicos fixados no Plan Director son os seguintes:

OE1: Ofertarlle á cidadanía unha actividade e programación de calidade, acorde coa magnitude do contenedor arquitectónico.

OE2: Constituírse como o espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego.

OE3: Converterse nun polo de desenvolvemento que contribúa á dinamización do tecido produtivo, ao incremento dos niveis de renda e emprego e á mellora da competitividade do territorio.

Cidade da Cultura de Galicia: conta de resultados analítica 2015

	Total
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	2.450.000
1.1 Patrocinios	450.000
1.2 Contribución do padroado	2.000.000
2. Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	900.000
2.1 Ingresos por actividades culturais	900.000
3. Outros ingresos de explotación	984.780
3.1 Cesións da Xunta	349.560
3.2 Alugueiros	512.820
3.3 Coworking	72.000
3.4 Viveiro	50.400
4. Gastos de persoal	756.000
4.1 Salario e SS	756.000
5. Actividades	5.350.000
5.1 Actividade cultural	4.500.000
5.2 CINC e outros servizos externos	700.000
5.3 Programa de emprendemento	150.000
6. Outros gastos de explotación	2.811.918
A. RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	- 4.583.138
7. Subvención da explotación	4.583.138
B. RESULTADOS DO EXERCICIO	-

Fonte: *Cidade da Cultura de Galicia*

4.5.12.

OE4: Converterse nun proxecto economicamente sustentable e socialmente rendible.

Os tres Plans de Acción restantes son o Plan de Marketing e Mecenado, que pretende o posicionamento da Marca Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia, o Plan de Mecenado e participación empresarial, que fixa como factor clave un enfoque de xestión de tipo empresarial e comercial en aras da busca de novas formas de financiamento e ingresos das actividades culturais, e o Plan de Explotación, que se presenta como o factor clave para a xestión da sustentabilidade e viabilidade económica do proxecto a longo prazo.

Como complemento dos plans anteriores perfílanse tres plans de soporte, dedicados ás infraestruturas, aos recursos humanos e ao financiamento, respectivamente.

Finalmente, o Plan de Sustentabilidade económico–financeira estima o impacto da execución das accións contidas neste Plan Estratéxico, sendo a conta de resultados proxectada para o ano 2015 a que se mostra no cadro **4.5.12.**

– Libro e publicacións periódicas.

O ano 2012 mostra un descenso da produción editorial tanto en Galicia como en España, en termos de títulos publicados, despois do leve repunte do ano 2011. No último ano producíronse en Galicia un total de 2.660 títulos, un 7,2% menos que no ano anterior. Dado o descenso do 6,2% no número de títulos publicados de media no Estado, Galicia diminúe o seu peso relativo no que ao número de títulos publicados se refire (3,8%, cando o ano anterior era do 3,9%).

Ao longo do ano 2012 redúcese igualmente a produción editorial en galego en relación aos títulos publicados no ano anterior, acadando no último ano 1.322 títulos (o 1,9% dos títulos publicados no conxunto do Estado), un 7,6% menos que no ano precedente. Da produción editorial total en España (69.668 títulos publicados), o **cadro 4.5.13.** reflicte que se editan en castelán o 78,6% dos títulos, un 9,7% en catalán, valenciano e balear e un 1,2% en euskera.

Tal e como reflicte a *Enquisa de prácticas e hábitos culturais* do Ministerio de Cultura e

Produción editorial en España 2011-12: títulos publicados segundo idioma

	2011	2012	12/11
			(%)
Total	74.244	69.668	-6,2
Castelán	58.615	54.784	-6,5
Catalán, valenciano e balear	7.804	6.747	-13,5
Galego	1.430	1.322	-7,6
Euskera	794	837	5,4
Outros idiomas ou dialectos nacionais	81	32	-60,5
Alemán	155	133	-14,2
Francés	447	488	9,2
Inglés	1.388	2.288	64,8
Outros idiomas estranxeiros	947	489	-48,4
En 2 ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros	2.583	2.548	-1,4

Fonte: *INE*

4.5.13.

Educación dos anos 2010-2011 (**cadro 4.5.10.**), os galegos mostrarían de media, nunha escala de 0 a 10, un interese pola lectura de 6 puntos, sendo a media a nivel nacional de 6,1 puntos.

A porcentaxe de galegos que declararían un alto interese pola lectura, o que correspondería cunha puntuación de entre 9 e 10 na escala, é só dun 18,7%, sendo a media a nivel nacional do 22,5%. En Galicia o 27,9% das persoas enquisadas declararon que nunca tiñan lido un libro, fronte ao 24,9% de media no Estado.

Ademais, os galegos mostrarían un interese polas bibliotecas de só 2,4 puntos nunha escala de dez e sendo a puntuación media nacional de 2,9. O principal motivo polo que os enquisados afirman non acudir a biblioteca e a "falla de interese" (46,5%), seguido da "falla de tempo" (36,5%) e "inexistencia de instalacións preto do fogar" (7,1%).

Respecto á prensa escrita, os datos da *Oficina de Justificación de la Difusión* amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD presentan, dende xullo de 2011 ata xuño de 2012, unha tirada media de 30.000 exemplares, cun promedio de difusión de 25.800 exemplares. O diario con maior tirada en Galicia no citado período é *La Voz de Galicia*, acadando de promedio 100.864 exemplares diarios, e a súa difusión ata os 88.382 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 41.965 exemplares e unha difusión de 35.932 exemplares (**cadro 4.5.15.**).

No que respecta á lectura de prensa escrita, Galicia é unha das primeiras comunidades onde hai un maior porcentaxe de persoas que teñen o hábito de ler prensa diaria. Así, un 56,2% dos enquisados afirma ler prensa escrita todos ou case todos os días, sendo a segunda comunidade cun porcentaxe máis alto, tras Navarra, cun 56,3%.

– Artes musicais e escénicas.

O **cadro 4.5.17.** mostra a evolución, no período 2005-2011, do número de espectadores e a recadación obtida polas artes escénicas nas distintas Comunidades Autónomas. Neste senso, o comportamento destas variables non é homoxéneo, existindo Comunidades onde se incrementa tanto o número de espectadores como a recadación, outras onde descenden os

Produción editorial nas CC.AA. 2011-12: títulos

	Total		Libros títulos		Folletos	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Andalucía	10.712	8.903	9.828	8.281	884	622
Aragón	1.473	1.573	1.297	1.319	176	254
Asturias	923	1.019	798	867	125	152
Baleares	900	565	755	466	145	99
Canarias	876	748	808	678	68	70
Cantabria	524	470	438	412	86	58
Castela e León	2.374	2.432	2.022	2.071	352	361
Castela - A Mancha	1.064	870	911	747	153	123
Cataluña	20.324	18.767	17.992	16.341	2.332	2.426
C. Valenciana	4.211	3.677	3.714	3.275	497	402
Estremadura	540	794	485	732	55	62
Galicia	2.866	2.660	2.371	2.136	495	524
Madrid	23.443	22.858	21.883	19.154	1.560	3.704
Murcia	693	635	617	565	76	70
Navarra	809	1.187	755	1.100	54	87
País Vasco	2.197	2.247	1.836	1.856	361	391
Rioxa	249	231	212	190	37	41
Ceuta e Melilla	66	32	51	29	15	3
Total	74.244	69.668	66.773	60.219	7.471	9.449

Fonte: *INE*

4.5.14.

Tirada e difusión da prensa diaria 2012: cabeceiras controladas pola OJD

Medio	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	5.054	3.800
Diario de Pontevedra	7.870	6.806
Faro de Vigo	41.965	35.932
La Opinión A Coruña	6.993	5.329
El Progreso Lugo	17.313	14.598
La Voz de Galicia	100.864	88.382

(1) período controlado: xullo 2011 a xuño 2012

Fonte: *Oficina de Justificación de la Difusión*

4.5.15.

Audiencia da prensa dixital 2012 (1)

Medio	Visitantes únicos	Promedio diario
Laopinioncoruna.es	372.779	18.597
Galiciae.com (2)	273.411	18.096
Farodevigo.es	1.130.924	66.032
Elcorreogallego.es	441.598	24.794
Lavozdegalicia.es	4.628.481	250.988

(1) datos correspondentes ó mes de decembro e só para os medios auditados

(2) *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*

Fonte: *Oficina de Justificación de la Difusión*

4.5.16.

Espectadores e recadación nas artes escénicas nas CC.AA. 2005-11

	espectadores						recadación					
	2005			2011			2005			2011		
	obras teatrais	concertos música clásica e concertos música popular	xénero lírico e danza	obras teatrais	concertos música clásica e concertos música popular	xénero lírico e danza	obras teatrais	concertos música clásica e concertos música popular	xénero lírico e danza	obras teatrais	concertos música clásica e concertos música popular	xénero lírico e danza (1)
	(en miles)						(en miles de €)					
Andalucía	858	4.766	316	999	5.504	227	6.431	20.032	3.754	11.892	21.415	2.922
Aragón	885	1.450	183	844	1.616	139	1.995	8.375	958	3.626	9.297	539
Asturias	270	1.211	73	192	1.022	86	1.654	3.235	1.818	1.520	2.490	2.175
Baleares	206	870	27	133	731	19	1.483	3.857	1.102	2.279	4.761	480
Canarias	138	838	63	67	612	40	1.909	7.054	663	2.506	5.605	369
Cantabria	106	433	31	111	544	22	839	1.945	613	1.011	1.588	365
Castela - A Mancha	225	955	32	136	644	23	1.435	4.584	334	1.107	2.078	194
Castela e León	973	1.686	109	804	1.630	70	3.299	4.674	907	2.670	7.218	782
Cataluña	2.703	4.202	565	2.503	5.120	518	37.488	39.175	20.511	37.726	37.485	13.144
Comunidade Valenciana	1.436	2.700	182	1.399	2.504	121	7.855	11.048	1.559	9.231	11.546	1.172
Estremadura	145	497	20	110	297	12	1.053	1.477	151	505	2.028	90
Galicia	445	1.713	83	430	1.497	58	2.232	4.182	883	2.445	7.522	431
Madrid	3.535	4.050	660	3.679	5.138	505	76.154	39.976	17.802	94.139	44.785	15.990
Murcia	191	409	33	126	613	19	1.244	3.360	421	1.182	4.494	192
Navarra	259	593	61	158	446	39	1.441	3.919	757	1.750	3.314	327
País Vasco	864	2.283	202	888	2.161	243	13.533	12.963	3.788	9.020	15.056	4.285
A Rioxa	180	240	31	91	198	5	737	1.290	377	648	656	112
Ceuta e Melilla	7	24	1	15	45	1	62	200	14	63	120	1
Total	13.426	28.920	2.672	12.685	30.322	2.147	160.844	171.346	56.412	183.320	181.458	43.570

(1) os datos son de cada C.A. corresponden unicamente ós espectáculos de danza

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.17.

espectadores e a recadación obtida, e outras, como é o caso de Galicia, onde se produce un forte descenso do número de espectadores (11,4% menos en Galicia) e paralelamente increméntase a recadación obtida (42,5% máis no caso de Galicia).

A *Enquisa de hábitos culturais* (**cadro 4.5.10.**) amosa que no 2011 o grado medio de interese no teatro en Galicia acada 4,7 puntos nunha escala de 0 a 10, fronte a 5,1 puntos de media no Estado. No que respecta á frecuencia de asistencia, o 64,6% dos enquisados non asisten nunca ou case nunca a unha representación teatral, fronte ao 12,4% que asistiron ao menos unha vez no último ano.

En canto a oferta cultural, cabe destacar que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), xunto aos concellos e entidades privadas, xestiona tres importantes canles de distribución escénica e musical co obxecto de garantir a estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega por todo o territorio da comunidade. Estas tres canles de distribución son:

• A Rede Galega de Teatros e Auditorios.- Constituída en 1996 co obxectivo de impulsar a distribución dos espectáculos galegos, consolidouse nestes anos como o principal circuíto para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, á que trata de dotar de estabilidade na súa programación habitual.

• A Rede Galega de Salas.- Este circuíto iniciou a súa actividade en 2007, ofrecendo un catálogo de propostas con carácter multidisciplinar, e no que foron cobrando

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2012 (1)

	oíntes / día (en miles)
Ser	4.500
Onda Cero	2.343
RNE	1.675
COPE	1.668
Rac 1	640
Catalunya Radio	611
ABC Punto Radio	453
Canal Sur Radio	337
Radio Euskadi	177
EsRadio	170
Radio Galega	159
Euskadi Irratia	77
Radio 9	61

(1) datos do EGM febreiro-novembro 2012
Fonte: *AIMC*

4.5.18.

maior peso as novas tendencias escénicas e os espectáculos especialmente dirixidos ao público infantil e familiar. Na actualidade, integran a rede media ducia de salas de xestión privada de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

• A Rede Galega de Música ao Vivo iniciou a súa traxectoria en 2007 co obxectivo de atender de xeito específico as necesidades de difusión dos grupos e intérpretes musicais galegos, na que ten cabida unha gran variedade de estilos musicais, así como espectáculos escénicos de pequeno formato.

– Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio.

Os galegos mostrarían un grao de interese polo **cine**, nunha escala de 0 a 10, dun 6,1 sendo dita puntuación media a nivel nacional dun 6,4 (**cadro 4.5.10.**), situando así a Galicia como a sétima comunidade autónoma con menor grao de interese polo cine. No que atinxe á frecuencia da asistencia o cine, só un 36,5% dos entrevistados declararían ter asistido ao cine no último ano, sendo a media nacional dun 49,1%. Así mesmo, os galegos que asistiron ao cine no 2011 fixérono con escasa frecuencia. Os datos de espectadores reflicten que a asistencia media por habitante é de 1,4 veces sobre unha media de 2,1.

En relación á oferta, Galicia conta con 182 salas de exhibición, 85 na Coruña, 62 en Pontevedra, 23 en Lugo, e 12 en Ourense. Isto supón 6,5 salas de exposición por cada 100.000 habitantes, lonxe das 8,6 salas de media por cada 100.000 habitantes no Estado.

No que atinxe á produción cinematográfica realizada na nosa comunidade, cómpre sinalar que Galicia pasou de ter no ano 2000 2 empresas produtoras de cine, o que representaba un 2,2% do total das existentes en España, a contar con 13 no ano 2011, o que supón xa o 5% do conxunto de empresas produtoras de cine sitas no territorio español.

No ranking de emisoras de **radio** xeralista do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega sitúase no undécimo posto, con 159.000 oíntes por día, ascendendo ao oitavo posto no ranking de emisoras autonómicas (**cadros 4.5.18.** e **4.5.19.**).

Ranking de emisoras de radio autonómicas no EGM 2012 (1)

	oíntes / día (en miles)	oíntes / total (%)
RAC 1	766	3,0
Catalunya Radio	694	2,7
Canal Sur Radio	371	1,4
Canal Fiesta	318	1,2
RAC 105	304	1,2
Radio Euskadi	195	0,8
Catalunya Informació	195	0,8
Radio Galega	159	0,6
Euskadi Gaztea	121	0,5
Euskadi Irratia	96	0,4
Radio Voz	53	0,2
Radio 9	44	0,2
Cataluña Música	37	0,1
Aragón ¨Radio	32	0,1
Radio Castilla-La Mancha	30	0,1
Canarias Radio	19	0,1
Radio Andalucía	16	0,1
Radio Vitoria	15	0,1
Radio Galega Música	13	0,1
Onda Madrid	9	-

(1) outubro-novembro 2012
Fonte: *AIMC*

4.5.19.

Ranking de cadenas de TV no EGM 2012 (1)

	share (%)
Resto Temáticas	20,2
Tele5	17,9
La1	17,6
Antena 3	14,6
Cuatro	5,3
Temáticas de pago	4,8
La Sexta	4,7
Canal Sur	3,6
TV3	2,0
La 2	1,8
Canal 9	1,0
Telemadrid	0,9
TVG	0,9
Etb2	0,5
Local	0,5
CMT	0,5
TvCan	0,4
Resto TV	0,5
Aragón TV	0,4
A7 Tpa	0,2
Autonómicas intern.	0,1
Canal Sur 2	0,1
Etb1	0,1
Canal Extremadura	0,1
CylTV	0,1
Ib3	0,1
TVG2	0,1
33	0,1
Super3/3XL	0,1
La 8	0,1
La Otra	0,1

(1) datos do EGM febreiro-novembro 2012
Fonte: *AIMC*

4.5.20.

No que respecta ás cadeas de **televisión**, a TVG sitúase no posto décimo terceiro da clasificación do EGM, cunha cota de *share* do 0,9% (**cadro 4.5.20.**)